

foz

Acordo coa Ribeira para traballar polas infraestruturas portuarias. **Páx. 5**

ribadeo

Invisten 315.000 euros para mellorar as vías de Ribadeo. **Páx. 9**

burela

Sociedade Cultural Ledicia, 50 anos compartindo momentos. **Páx. 11**

viveiro

Slipknot e Judas Priest estarán no cartel do Resurrection Fest 2025. **Páx. 13**

deportes

O filial feminino do Burela gaña ao Ribeira a Copa Deputación. **Páx. 30**

Queixas na Mariña pola falta de cardiólogos



O Comité de Alcoa pide máis información

Mantiveron unha reunión para coñecer os datos do preacordo de venda con Ignis. **Páx. 2**

A Deputación presenta o seu orzamento

Tomé asegura que este ano crecerá ata os 130 millóns de euros, un 12 % máis. **Páx. 27**

A Subela de Foz



Cumpre 26 anos e mantén citas como o Festival Aires do Masma. **Páx. 6**

Trabada paso a paso



A asociación fundouse no 2018 e suma xa 36 socios. **Páx. 23**

Club Altrúan de Ribadeo



Levan formando piragüistas dende o ano 1982. **Páx. 30**

O atleta Jesús López Ares, unha vida á carreira

Forma parte do Club de Atletismo de Ribadeo e vén de participar no Frankfurt Marathon. **Páx. 31**



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos
- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Cursos y Certificados

GRUPO FORMAT
formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05

A MARIÑA

A Deputación inviste en novas actuacións e melloras en 3 concellos

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou este venres novos investimentos cos concellos da Pontenova, Taboada, Foz e Viveiro para desenvolver diferentes actuacións que contribúan a mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas da provincia.

Por unha banda, a institución provincial achegará algo máis de 122.000 euros á Pontenova para desenvolver dous proxectos. O Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, informou que “desta cantidade preto de 65.000 euros van destinados ao acondicionamento e creación dun novo anexo no único parque infantil deste municipio, situado na praza dos Fornos”. O proxecto inclúe a substitución do pavimento de caucho, así como os xogos deteriorados polo paso do tempo, o uso e a climatoloxía. Ademais, tamén está prevista a construción dunha cuberta de pizarra na que se instalarán canlóns de aluminio. “Coa posta en marcha deste espazo e o correspondente arranxo do parque actual continuamos mellorando e dotando de novos servizos ao rural da nosa provincia. Deste xeito, os nenos e nenas da Pontenova e tamén as súas familias poderán desfrutar dunhas instalacións de calidade, cómodas e seguras”, avanzou Pablo Rivera.

O acordo de colaboración tamén inclúe algo máis de 57.000 euros para realizar obras de acondicionamen-

to e mellora en camiños municipais do núcleo de Souto de Mogos, situado na parroquia de Conforto. Esta actuación reforzará o firme existente mediante a pavimentación con aglomerado en quente “mellorando así a accesibilidade e a mobilidade da veciñanza da zona, na que tamén se atopan varias parcelas de uso agrícola que se verán directamente beneficiadas”.

O Concello de Foz recibirá unha achega de 105.000 euros para renovar o firme e realizar o repintado completo das rúas Alfonso X e Alfredo Brañas. Pablo Rivera sinalou que “esta actuación, que financiamos na súa totalidade desde a Deputación de Lugo, encaixa plenamente co modelo de Concello que se impulsa desde o Goberno local: un Foz moderno, seguro e pensado para o benestar da súa xente. Con esta iniciativa, non só melloramos a mobilidade e a seguridade viaria, senón que reforzamos o atractivo da vila para quen a visita, contribuíndo a dinamizar a vida social e económica do municipio”.

Por último, en materia de convenios aprobouse destinar ao Concello de Viveiro preto de 82.000 euros para colaborar coa montaxe do Belén Xigante. Rivera Capón fixo referencia a importancia desta iniciativa como “reclamo turístico na comarca mariñá, pois son máis de 25.000 as persoas que a visitan cada ano o que repercute de xeito directo na economía da zona”.

PLANS CON CORAZÓN



Os Obradoiros e os Plans con Corazón da Mancomunidade de Concellos da Mariña celebraron diferentes propostas en Mondoñedo, Oroul, A Pontenova, Viveiro e Riotorto, entre elas un obradoiro de Kintsugi, outro de Rakú así como rutas polos cemiterios indianos de Oroul, con Noela Feal, e a ruta Forxados a lume da man de Ana Pena. Completouse o programa coa ruta Cando a biodiversidade se fai dona do patrimonio industrial, con Boris Vilar, en Viveiro, e a realizada por Ana Pena, *As bondades da natureza*.

O Comité de Alcoa esixe convocar xa a reunión de seguimento

O Comité de empresa e Alcoa mantiveron unha reunión informativa do preacordo Alcoa-Ignis, solicitada pola propia Alcoa. Nela presentáronlles de forma telemática ao potencial socio Ignis, a través do seu CEO. Neste reunión, afirman, non se ampliou a información dada nas reunións en planta a todos os traballadoras. “Alcoa presentou unha proposta, unha especie de plan dunha diapositiva no que dicía que intentaría chegar a ter algo a finais do 2028”, expresa José Antonio Zan, presidente do comité.

Alcoa propón aportar cen millóns de euros de fluxo de caixa de forma inmediata (75 millóns de Alcoa e 25 millóns con fondos de Ignis), e coa aportación adicional de ata 120 millóns de Alcoa. Tamén a continuidade da produción na planta de alumina; o arranque dun mínimo do 75% das cubas no 2025; restablecer o fondo de garantía a partir do ano 2028, sempre e cando se dean as condicións previstas; corrección da situación de empresa en crise para poder optar a axudas das administracións; e confirma que ten aprobado o proxecto e os fondos para a cota 104 do BDR. Sobre isto valorou o presidente do Comité: “Despois din que poñen 100 millóns novos, xa non sabe-



mos cal é o novo e cal é o vello. Temos un acordo firmado que dura ata o ano 2028 que ten un forno de cocción de ánodos, unha seguridade de postos laborais e unha seguridade para todas as empresas”. Reiteran que dende o Comité lles esixiron que cumpriran co acordo de viabilidade e que “dunha vez por todas” convoquen unha reunión de seguimento, “que incumpriron no trimestre pasado e están incumprindo neste trimestre”. Ante isto, aseguran, Alcoa non contestou. Tamén solicitaron ao Goberno e á Xunta que a convoquen e unha reunión interna porque critican: “Non entendemos como pode chegar a acordos ou semi acordos con Alcoa sen tan sequera falar con nós”.

ADEGA. Por outra banda, Adega informou que o pasado 11 de outubro a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental concedeu unha DIA (Declaración de Impacto Ambiental) favorable para o proxecto de Alúmina Española S.A. de recrecer a balsa mineira de lamas vermellas dende a cota 100 á 104. En apenas 4 meses e con só 17 páxinas, a administración ambiental resolveu autorizar un proxecto que atinxe á instalación mineira de maior risco de Galicia, “deixando sen resolver importantes cuestións relativas á seguridade e efectos na saúde dos refugallo alí almacenados, e demorando aínda máis a aprobación dun plano de peche e restauración obrigatorio por lei”, explican.

A Deputación destina 25.000 euros ao fomento do turismo sostible

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, e a presidenta da Mancomunidade de Municipios da Mariña, Rocío López, asinaron no Pazo de San Marcos un convenio de colaboración por importe de 25.000 euros que permitirá reforzar a promoción da costa lucense e consolidar unha oferta diversificada ao longo de todo o ano. “Esta colaboración, que ten un carácter anual, pretende axudar a este xeodestino a dinamizarse economicamente cunha proposta de turismo sustentable”, valorou o mandatario provincial, para quen “a nosa costa é unha xoia e hai que desfrutala e conservala”.

Explicou que grazas a esta achega económica realizáronse actividades como as Audioguías Ficcionalas ou as Rutas de Artesanía, dúas iniciativas con moi boa acollida e que precisamente o carácter deste convenio é “aportar diversificación e deses-



tionalización para que o turismo deste territorio teña menos impacto e sexa máis sostible”. Un modelo de turismo que, en palabras de José Tomé, “é polo que apostamos tamén na propia Deputación. O turismo no que cremos e que fomentamos a través de diferentes iniciativas como esta é un turismo de proximidade, de experiencias, de calidade e sostible”.

A través deste convenio, A Mariña poderá continuar apostando por actividades como a que se desenvolveu baixo o título de *A Mariña, Planes con corazón*. Unha iniciativa que consiste nun programa de rutas guiadas a pé polos 16 concellos que conforman o territorio desfrutando do entorno natural, a historia, etnografía, a gastronomía e a artesanía local.

O BNG leva ao Parlamento a situación do servizo de Cardioloxía na Mariña

Dende o BNG A Mariña afirman que o servizo de Cardioloxía do Hospital de Burela leva tempo baixo mínimos, xa que desde o mes de febreiro conta soamente con 1 profesional dun total de 3, é dicir: “que toda a poboación mariñá tiña unicamente un só cardiólogo na súa sanidade pública”.

Mais, por se isto fose pouco, indican, no mes de outubro o Hospital estivo xa tres días, o 23, o 24 e o 25, sen ningún profesional de Cardioloxía, “algo inaudito e inadmisíbel: unha poboación de 70.000 habitantes como é a comarca de A Mariña sen ningún cardiólogo ou cardióloga no Hospital de Burela” manifestou o deputado mariñao do BNG Daniel Castro, que ante esta situación e as continuas demandas de mariñás e mariñaos ao respecto, leva esta si-

tuación ao Parlamento.

Castro explica tamén que esta situación de extrema gravidade pode verse incrementada a partir do próximo 28 de novembro, xa que desde ese día e polo menos até o 13 de xaneiro este servizo estará pechado pola ausencia do único especialista que soporta a demanda de esta especialidade na Mariña.

CONSECUENCIAS. Esta situación denunciada polo BNG trae consigo unha serie de consecuencias para todos e todas: “A primeira e a máis obvia é que con un só cardiólogo é imposible atender a consulta diaria, alén de que o Hospital da Mariña non asume ingresos de pacientes de Cardioloxía”.

Manifestan desde o BNG que a cuestión aínda se volve máis grave dado

que os e as pacientes de Cardioloxía que precisan ingreso son trasladados ao HULA, “a onde chegan sen cama asignada, o que fai que teñan que acceder por Urxencias”. E seguindo nesa escala de gravidade hai que ter en conta tamén que os e as pacientes con episodio cardiovascular agudo que acoden a Hemodinámica do HULA por precisar dun cateterismo, non poden volver ao Hospital da Mariña, tendo que quedar ingresados en Lugo por falta de especialistas.

E por último, calquera doente que entre por Urxencias e precise de probas cardiolóxicas será citado ou citada para a realización das mesmas no HULA, un feito que demorará o seu diagnóstico e o que provocará un aumento das listas de agarda, unhas listas que xa de por si teñen unhas esperas altísimas.

Toda esta situación, afirman, afectará a calquera mariñán ou mariñá debido a que a ambulancia medicalizada que hai na comarca asume os traslados de Cardioloxía ao HULA, deixando así á comarca sen a única ambulancia que permite prestar asistencia sanitaria in situ a pacientes críticos, no menor tempo posible, con persoal especializado e cos elementos necesarios para a realización de manobras de soporte vital avanzado.

“Todo o dito vén a demostrar unha vez máis que os servizos no Hospital empeoraron debido á nefasta xestión do Partido Popular, e por iso imos instar á Xunta de Galiza a que coa maior urxencia e inmediatez se lle asignen ao Hospital da Mariña os profesionais do servizo de Cardioloxía que lle corresponden”, dixo.

Barreiros e Ribadeo organizan un novo obradoiro de emprego dual

Os concellos de Barreiros e Ribadeo organizan conxuntamente un novo obradoiro de emprego dual denominado “Constrúe en Verde”, unha oportunidade de formación e traballo dirixida a 20 persoas maiores de 18 anos.

Durante nove meses, as persoas participantes desenvolverán competencias en dúas especialidades: Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción; e limpeza en espazos abertos e industriais, mobiliario, locais e xestión de residuos urbanos e industriais.

As persoas interesadas en formar parte do alumnado deste obradoiro deberán inscribirse na oficina pública de emprego de Ribadeo antes do 20 de novembro. Para o desenvolvemento destes obradoiros tamén se procederá á contratación de persoal docente e administrativo.

Melloran 51 paradas de autobús en quince estradas autonómicas

A Xunta está a mellorar a seguridade e a accesibilidade de 51 paradas de autobús situadas en 15 estradas autonómicas ao paso por 10 concellos de Lugo, cun investimento de máis de 1,8 millóns de euros.

Estase a intervir en 30 paradas en Lugo, 5 en Xove, 4 en Castro de Rei, 2 en Riotorto, Outeiro de Rei, O Vicedo, Cospeito e Begonte, e 1 en Abadín e Meira respectivamente. Lembrou que estas actuacións se enmarcan no programa da Xunta para acondicionar máis de 1.100 paradas de autobús interurbano en estradas

autonómicas en Galicia, cun investimento global de máis de 35 millóns de euros.

En relación á estrada Lugo-Portomarín (LU-612), apuntou que o Goberno galego executou unha senda nos primeiros 1,9 quilómetros, para a que se mobilizou un investimento de máis de 500.000 euros. Esta actuación uniu Piúgos coa estrada vella de Santiago e polo tanto con Lugo, a través dun novo itinerario peonil seguro para os peóns, separado da calzada.

Ademais o director fixo fincapé en



que a Xunta leva anos traballando na mellora da seguridade do Camiño de Santiago na súa confluencia con tramos de estradas de titularidade autonómica.

Precisou que se levou a cabo unha estratexia pola que se executaron 109 actuacións entre 2021 e 2023 anos por un importe de 3,21 millóns de euros, a maiores das sendas do Plan de Sendas de Galicia.

APNED E COGAMI



A Deputación de Lugo reafirma o seu compromiso coa inclusión social e o apoio aos colectivos con diversidade funcional a través dun novo convenio de colaboración con APNED, a Asociación de Pais e Nais de Nenos con Discapacidade da Mariña de Lugo. A institución provincial destina unha achega de 10.000 euros que permitirá reforzar o servizo ambulatorio que a entidade ofrece a nenos e adolescentes con discapacidade na comarca da costa. Tamén renovou o convenio con Cogami cunha achega de 7.000 euros.

XVII FEIRA

de antigüidades e artesanía

VIII XUNTANZA DE VESPAS, MOTOS E COCHES CLÁSICOS

a pontenova

6.7.8

VENRES · SÁBADO · DOMINGO

DECEMBRO 2024

de 11.00 h. - 14.00 h. ; 16.00 h. - 21.00 h.
e ata as 20.00 h. o domingo

DEMOSTRACIONS DE :

FORXA DE FERRO · PINTURA · CESTERÍA DE MIMBRE · COIRO ·
TORNO DE MADEIRA · XOIAS · LÁMPADAS DE CABAZA · CANTARÍA

EXPOSICION DE PINTORES DA PONTENOVA








A problemática da vivenda de alugueiro na Mariña centra o foro de análise da FCAM



A regulación, ordenación e harmonización entre concellos e Xunta foron algunhas das propostas tratadas no foro de análise da FCAM no que se abordou a problemática para topar vivendas de aluguer na Mariña. A crecente demanda de vivendas para aluguer na comarca da Mariña, sumada ao incremento das vivendas de uso turístico (VUT), está a xerar unha situación preocupante tanto para residentes como para traballadores que se queren asentar na zona. Con máis de 2.500 vivendas destinadas ao uso turístico, o número de prazas dispoñibles supera amplamente a oferta hoteleira tradicional, provocando unha presión significativa sobre os prezos dos alugueres.

Concellos como Foz, Barreiros e Viveiro son algúns dos máis afectados pola proliferación das VUT, con 667, 524 e 462 vivendas deste tipo, respectivamente. Segundo Carmen Cruzado, presidenta da Federación de Comercio da Mariña (FCAM), esta situación está a xerar unha competencia desleal para o sector hoteleiro, xa que as normativas e os controis sobre as VUT son me-

nos estritos que os que rexeñen hoteis e pensións. Ademais, Cruzado destacou a dificultade que teñen os traballadores de sectores como a hostalería, o comercio ou a sanidade para atopar vivenda durante todo o ano.

Néstor Sordo, responsable dunha inmobiliaria, corroborou esta problemática afirmando que cada vez que se oferta un piso en aluguer, a demanda é tan alta que reciben unha media de 30 chamadas interesadas. A solución, segundo Sordo, pasa pola colaboración público-privada para facilitar o acceso á vivenda. Nesta mesma liña, Joaquín López, xerente do hotel O Cabazo, considera urxente revisar e adaptar a normativa das VUT para evitar que o seu crecemento descontrolado continúe a afectar ao mercado inmobiliario.

Fran Cajoto, alcalde de Foz, tamén insistiu na necesidade de atopar un equilibrio entre a oferta de vivenda pública e a regulación das VUT, facendo fincapé na colaboración entre a Xunta e os concellos, así como na posible implementación dunha taxa turística.

Arranca a iniciativa do comercio a favor do medio ambiente

No seu compromiso por promover a sustentabilidade e concienciar sobre o impacto ambiental na comunidade, o Concello de Foz puxo en marcha a iniciativa Comercio que deixa pegada, unha experiencia innovadora que calculará a pegada de carbono dos comercios locais dentro do proxecto FOZLAB30 en colaboración coa Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) de Lugo e a ACIA (Asociación de Comerciantes, Industriais e Autónomos) de Foz.

O concelleiro de Relacións Institucionais, Carlos García, está á fronte desta primeira iniciativa que pretende dar un valor engadido ao comercio focense en base ao compromiso ambiental: "a iniciativa arrinca nunha primeira fase cunha mostra de establecementos de referencia da nosa localidade e imos ir ampliando progresivamente a rede e despregando novos niveis de acción buscando compensar parte das emisións do municipio". A primeira xuntanza, que se celebrou no CENIMA, contou coa pre-



senza de representantes do Concello, a ACIA, a UNED, que valoraron moi positivamente os primeiros pasos desta iniciativa. Destacouse a importancia de calcular a pegada de carbono como unha ferramenta esencial hoxe en día para identificar as áreas nas que os comercios poden mellorar o seu impacto ambiental.

Este cálculo permitirá aos negocios tomar medidas que contribúan á redución de emisións, un aforro

enerxético, á vez que promoven unha cultura de sustentabilidade e respecto polo medio ambiente, un factor cada día máis valorado polos clientes. "Esta innovadora iniciativa é unha mostra de que, mediante a educación e a cooperación, podemos afrontar xuntos importantes desafíos que cada día máis veciños nos demandan, estamos moi satisfeitos da primeira experiencia e imos ir a máis", sinalou Francisco Cajoto, alcalde do Concello de Foz.

O Concello focense executa diferentes obras nas zonas rurais

O Concello de Foz está a executar obras de mellora no barrio de Forxán, na parroquia de San Martiño. Estes traballos, orzamentados en 27.310 euros, están financiados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) nun 62 por cento, o Concello de Foz nun 17,4 %, a Xunta de Galicia nun 14,5 % e o Ministerio de Agricultura nun 6,2 por cento.

O camiño de acceso ao núcleo das Viñas, desde a intersección do taller de Hermanos Villarino recibirá un novo firme con aglomerado en quente. O resto dos camiños, no entorno de Talleres Armando e no vial paralelo á vía, serán tratados cunha dobre rega asfáltica. Ademais limpanse cunetas e foxos en todos eles, mellorando a drenaxe dos mesmos. "Seguimos investindo na adecuación da rede viaria do noso concello", afirma o rexedor.

Tamén está a executar obras en tres camiños do barrio de Mañente, na parroquia de Vilaronte. As obras, orzamentadas en algo máis de 50.000 euros, están financiadas



polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) nun 62 por cento, o Concello de Foz nun 17,4 %, a Xunta de Galicia nun 14,5 % e o Ministerio de Agricultura nun 6,2 por cento. "Estamos mellorando o acceso á praia de Fondás, así como dous viais que conectan a estrada N642 co núcleo de Mañente e que estaban en moi mal estado de conservación, no entorno dos invernadoiros", explica.

Finalmente, o Concello iniciou os traballos de arranxo de camiños nas

parroquias de San Martiño e Santa Cilla, con cargo ao Plan de Rehabilitación de Camiños de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria 2023-2024. As obras, orzamentadas en 97.500 euros, están financiadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) nun 62 por cento, o Concello de Foz nun 17,4 %, a Xunta de Galicia nun 14,5 % e o Ministerio de Agricultura nun 6,2 %. O alcalde explica que "as obras consisten na limpeza de cunetas e foxos e na mellora do firme".

NOVA SEDE DO PP



O PP de Foz inaugurou a súa nova sede, na rúa Álvaro Cunqueiro, unha nova etapa que "comezamos con moita ilusión e que, como as anteriores, ten as portas abertas a toda a veciñanza de Foz". Javier Castiñeira explicou que foi "un día moi especial, despois de tantos anos na sede da Avenida da Mariña". "Agora achegámonos un pouco máis ao corazón de Foz, máis preto da casa do Concello", sinalou.

Acordo coa Ribeira para traballar polas infraestruturas portuarias

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, e o concelleiro Ángel Fernández reuníronse con Alberto Burundarena, presidente da asociación A Ribeira, e outros membros do colectivo na que acordaron traballar man a man polas infraestruturas portuarias do Concello.

Fran Cajoto destaca que “a asociación A Ribeira leva facendo un traballo inxente desde o ano 2015: reivindicando melloras nas infraestruturas portuarias de Foz, pero tamén impulsando dunha maneira definitiva a relevancia da pesca deportiva, como organizadora das quedadas de pesca e das xornadas de pesca con señuelo que se veñen celebrando na nosa vila desde hai máis de cinco anos. Desde que entramos no goberno vimos reclamando a Portos de Galicia a mellora

das instalacións portuarias. Falamos do acondicionamento da explanada portuaria, da mellora das condicións e aumento de amarres en Porto Chico e da recuperación do calado cunhas dragaxes que son moi urxentes”.

O alcalde explica que “a asociación A Ribeira preguntounos polas xestións feitas desde o Concello para axilizar a aprobación ambiental polo Ministerio de Transición Ecolóxica do estudo de impacto do proxecto de dragaxe plurianual, de 1,13 millóns de euros, que ten publicado Portos de Galicia. Agardamos que haxa boas novas en próximas datas e así llo trasladamos, despois das conversas que puidemos manter co Servizo Provincial de Costas e do apoio do Delegado do Goberno, co que nos reunimos recentemente. A

Ribeira demandounos de novo axuda con este trámite e tamén unha carta de apoio ao proxecto de dragaxe. Comprometémonos con eles e mandaremos un escrito a Portos de Galicia, para que canto antes liciten a obra, unha vez superados os trámites ambientais. Preocúpanos que se retrase porque non aparece partida específica no Proxecto de Lei dos Orzamentos para o 2025 aprobado pola Xunta o pasado 17 de outubro”.

Máis retraso leva o proxecto de ampliación de Porto Chico, unha iniciativa da Asociación A Ribeira pola que leva loitando moitos anos e que o equipo de goberno apoiou antes incluso de chegar á Alcaldía. “Somos coñecedores de que se está a traballar nun anteprojecto. Este ano 2024 incluíase unha partida



nos orzamentos da Xunta de unicamente 25.000 euros, que se repite nos orzamentos do 2025. Solicitamos unha reunión á presidencia de Portos de Galicia para coñecer o avance do documento xa en marzo do 2023 e aínda non fomos convocados. Iremos solicitala de novo, para aportar de forma construtiva na fase de redacción, traballar de forma conxunta e evitar erros que

dean lugar a reclamacións ou alegacións. Xa é hora de que o Porto Chico sexa útil para as embarcacións, se resolvan os problemas de oleaxe e correntes dentro do porto e se melloren os amarres en calidade e cantidade. Coas condicións que ten Foz dispoñer duns portos en condicións vaille a dar un impulso definitivo á náutica na nosa vila”, remata Fran Cajoto.

A aula focense da UNED ofrece varios cursos e unha exposición

A concelleira da Aula Universitaria da UNED Foz, Elena Martínez Pena, e a coordinadora da mesma, Marta Muiña Rodríguez, veñen de presentar a programación para este mes de novembro, que inclúe unha exposición e catro cursos, para os que xa está aberta a inscrición.

Para comezar propoñen participar nun curso de organización e orde, Organización de espazos para mellorar a túa vida, impartido por Alba Caamaño Fernández. Muiña apunta que “é a docente idónea para unha formación deste tipo, xa que é a presidenta da AOPE (Asociación de Organizadores Profesionais de Espa-

ña) e conta cunha ampla experiencia neste ámbito de traballo”. Levarase a cabo os luns de 18.00 a 20.00 horas dende hoxe, día 4 de novembro, ata o 13 de xaneiro.

Nestas datas a mesma docente, tamén mentora de negocios e especialista en procesos, estratexia e vendas, impartirá ademais o curso Crea o teu negocio dixital e consegue novos clientes. Será os luns de 16.00 a 18.00 horas, e ten como fin dar a coñecer os negocios dixitais e aprender a crealos cun paso a paso moi claro. A concelleira expón que “é unha gran oportunidade para aquelas persoas que pensen en empre-

nder e isto pode repercutir positivamente nos servizos cos que conta a noso pobo”.

Buscando continuar a liña formativa do curso pasado, ofrecen de novo unha formación sobre Educación respectuosa, da man de Olaia Otero Cao, mestra de Educación Infantil. Impartirase do 7 ao 21 de novembro, os xoves de 16.00 a 19.30 horas. “Esta actividade combina a ensinanza de coñecementos teóricos e prácticos, incluíndo discusións participativas e actividades que permitirán aplicar o aprendido na vida diaria. Vai dirixida a familias e educadores”, explica a coordinadora.



Como xa vén sendo habitual, de novo a Aula Universitaria da UNED de Foz pon a disposición dos futuros opositores unha formación sobre Preguntas básicas de Constitución Española. As clases terán lugar do 25 de novembro ao 3 de decembro de 16.00 a 20.00 horas. “É de recibo contar con formacións demandadas

pola veciñanza e os resultados saltan á vista cando as propostas suman varias edicións ás costas. Se algo funciona e se precisa debemos traballar arreo para ofrecelo”, indica a concelleira.

Ademais durante todo o mes poderá visitarse a exposición Mulleres de onte e hoxe no CENIMA.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA
www.ocioengalicia.com

O Concello organiza un ciclo de charlas médicas

O Concello de Foz organiza un ciclo de charlas médicas que se celebrarán os mércores 13, 20 e 27 de novembro ás 20.00 horas no salón de actos da Casa da Cultura.

A concelleira de Sanidade, Comercio e Turismo, Kathy Navarro, anuncia: "O mércores día 13 contaremos con Paloma Dorado López e Marina Bustelo Fernández, pediatras do Hospital Público da Mariña, nunha charla na que abordarán a actualización en vacinación infantil. O mércores día 20 a farmacéutica do Hospital da Mariña, Lucía Grandío Leivas, achega a charla titulada 'Antibióticos, por que non sempre?'".

E rematarán as charlas médicas o mércores día 27 con Alba Doporto Fernández, neuróloga do Hospital Público da Mariña, que falará das Enfermidades neurolóxicas asociadas a idade. O Concello de Foz agradece a colaboración do Hospital Público da Mariña que "fai posible que ano tras ano se celebren estas charlas nas que se acerca o coñecemento e o traballo dos seus profesionais á poboación".

O Feitizo está inmerso no novo curso con obradoiros de baile galego e de percusión

A agrupación O Feitizo de Foz está inmersa no comezo deste novo curso para seguir promocionando a nosa cultura e a música tradicional. Deste xeito, dende a formación poñen en marcha obradoiros de baile galego, percusión, gaita, pandeireta, tamborada normanda e batuka. Os interesados poden poñerse en contacto co grupo a través do 649 905 842.

Ademais, xa están a preparar novidades de cara aos vindeiros meses. A agrupación ten como idea organizar un musical de Nadal para a cativada de todo o concello. Así animan a nenos e nenas de 3 a 10 anos a formar parte desta iniciativa.

O colectivo focego conta cunha ampla e consolidada traxectoria dende o ano 1978 cando botou a andar. A súa actividade estivo vinculada ás artes plásticas, ao baile ou á música entre outras propostas da man das distintas xeracións que pasaron por ela ao longo das décadas. Os seus membros, nos que se encontran distintos grupos de idade, tamén viaxaron por distintos puntos de Galicia para participar en distintas propostas culturais.

"Queremos organizar uns Cantos de Taberna e contar con grupos da comarca"

A Subela de Foz cumpre 26 anos e mantén citas consolidadas como o Festival Aires do Masma

Lucía Blanco

A Asociación Folclórica e Cultural A Subela leva dende o 1998 apostando pola nosa tradición despois de que un grupo de focegos se animara a dar o paso e constituír o grupo co obxectivo de "conservar e difundir o folclore galego en todas as súas manifestacións tanto en baile como en canto como en música", lembra Cris, vogal do colectivo. O propio nome xa deixa claro a filosofía da entidade. "A subela é un instrumento que emprega un carpinteiro para furar o coiro, a goma ou a madeira e que se usaba na fabricación das pandeiretas".

Dende os seus inicios, loitan por promover festivais folclóricos, recuperar músicas, cantos e bailes tradicionais xa esquecidos, impartir cursos e, en xeral, espallar a nosa cultura. Actualmente, uns 35 membros, entre músicos e bailadores, forman parte desta agrupación que non entende de xeracións, pois o Subeleiro máis pequeno ten apenas 5 anos e o máis veterano, 60. "Aínda que é certo que nos gustaría ter máis volume de nenos bailando e tocando, por agora temos moi bo relevo e esperamos que vaia medrando e que sigamos aumentando a familia".

Entre as súas citas máis consolidadas, manteñen o Festival de Nadal A Subela, que será o 21 de decembro, e o Festival Aires do Masma, que celebran ao final de cada curso, no mes de xullo. Este ano iniciaron tamén un grupo sénior que, máis aló de aprender o baile, están

a preparar uns cantos de taberna. "Andamos a voltas con eles e temos como obxectivo establecer unha cita fixa, pero hai que matizar os detalles e darlle vida á proposta, aínda que esperamos sacala adiante, poder contar con grupos da comarca e facer unha edición aquí para todos".

Propoñerse organizar eventos deste tipo non resulta nada sinxelo. "Como calquera outra actividade que te propós facer ten o seu traballo previo, que non se ve e que moitas veces non se valora. Nos festivais, por exemplo, hai que buscar grupos convidados e patrocinadores para poder facerlle fronte economicamente aos gastos e leva un tempo. Non é fácil, pero cando ves o resultado queda un satisfeito e daste de conta de que todo o esforzo mereceu a pena", asegura. A resposta dos que asisten sempre deixa bo sabor de boca e anima a seguir traballando a favor destas iniciativas.

PÚBLICO FIEL. "Sempre nos acollen moi ben nos dous festivais, gústalles vernos bailar e escoitar a nosa música. No do Aires do Masma tamén entra en xogo que se fai nun espazo aberto, na praza Conde Fontao, e en pleno verán, pero sempre temos moi boa resposta e un público moi fiel que se agradece". Ademais, acumulan actuacións noutras celebracións como son o Festival do Emigrante de Vilaronte, as Festas do San Lourenzo e do Carme ou as patronais de



Santiago de Fazouro, entre outras. "Todas son especiais, moitas por tradición, porque son ineludibles e xa as temos marcadas e imos ano tras ano. No caso dos nosos festivais tamén temos o plus de que estamos pendentes de que todo saia ben e estea ben organizado".

O repertorio escólleno os mestres. "Tanto o de baile como o de gaita e percusión. Póñense de acordo nas pezas a tocar e bailar". Esixe, polo tanto, un compromiso por parte de todos os membros, que ensaian cada semana. "Ás veces nas semanas previas dos festivais tamén se fai algún ensaio extra para perfeccionar aquelas pezas que poidan estar máis verdes", di. Pero formar parte dunha asociación como A Subela non é so tocar ou bailar. "Os mestres fan un gran traballo de divulgación cando

queren recuperar unha peza. Buscan toda a historia ou achéganse ata unha aldea para encontrarse cos maiores e que lle canten aquela canción que interpretaban cando ían as faenas do campo. Ese traballo de divulgación existe e penso que non se valora o suficiente".

Ademais de dinamizar a vida do pobo e conservar as tradicións e a propia historia da vila, Cris fai especial fincapé en toda a herdanza que o tecido asociativo logra manter viva. "Non nos damos conta da bagaxe que hai que ir recuperando para non perdela, é unha gran riqueza. Pouco a pouco e co traballo dos grupos e dos que estamos metidos nisto intentaremos ir sacando todo o noso folclore e que a xente saiba apreciálo como verdadeiramente se merece".

Reúnense en Foz para abordar os desprendementos na costa

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, mantivo unha reunión de traballo en Foz con varios representantes institucionais, entre eles o delegado do Goberno, Pedro Blanco, e a subdelegada, Isabel Rodríguez, para abordar os problemas de desprendementos na costa. A xuntanza contou tamén coa presenza de Luis Palacios, xerente da Área de Mantemento de Ourense e P.D. Noroeste de ADIF, e José Miguel Estevan Dols, Xefe do Servizo Provincial de Costas.

Cajoto agradeceu a atención á súa petición para organizar unha reunión de coordinación entre as distintas administracións, coa finalidade de buscar solucións aos



desprendementos na praia de Arealonga, que en marzo deste ano obrigaron a desviar o paseo marítimo e puxeron en risco a vía

do ferrocarril. ADIF realizou sondaxes xeotécnicas na zona para analizar o terreo, e agora cómpre desenvolver unha

solución para garantir a seguridade da vía férrea.

Outro tema abordado foi o estado do paseo marítimo na cala de San Pedro, en Cangas. As sondaxes xeotécnicas recentemente finalizadas permitirán redactar un proxecto construtivo que asegure o paso peonil de forma segura, xa que actualmente os peóns están obrigados a desviar o seu camiño por unha estrada nacional con alto tráfico.

Ademais, o alcalde aproveitou para expor a ADIF a necesidade de mellorar o mantemento das cinco estacións e apeadoiros de Foz, que presentan problemas de limpeza, iluminación e accesibilidade. En particular, mencionou a falta de conexión peonil segun coa estación de Foz e propuxo a construción dun paso inferior baixo a estrada nacional para facilitar o acceso e facer a estación máis atractiva para os usuarios.

A DEPUTACIÓN INVISTE NAS ESTRADAS PROVINCIAIS



A Deputación inviste máis de 400.000€ no aglomerado da vía provincial de Río Covo a Vilaestrofe en Cervo

A actuación forma parte do proxecto de mellora do firme da vía, a mellora da drenaxe e o ensanche en varios tramos da calzada ata chegar a acadar nalgún punto os 5,75 metros, o que permitirá garantir unha maior seguridade para o paso de dous vehículos.

A Deputación de Lugo desenvolve en Cervo os traballos de aglomerado en quente no firme da estrada provincial LU-P-1503, que vai dende Río Covo, por Trasbar, a Vilaestrofe. A actuación forma parte das melloras na estrada que a institución provincial está a levar a cabo cun investimento ao que destina máis de 400.000€, e afectan a case os 3 primeiros quilómetros da vía, desde o inicio da estrada ata o punto quilométrico 2,6.

O proxecto inclúe a mellora da drenaxe e o ensanche en varios tramos da calzada ata chegar a acadar nalgún punto os 5,75 metros, o que permitirá garantir unha maior seguridade para o paso de dous vehículos. Os traballos finalizan coa sinalización e pintado mediante marcas viais reflexivas brancas.

Esta actuación é de gran relevancia, xa que a vía LU-P-1503 enlaza coa estrada provincial LU-P-1502 e serve de acceso a múltiples servizos, comunicando co concello de Burela e o Hospital Público da Mariña, así como cos campos de fútbol da Granda en Rúa e o da Chá en Vilaestrofe, e co Miradoiro de Monte Castelo.



A DEPUTACIÓN CONTINÚA A MELLORAR A REDE VIARIA PROVINCIAL, FAVORECENDO DESTE XEITO A SEGURIDADE, O EQUILIBRIO TERRITORIAL E A CALIDADE DE VIDA DOS VECIÑOS E VECIÑAS DA PROVINCIA DE LUGO

Somos unha empresa especializada na Construción de Obra Civil con máis de 25 anos de experiencia no sector. Encargámonos de todas as fases do proxecto desde a planificación, construción e mantemento de obra pública.

- OBRA CIVIL
- FABRICACIÓN E SUBMINISTRACIÓN DE MESTURAS ASFÁLTICAS
- MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS
- TRANSPORTES ESPECIAIS
- ALUGUEIROS INDUSTRIAIS E COMERCIAIS
- DESEÑO DE PROXECTOS



Adega denuncia a corta de árbores sans no CEIP Gregorio Sanz



Adega denuncia a corta indiscriminada de árbores sans por parte do Concello de Ribadeo no colexio público Gregorio Sanz. Consideran que se están a cortar “sen ningún tipo criterio técnico”, árbores totalmente sans, que non presentan ningún problema fitosanitario.

A través dunha empresa privada, o Concello de Ribadeo, cortou xa unha ducia exemplares de cerdeiras, chopos ou tuías, de máis de 30 anos nalgún caso. A isto súmase que estas tarefas de poda e corta, na que incluso había maquinaria pesada, se fixeron en horario lectivo, cando o alumnado estaba nas instalacións.

Desde Adega denuncian que o Concello non pode alegar criterios

técnicos para xustificar talar estas árbores, totalmente sans, que non supoñían ningún tipo de risco para as crianzas, e cuestionan esta decisión, que privará ás nenas e nenos do Colexio Público Gregorio Sanz de poder desfrutar deste espazo verde.

“Nestes días nos que, desgraciadamente, asistimos tan de preto aos efectos que o cambio climático provocan no noso entorno, non entendemos esta total falla de sensibilidade por parte do Concello de Ribadeo, que no canto de afrontar estes retos que nos trae século XXI, se adica a cortar dunha maneira infundada e caprichosa árbores que non supoñen ningún tipo de perigo”.

O Concello recuperará o lavadoiro de Rinlo

Coa axuda da Xunta o Concello procederá a recuperar o lavadoiro de Rinlo. O alcalde, Dani Vega, subliña o traballo realizado “para ir recuperando pouquiño a pouco o patrimonio que é de todos”. O rexedor dixo que “seguimos xestionando orzamento e neste caso falamos da recuperación do patrimonio, da recuperación do lavadoiro de Rinlo”. En primeiro lugar, agradece á asociación de veciños “por facer un traballo conxunto, por axudar, por interesarse en recuperar o que é de todos e por coirdar o que vén sendo o patrimonio que hai en Rinlo”.

Van seguir traballando conxuntamente, “que así é como se deben facer as cousas. E tamén teño que darlle as grazas á Xunta por entender que debe axudar a este Concello a recuperar o patrimonio”. Vega explicou que se trata dun lavadoiro



que é significativo en Rinlo, que levaba moitos anos abandonado, tamén a súa contorna. “Imos recuperar o que é de todos. Imos eliminar todo o que vén sendo a cuberta, retellar de novo, recuperar os piares, limpar e mellorar e conservar tamén o piar do lavadoiro”. Ademais, van instalar unha iluminación para que se vexa e se poida observar de noite tamén o patrimonio de todos.

O Goberno local planifica os investimentos para o 2025

O Concello de Ribadeo planifica as súas inversións para o ano 2025 como así abordaron no pleno extraordinario. O alcalde, Dani Vega, falou de planificación e inversión cara ao 2025: “O que pretendemos desde o Concello é organizar as inversións para o ano 2025. Debe haber unha planificación e por iso aprobamos unha serie de actuacións no pleno”. Por exemplo, pretenden adquirir o edificio de Casa Maseda e darlle un uso concreto como pode ser oficina de turismo. O rexedor dixo que “estamos nos primeiros pasos, estamos desde un punto de vista burocrático e administrativo, pero necesitábamos aprobar para ter esa cantidade orzamentaria de 110.000 euros para camiñar, para adquirir ese edificio, que evidentemente non está dan-

do unha boa imaxe no medio do pobo, incluso corre risco de derrubarse a cuberta ante o mal estado no que se atopa, e polo tanto debemos dar un paso para que o Concello adquira un edificio no medio do pobo, nun punto estratéxico, e desde o logo darlle un uso importante”.

MELLORES RÚAS. Sobre as infraestruturas indicou que tamén queren actuar e mellorar. “Hai moito tempo que non se leva a cabo unha planificación de inversión nas nosas vías de comunicación, nas nosas rúas e polo tanto debemos actuar, na rúa da Paz por exemplo, no casco vello, que está certamente abandonada, ou na rúa San Francisco, na Avenida de Galicia, debemos facer unha serie de ac-

tuacións, dado que hai puntos concretos que non se atopan en moito bo estado, ou na rúa Vilalba, no Barrio da Torre, na rúa Suso Peña e Alza-San Lázaro, ou na rúa Reinante e tamén en varias rúas en Rinlo”. E sinalou que “para incluso xestionar inversión e subvencións, debemos ter unha partida presupostaria municipal para poñer as porcentaxes. En moitas delas a Xunta pon o 75 % ou o 80 % e o restante debemos planificalo desde o Concello e por iso parécenos importantes ter unha partida destinada a rúas e así non ter que ir a outras partidas e despois ter problemas á hora de afrontar os pagos. Este primeiro presuposto que podemos dicir que é mais noso, mais deste goberno, creo que é importante a planificación á hora da inversión”.

O BNG demanda a obriga de poñer fianza ás madeireiras

O BNG reclama a modificación da ordenanza reguladora do uso e aproveitamento especial de vías públicas e espazos de titularidade municipal para volver introducir a obriga de depósito de fianza para todas as empresas madeireiras que soliciten permisos de corta.

A finais de xaneiro o goberno do PP modificou esta ordenanza eliminando a garantía que se establecera no ano 2013. Hai pouco máis dun mes, o alcalde viuse obrigado, por primeira vez na historia, a prohibir os permisos de cortas e sacas de madeira

dos montes ante o pésimo estado das pistas forestais.

Vizoso engadiu: “Unha vez que se demostrou que o novo sistema é un fracaso, chegando ao punto de ter que paralizar os permisos en todos os montes do ámbito municipal, desde este grupo municipal consideramos que é tempo de deixarse de experimentos e volver ao sistema antigo e reintroducir a obriga de depósito de fianza. Para iso presentamos esta moción. Proterxer á veciñanza é o máis importante.”

A Banda de Música ofrecerá un concerto por Santa Cilla

A Banda Municipal de Música de Ribadeo estreará cinco pezas no concerto de Santa Cilla que ofrecerá o día 16 deste mes, sábado, ás 20.30 horas no auditorio Hernán Naval.

O director da Banda, David Ballester Martínez, anuncia que “no mes de novembro é a nosa patroa, Santa Cilla, e como sempre a Banda Municipal de Música de Ribadeo non podía celebralo doutra maneira que cun concerto. Este ano vai ser o sábado 16 de novembro ás oito e media da tarde no auditorio Hernán Naval e de todas as pezas que imos interpretar só unha delas xa foi tocada pola Banda; o resto das partituras van estar por primeira vez nos nosos atrás”.

Acisa oferta cursos gratuítos de inglés

Acisa Ribadeo, a través de APE Galicia, ofrece cursos gratuítos aos seus asociados e empregados. Trátase de formación en liña 100% subvencionada polo Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Estes cursos están dirixidos tanto a traballadores como autónomos de calquera sector ou actividade, todas elas vinculadas a Acisa Ribadeo, sendo socio ou empregado de establecementos asociados. En ningún caso poderán participar persoas desempregadas. Os cursos impártense en modalidade de teleformación a través da plataforma APEGalicia.

Piden á Confederación apoio para renovar a tubaxe de auga

O Concello de Ribadeo solicita o apoio da Confederación Hidrográfica do Cantábrico para renovar a rede de abastecemento de auga. Así llo fixo saber o alcalde, Dani Vega, á presidenta deste ente, Bárbara Monte.

O rexedor contou: “Tivemos unha reunión de traballo coa presidenta da Confederación Hidrográfica do Cantábrico para abordar varios asuntos de interese para Ribadeo. O primeiro deles é o abastecemento da auga, que nós entendemos que temos que ter a colaboración de todas as administracións. Xa estamos en conversacións coa Xunta

de Galicia e estamos agardando que nos responda a Deputación. E agradecemos a gran resposta e rápida de Hidrográficas para abordar o asunto”.

Vega explicou que van ter que facer algún tipo de tramitación, van ter que facer algún tipo de proposta no tocante a unha tramitación para incluílo dentro dos presupostos xerais do Estado.

O alcalde asegurou: “Queda un traballo importante que facer, o que si xa conseguimos é que fagan unha limpeza de todos os ríos que sexan dependentes da institución, da Confederación”.

Invisten 315.000 euros para mellorar as vías de Ribadeo

A Consellería do Medio Rural inviste en Ribadeo 315.000 euros. O alcalde, Dani Vega, destacou a xestión e o traballo realizado e dixo que esa será a liña a seguir. O rexedor contou que a visita da conselleira do Medio Rural serviu para facer “un balance da inversión que está realizando en todos os concellos en Galicia. Pero tamén concretou e explicou a gran colaboración que está tendo co noso concello. E desde logo é de agradecer esta atención e vamos seguir xestionando o orzamento que precisamos para actualizar, para modernizar as nosas infraestruturas, as nosas vías de comunicación”.

Dani Vega subliñou “eses 315.000 euros, que para nós é fundamental. Nestes momentos estamos actuando en Santalla, na estrada de Lourido. Tamén na estrada Pastoriza-Frieira Vella, en Ove, e actuamos en Remourelle en dúas vías de comunicación fundamentais que eran intransitables”. Aínda queda moito por facer. “Eu creo que todos temos



que entender que nun ano é imposible chegar a todos os puntos. Pero con moito esforzo, con capacidade de xestión e grazas tamén á colaboración, evidentemente, da Xunta estamos solicitando todas as subvencións posibles, a través do Plan Marco ou do Plan de Cooperación cos Concellos, co Plan de Camiños, que é unha nova subvención que a Xunta tivo neste 2024, e desde logo nos vamos a seguir aproveitando todas as vías de financiamento”.

Ademais, están xa programando

outras colaboracións coa Xunta de Galicia para actuar canto máis rápido posible, “porque temos vías de comunicación que son intransitables”. Polo tanto, esta visita acredita “ese traballo e esa responsabilidade orzamentaria, é dicir ter a capacidade de xestión para utilizar os máximos recursos doutra administración e nós poder tamén destinar recursos para outros puntos nos que tamén temos dificultades. Vamos seguir nesta liña de traballo, nesta liña de cooperación coa Xunta de Galicia”.

A Deputación apoiará o Ribadeo Indiano e a reforma do Forte de San Damián

A deputada de Cultura Iria Castro e o alcalde de Ribadeo Daniel Vega abordaron a colaboración que a área provincial mantén co Concello nunha reunión. No acto, asinou o convenio relativo ao Ribadeo Indiano, que na edición deste ano contou cunha achega de 20.000 euros, destinados, dacordo coa memoria que presentou o Concello, ao financiamento da programación musical do evento, que pon en valor e dá a coñecer a forte pegada histórica e cultural en Ribadeo da emigración a América de finais do século XIX e comezos do XX.

Na xuntanza, tamén se abordou a marcha do proxecto de reforma do Forte de San Damián, que conta cunha achega de 150.000 euros, distribuídas en dúas anualidades, cun investimento de 60.000 euros en 2023 e de 90.000 euros en 2024. Iria Castro amosou “a disposición da área de Cultura a seguir colaborando co Concello de Ribadeo, ao igual que se fai co resto de concellos da provincia, a partir de propostas axustadas ao orzamento da área de Cultura, tendo en conta que os concellos dispoñen do Plan Deputación para financiar as actuacións que consideren” e lembrou que “o Concello de Ribadeo ten asignados nesta anualidade 453.000 euros”.

A Biblioteca Municipal, galardoada co María Moliner

A Biblioteca Municipal El Viejo Pancho, de Ribadeo, resultou galardoada no Concurso de Proxectos de Animación a la Lectura María Moliner 2024. Este premio, outorgado polo Ministerio de Cultura e Deporte e a FEMP, é un recoñecemento aos proxectos de animación á lectura desenvolto en bibliotecas de todo o país e ás boas prácticas aplicadas neses proxectos, e está dotado con 2.777,77 euros destinados á adquisición de material.

A concelleira de Cultura explicou: “No noso caso, trátase dun recoñecemento ao proxecto *A Biblioteca: Punto de encontro*, no que tratamos de deseñar actividades que implicaran ao maior número de usuarios posible, e para iso tivemos moi en conta aos centros educativos, dentro do programa *O Concello cos Coles*”.

A edil ribadense contou que “tamén se estableceron sinerxias de colaboración entre a Biblioteca e outras institucións.

DÍA DAS BIBLIOTECAS



Para conmemorar o día das bibliotecas a Concellería de Cultura fixo entrega de lotes de libros aos centros de ensino ribadenses. Neses lotes inclúense aqueles libros que foron presentados en Ribadeo durante este ano, de autoría ou temática local, coa intención de achegarlle ao alumnado de todos os niveis educativos parte da riqueza literaria e cultural ribadense

Seguirán pelexando por un segundo acceso dende a Autovía A-8

O alcalde, Dani Vega, reafirmou o compromiso do Concello de seguir loitando por un segundo acceso á vila desde a Autovía do Cantábrico (A-8), malia a recente negativa do goberno central a estudar ou executar esta infraestrutura. Vega mostrouse “totalmente decepcionado” coa resposta do executivo, entregada ao Grupo Popular no Senado, e tachouna de “lamentable”, criticando que carece de calquera análise técnica ou estudo sobre a necesidade deste acceso. Vega subliñou que a demanda dun segundo acceso non é nova, senón unha reclamación histórica apoiada por gobernos e alcaldes anteriores, en resposta á importancia de manter boas comuni-

cacións para un concello como Ribadeo, que vive do turismo, dos servizos e do comercio. “Este goberno actual descoñece o que é Ribadeo e ignora a necesidade de aproveitar o paso da autovía para mellorar o noso acceso,” sinalou o alcalde.

A pesar da resposta negativa do goberno central, o alcalde declarou que Ribadeo non abandonará a loita. “Imos instar novamente ao goberno para que redacte e concrete un proxecto para este acceso, que para Ribadeo é fundamental. Unha vila como a nosa, cunha forte actividade económica, necesita boas comunicacións e por iso seguiremos loitando”, reiterou Vega.

Mellorarase a praza Pancho Maseda e o illote das vivendas sociais de San Francisco

O Concello vén de firmar un convenio coa Xunta para mellorar a praza Pancho Maseda e o illote situado enfronte das vivendas sociais do parque de San Francisco cun investimento de máis de 50.000 euros.

O alcalde, Dani Vega, explicou que “se trata dunha nova colaboración, unha nova xestión para mellorar dous puntos concretos en Ribadeo, tanto a praza Pancho Maseda como o illote que está situado enfronte das vivendas sociais do parque de San Francisco. Nas próximas datas firmaremos o convenio, son preto de 50.000 euros para arranxar, para mellorar estes dous puntos que cer-

tamente levaban sen ningún tipo de mantemento anos. Non é unha cousa de agora, é unha cousa de anos. E tomamos a decisión de melloralos, de investir aí”.

O rexedor contou que “na praza Pancho Maseda temos que asegurar toda esa lousa que está solta, tamén mellorar as escaleiras de detrás do concello, así como a accesibilidade na parte dianteira da praza Pancho Maseda e esas zonas verdes, os xardíns, porque teñen falta de mantemento e hai que melloralos. Tamén imos actuar fronte ás vivendas sociais, nese illote onde están os contedores soterrados”.



O cantante extremeño Huecco ofrecerá un concerto o día 14

O Concello de Burela acollerá, no Auditorio Municipal, un concerto do cantante extremeño Huecco como parte da iniciativa Escenario Dial da radio Cadena Dial. A cita será o 14 de novembro ás 20.30 horas. As entradas serán gratuítas, pero, por cuestións de aforo, será necesario descargalas previamente nesta ligazón.

Huecco repasará no concerto tanto as súas novas cancións como os éxitos da súa traxectoria. O evento conta co patrocinio da Deputación de Lugo e a colaboración do Concello de Burela e o Hotel Nordés. Con Escenario Dial, Cadena Dial colabora cos artistas que máis soan na emisora, cun formato íntimo e minimalista que percorre toda España co obxectivo de amosar a esencia detrás de cada canción. Deste xeito, xa pasaron por Galicia, en formato acústico, artistas como Ana Guerra, Taburete, Ismael Serrano ou Rozalén.

“Estamos moi ilusionados de poder acoller a Huecco, un artista recoñecido a nivel nacional, no auditorio da Casa da Cultura da nosa vila”, sinala a concelleira de Cultu-



ra, Lina Gómez.

“Grazas ao apoio da Deputación de Lugo e a Cadena Dial podemos ofrecer un espectáculo de primeiro nivel, enriquecendo así a nosa programación cultural e fortalecendo o noso compromiso coa difusión da música e a cultura para toda a veciñanza”, engade.

Huecco é o nome artístico de Iván Sevillano, que foi tamén compoñente e vocalista da banda de rap metal Sugarless. Despois de percorrer miles de quilómetros por toda a xeografía española con esta agrupación e de pasar polos festivais máis destacados da península decidiu lanzar a súa carreira en solitario en 2004.

Avanza o proxecto de recuperación do Faro

O proxecto de recuperación do Faro de Burela posto en marcha polo Concello avanza a moi o ritmo e xa está instalado o novo molde. Na pasada primavera, o Concello obtivo a aprobación dos dous proxectos presentados ao programa de axudas do Fondo Europeo Marítimo, da Pesca e da Acuicultura (FEMPA) na convocatoria correspondente a este ano. O FEMPA é xestionado a través dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP), neste caso, do GALP A Mariña-Ortegal.

O primeiro dos proxectos é ‘Burela alumea - O espello do Faro’, creado en torno ao patrimonio material pesqueiro e á súa conservación e difusión. Este proxecto xira arredor do novo molde do Faro de Burela para reparar os desperfectos que sufriu co temporal do ano 2014. A reparación do molde e a realización dunha obra artística na estrutura exterior do faro contribuirán “a poñer en valor o patrimonio cultural material e inmaterial de Burela, dándolle vida á tradición e a cultura mariñeira”, ex-



plica a alcaldesa, Carmela López.

A iniciativa está enfocada ademais a promover a participación das mozas e mozos de Burela, que exercerán como “detectives e difusores do patrimonio pesqueiro da vila a través de obradoiros de radio e fotografía”, sinala López. O segundo proxecto aprobado denomínase ‘Ondas limpas - Programa de sensibilización e acción ambiental na contorna da Marosa’. Céntrase na concienciación comunitaria arredor do coidado do medio ambiente.

O PP sinala o atraso das obras nas rúas e pide as contas das festas

Os concelleiros do PP inciden unha vez máis “na pésima planificación do bipartito encabezado pola señora López Moreno á hora de realizar obras en Burela”. Os populares advirten que “nesta ocasión provocou o atraso de ata 2 semanas nas obras de reafirmado nas rúas da parte baixa da vía do tren”. O portavoz, Manuel Rouco, afea que para o goberno local “a culpa sempre sexa doutros”.

Neste caso, son os veciños e veciñas de Burela que non fixeron caso á “pésima e mal planificada” sinalización feita polo propio goberno nesta zona. O popular sinala que “a falta de planificación provocou o enfado da empresa contratista que decidiu levar a maquinaria ata que o goberno local se dignara a elaborar unha planificación axeitada das obras”. Dende o PP de Burela denuncia este proceder que “é moi habitual no que levamos de comezo de mandato en Burela: un suma e segue nos despropósitos do bipartito á hora de executar as obras na nosa vila .

CONTAS. Os concelleiros convidan



ao Goberno bipartito a “facer públicas as contas das festas patronais desglosando os gastos para comprobar se están tódolos gastos que realmente se fixeron por parte do Concello”. Os populares explican que “no pleno a concelleira de Economía, Patricia Eijo, deu unha serie de cifras no pleno que sumadas dan uns 63.000 euros; cando dixo que había 81.000 euros de gasto”. Co desglose punto por punto, “podemos comprobar se coincide cos datos expli-

cados no pleno”.

“A concelleira di que foi clara no pleno, pero calquera pode facer as contas e comprobar que as cifras que relatou apenas suman 63.000 euros. Hai, polo tanto, unha diferenza de 18.000 euros con respecto ao que din que gastaron”, expoñen. “E aínda así non é certo tampouco porque se gastou máis” á vista das contías que o Concello aportou á comisión de festas e ás que tiveron acceso os membros do Grupo Municipal Popular.

O BNG quiere rehabilitar a Casa do Mar da vila

O deputado do BNG no Congreso, Néstor Rego, vén de anunciar o rexistro de iniciativas en que insta o Goberno , en concreto, ao Ministerio de Inclusión, Seguraza Social e Migracións, a actuar na Casa do Mar de Burela para realizar unha rehabilitación do inmóbel e, posteriormente, convenir coa Xunta da Galicia para a súa transferencia e posibilitar a súa utilización para albergar todos os servizos sociais que actúan no concello, tanto de carácter autonómico, municipal ou asociativo.

A organización nacionalista presenta estas iniciativas, enmarcadas nun ambicioso proxecto que pretende converter a Casa do Mar de Burela no “buque insignia” dos servizos sociais, igualdade, inmigración, mocidade.

O deputado do BNG, Néstor Rego, visitou o edificio da Casa do Mar en Burela, para coñecer de primeira man o estado actual das instalacións, acompañado polo tenente de alcalde Mario Pillado, así como pola concelleira de Servizos Sociais, Sandra Fernández.

Na actualidade, a Casa do Mar de Burela -propiedade do Ministerio de Inclusión, Seguraza Social e Migracións, a través da Tesoureira Xeral da Seguraza Social- alberga as oficinas do Instituto Social da Mariña (ISM), a Unidade da Atención Temperá (UAT) e acolle locais do ámbito asistencial e asociativo. Un edificio, construído a finais da década dos setenta, con moito espazo baleiro e infrautilizado, que precisaría dunha mellora e actualización das infraestruturas para ofrecer servizos á veciñanza de Burela.

“O edificio ten unha enorme potencialidade mais, para iso, é preciso que o Ministerio de Seguraza Social, en colaboración coa Xunta de Galiza e cunha escoita activa ao Concello de Burela, aborde as obras de reparación do inmóbel”, defende o deputado do BNG no Congreso. Do mesmo xeito, continúa explicando Néstor Rego, o Goberno do Estado, unha vez acondicionado, deba chegar a un acordo coa Xunta da Galicia para a súa transferencia e que esta, á súa vez, o poña ao servizo do Concello de Burela.

Burela presenta unha nova edición do Mercado de Nadal

O Concello de Burela organiza unha nova edición do seu Mercado de Nadal. Este evento, que se celebra casa ano na localidade, terá lugar esta vez nunha xornada única o 30 de novembro, en horario continuo de 10.30 horas a 21.00 horas.

Todas aquelas persoas e entidades interesadas en participar poden inscribirse ata o 22 de novembro, ben de maneira presencial no punto de información da Casa do Concello, ou enviando un correo electrónico a cultura@burela.org.

O Mercado de Nadal é unha iniciativa do Concello de Burela que ten como obxectivo de fomentar o comercio local e dar visibilidade ao traballo de artesáns e emprendedores da comarca.

A concelleira de Cultura, Lina Gómez Pardo, afirma: “Este mercado non só apoia aos nosos comerciantes e artesáns, senón que tamén crea un ambiente único e máxico que nos achega á esencia do Nadal. Dende o Concello convidamos a toda a veciñanza todos a que veña e disfrute desta xornada tan especial”.



A Sociedade Cultural Leducia, 50 anos compartindo momentos

Por Amanda Fernández

A Sociedade Cultural Leducia está de 50 aniversario e comeza unha serie de iniciativas para celebralo. O día 22 de novembro ás 22.00 horas realizará unha cea no Nordés Burela con prazas limitadas. Estará a compra de tickets dispoñible o martes 19 de novembro no hotel Nordés e haberá menú de 30 euros con sobremesa, viño, café e licores incluído e un menú infantil. “Acabamos de publicar o da cea, pero non será esta a única celebración, senón o punto inicial. Será aberta a todo o mundo, non é necesario ser socio, senón que pode vir toda persoa que queira pasar unha noite agradable”, afirma Rocío Rivera, presidenta da asociación. Destaca que como outro evento polos 50 anos teñen marcado no calendario o día 1 de decembro para lembrar “á xente que falta e non vai volver estar con nós”. Así, haberá unha misa ás 19.00 horas da tarde que ofrecerán por todas esas persoas. A partir de aí irán informando de novas actividades e teñen en mente comezar a preparar unha exposición “de fotografías e lembranzas destes anos”.

O XERME DE LEDICIA. Rocío Rivera entrou na Sociedade Cultural Leducia cando esta xa levaba 20 anos de funcionamento. Se nos remontamos aos inicios, confesa, nin ela nin tan sequera os seus pais formaban parte desta asociación. Porén, aínda hai hoxe en día moita xente que pode contar como foi e varios datos arredor dos inicios.

Conta que había un grupo de xente aló polo 1974 con certas inque-danzas musicais en Burela. “A data do 22 de novembro 1974 é a que nós tomamos como referencia da fundación, aínda que despois a acta oficial foi un pouco posterior”, sinala. Así, ademais do feito de ter inque-danzas no eido musical, un ano antes producírase o naufraxio “do Raíña Victoria e do López Sueiras, que provocou impacto dentro da sociedade burelesa”. Naquel

entón, tamén un grupo de xente se xuntou para facer unha homenaxe a ese naufraxio.

Relata Rocío neste sentido: “No 1974, houbo un acto en Burela, no que daquela era o Cinemón, o espazo onde se facían as cousas de índole cultural. A raíz de aí xurdiu o tema de fundar ou non a asociación, non podo confirmar unha relación dun feito co outro, pero si que hai xente vencellada a ambas cousas, á inque-danza musical e a esa homenaxe polo naufraxio”.

CLAVES PARA MANTERSE EN PE. A asociación cando empezou no 1974, conta a presidenta, tiña por un lado, un grupo de xente que facía canto coral e, por outro, un grupo que facía teatro. O inicio da asociación produciuse así e foi constituída para facer todo tipo de actividades culturais. Xa coa asociación en pé, comezouse a organizar a Cabalgata de reis, un dos primeiros actos. Posteriormente, formouse o grupo de baile e música tradicional. “É o que perdura ata hoxe en día e se cadra polo máis se nos coñece”, afirma. Naqueles primeiros anos, o grupo de teatro tivo unha puxanza importante, pero o grupo coral perdeuse porque se creou unha coral con entidade propia.

“Tentamos levar unha liña de actividades durante este tempo con momentos mellores e peores, erros e acertos. Nos inicios non había en Burela outras asociacións culturais, só a Sociedade Deportiva Burela. Isto era de fútbol e do resto non había e fomos a primeira asociación como tal que se asentou na vila”, sinala.

QUE É LEDICIA HOXE EN DÍA. “Desde fai anos temos liñas de traballo nas que nos concentramos e iso tamén é o que nos axuda a tirar para adiante”, afirma. Así, durante todo o curso escolar funciona a Escola de baile e música tradicional, e incluso no verán sempre hai un ensaio de recordo para non perder fío. Está é unha actividade que se mantén “practicamente desde o

principio”.

Despois contan coa Feira do Bonito como referencia desde o ano 1983, que tamén é un punto de traballo de cada ano e “un fío no que seguir e do que tirar”. Tentan estar activos na vida cultural do día a día da vila, aínda que hoxe son moitas as asociacións culturais, coas que existe un fío de interacción.

“Despois de tanto tempo, temos material de traballo, que prestamos a outras asociacións, como o asador en magostos nos coles ou a grela. Desta maneira, sexa con material ou con persoas, tentamos colaborar e estar sempre vinculados cando hai actividades na vila”, explica. Polo momento seguen, segundo expón, tamén organizando a Cabalgata de reis, data sinalada do Nadal. Igual que nas Festas Patronais, participan co grupo de música e de baile e botan unha man no tema das procesións.


“En Leducia na etapa do seu nacemento chegaron a ser máis de 400 familias asociadas, nun momento no que non había outras asociacións e se querías facer algo para a vila caías aí”, indica e engade que a día de hoxe non son tantos porque hai “un abano maior de posibilidades e cambian as xeracións e inque-danzas”. Considera que isto non é un problema e que se traballa en sintonía.

“Hai unha base que nos serve como referencia, a xente que comezou sementou ben e mantense a pegada e, cada certo tempo, pode haber unha mala racha, pero que vaise tirando do que hai e con esa base vólvese saír adiante”, relata a presidenta de Leducia. Recoñece entre risas que, aínda que ela non verá 50 anos máis, agarda que a xente traballe con ganas mentres “haxa un motivo polo que estar xuntos”. Actualmente alégriase de que hai xente nova implicada e tamén xente maior que xa viu como deu esta asociación os primeiros pasos. “Existe un baleiro de idades intermedias, pero isto tamén axuda á estabilidade”, conclúe.



A & F BROKERS

Abogados



APARTAMENTO en Lugo
115.000€

- Piso amplo exterior con tres habitacións (la principal con baño e balcón).
- Terraza de 15m²
- Salón con balcón.
- Calefacción a gas oil central.
- Ascensor y trastero.



LOFT en San Ciprián de 36m².
45.900€

- Completamente amueblado.
- Reformado para entrar a vivir.
- Hall, habitación y cocina amueblada. Salón amplio.
- Con licencia de vivienda turística. Buen rendimiento. No paga comunidad.
- Piscina y zonas comunes.



CASA unifamiliar en Cervo
120.000€

- Tres plantas de 32m² cada una totalmente reformadas.
- Planta baja: cocina americana, salón y despensa.
- Primera planta: 1 baño y 2 habitacións.
- Segunda planta: salón y 1 habitación.



APARTAMENTO en Barreiros
130.000€

- Ático muy luminoso (planta 3ª) totalmente exterior. 57m² útiles y buenas vistas.
- 2 habitacións, 1 baño con cabina de hidromasaje, salón-comedor y cocina.
- Plaza de garaje y trastero.
- Completamente amueblado.
- En urbanización privada.

En nuestro departamento jurídico ofrecemos **asistencia legal integral**

HERENCIAS · TESTAMENTOS · REGISTRO DE PROPIEDADES
ALTERACIONES CATASTRALES · CONTRATOS DE COMPRA-VENTA
ALQUILER ARRAS · DESAHUCIOS · RECLAMACIÓN DE DEUDAS
DIVORCIOS · PENSIONES

Tel.: 695 414 544
viviabuin@hotmail.com

Organizan as VIII Xornadas de Historia e Arqueoloxía Marítima

O Concello de Viveiro, coa colaboración da Federación Española de Actividades Subacuáticas, organiza as VIII Xornadas Cidade de Viveiro de Historia e Arqueoloxía Marítima, que se celebrarán os días 15, 16 e 17 de novembro.

María Loureiro destacou que se trata dunha cita consolidada a nivel nacional e internacional para “dar a coñecer unha parte moi importante da nosa historia e patrimonio a través de grandes expertos” e subliñou que “estas xornadas son o primeiro proxecto español de divulgación incluído no Catálogo de Boas Prácticas da Confederación Mundial de Actividades Subacuáticas, celebrada en Roma en 2023”. O concelleiro, Jesús Fernández, destacou que o programa integra actividades tanto “en clave local, como loxicamente en clave autonómica de Galicia, ou tamén en clave do Cantábrico, como poden ser este

ano varias conferencias da parte de Asturias”.

Todo comezará o día 15 coa presentación e apertura dunha exposición que vai acompañar as xornadas. Mentres, o sábado 16 haberá charlas durante todo o día, rematando “cunha charla sobre alimentación e cultura marítima cunha degustación de pescada do pincho de Celeiro”, sinala o concelleiro. Así, a VIII edición das xornadas concluirá o domingo 17 pola mañá con outras 3 palestras.

“Unha vez máis, todos os relatores da programación son de primeiro nivel, consolidando un foro que xa é unha referencia a nivel internacional”, apuntou pola súa banda Antón López. As xornadas convertéronse co paso dos anos nun destacado punto de encontro de arqueólogos, historiadores e afeccionados, e conseguiron reunir máis dun centenar de asistentes nas últimas edicións.

O PP pide mellorar a seguridade da LU-6602 ao seu paso por Galdo

O PP reclama ao goberno de PSOE e BNG na Deputación que “escoite aos veciños e veciñas” e, neste caso, “que teña en conta as peticións que levan tempo trasladando os veciños e veciñas da parroquia de Galdo para mellorar a seguridade viaria na estrada provincial LU-P-6602, principalmente, nos treitos que discorren entre os núcleos de vivendas”.

O portavoz popular na Deputación, Antonio Ameijide, e o viceportavoz, Demetrio Salgueiro, mantiveron un encontro con veciños e veciñas da zona xunto á portavoz do PP local, Mariña Gueimunde, e concelleiros do grupo popular para coñecer máis de preto a súa reivindicación: que se habilite unha zona segura para a circulación dos peóns, na medida que sexa posible, e a instalación de elementos reductores da velocidade “que garantan a seguridade dos peóns que teñen que poder circular pola parroquia sen xogarse a vida”.

Veciños e veciñas da parroquia de Galdo, maioritariamente a xente maior, sinalan, teñen medo de poñer un pé fóra das súas casas ante



o importante volume de tráfico que circula entre os núcleos de vivendas, en boa parte, a gran velocidade pola estrada LU-P-6602 que comunica coa feira de Galdo ou a parroquia ourolesa de Bravos.

“Non é seguro andar pola vía que non dispón de marxes para a circulación dos peóns que se vén obrigados a compartir espazo con moitos vehículos que discorren pola vía ao longo do día”. De feito, “fai poucos días un veciño sufriu un atropelo”, lembrou Ameijide.

Ante a situación de perigosidade que

os populares puideron comprobar de primeira man, piden ao goberno de PSOE e BNG “sensibilidade con estes veciños e veciñas” toda vez que “cunha pequena intervención poderían mellorar o seu día a día”.

A portavoz do PP de Viveiro, Mariña Gueimunde, condena que “o goberno local nin contestou nin actuou ante unha queixa que xa lles fora remitida polos veciños e veciñas”. A popular cre que se trata de “falta de vontade da alcaldesa e da tenente de alcaldesa” para dar solución a este problema.

Viveiro é o único concello galego do proxecto ‘Spain Culinary Villages’

Viveiro está entre os concellos implicados no proxecto *Spain Culinary Villages*. O Ministerio de Industria e Turismo notificoulles a aprobación dunha achega de 581.000 euros para a posta en marcha da iniciativa.

O proxecto, que contará con fondos europeos, inclúe a varios municipios de España pola calidade dos seus restaurantes e alimentos, co obxectivo de impulsar o seu turismo gastronómico e sostenible. No caso de Viveiro, as xestións para formar parte da rede realizounas a alcaldesa, María Loureiro.

Os concellos que forman parte da rede son Ezcaray (A Rioxa), Alcalá del Valle (Andalucía), Viveiro, Moratalla (Murcia) e Parrés (Asturias). “A nosa gastronomía é un dos moitos atractivos da nosa vila, cunha ampla oferta culinaria de gran calidade. Pertencer a esta rede consolida a nosa posición como destino gastronómico a nivel internacional”, sinala María Loureiro. O proxecto ‘Spain Culinary Villages’ desenvolverá diferentes actividades e iniciativas nos concellos da rede para promocionar a súa gastronomía.

A Deputación colabora con Aspanane para os gastos da asociación



O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, vén de asinar coa presidenta de Aspanane, María Dolores Fernández, un convenio por importe de 5.000 euros para colaborar cos gastos correntes desta asociación.

A institución provincial renova así o seu compromiso coa atención das persoas con discapacidade intelectual da provincia, que nos últimos 8 anos se traduciu nun investimento de máis de 165.000 euros para o funcionamento desta asociación e as melloras da súa sede.

Tomé Roca explicou que o compro-

miso da institución provincial con Aspanane “é moi grande. Nos últimos anos colaboramos coa Asociación de Pais e Nais de Persoas con Discapacidade Intelectual de Viveiro cun investimento moi importante que se traduciu en reformas e melloras do seu centro ocupacional situado en Celeiro; en achegas para colaborar cos seus gastos correntes e tamén en continuas colaboracións para a realización de talleres, compra de material e diferentes iniciativas encamiñadas a mellorar a calidade de vida dos seus usuarios e usuarias”.

Crean unha nova comisión para as festas patronais de San Roque



Viveiro contará cunha nova comisión que organice a próxima edición das festas patronais de San Roque, que se celebrarán no Concello os días 14, 15 e 16 de agosto do ano 2025.

Esta nova asociación está conformada por Juan Manuel Sánchez, Raquel Trasancos, Cristina Parapar, Pablo Seixo, Gerardo Veiga e Hugo Ron. Esta iniciativa nace co obxectivo de “revitalizar as festas de San Roque e conseguir impregnar un sentimento de pertenza na xente de Viveiro cara as festas que neste momento non existe” indican desde a comisión.

“A nosa idea é a de organizar un-

has festas con cabida para todas as franxas de idade e todos os gustos, co fin de que a xente poida gozar da vila nunha das datas máis sinaladas do ano” continúan. Desde a asociación indican que a primeira acción que van a organizar para recadar fondos é a celebración dunha cea de nadal, da que darán información na súa páxina de Facebook e Instagram. Un pouco máis adiante, a comisión realizará un acto aberto a todo o mundo, para que calquera persoa que queira colaborar, dunha forma ou outra, poida facelo. Por último, queren animar a todos os veciños a ser partícipes deste proxecto.

Convenio a tres bandas para paliar as inundacións na Xunqueira

O Presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou este luns coa Alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, e a Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia, Ángeles Vázquez Mejuto, un convenio de colaboración para dar solución ás inundacións do barrio viveirense da Xunqueira. Este acordo, que se formalizou esta tarde en Santiago na sede do Executivo autonómico, servirá para aumentar a capacidade hidráulica do río Fontecova e terá un investimento conxunto de preto de un millón de euros. Concretamente, a institución provincial achegará un total de 192.348,73 euros en tres anualidades. Un importe que segundo explicou Tomé Roca servirá para “que este concello mariñán poida afrontar o investimento que pide a Xunta de Galicia para acometer esta actuación tan necesaria e que terá un impacto enorme na vida da veciñanza, evitando traxedias como a vivida no 2018”. Nese sentido, o Concello de Viveiro aportará outros 192.348,74 euros e Augas de Galicia outros 600.000 euros. “Este novo compromiso, que adqui-



rimos co Concello de Viveiro, emárcase na nosa política de máxima cooperación cos 67 concellos da provincia para que poidan ofrecer máis e mellores servizos aos seus veciños e veciñas”, valorou o mandatario provincial.

Entre as actuacións máis relevantes que contempla o proxecto está prevista: a ampliación do leito do río, con novos muros de contención; a renovación e ampliación da ponte existente pouco máis arriba da estrada autonómica LU-540; a creación dunha obra de drenaxe pegada á ponte medieval Camiño da Fonte; a instalación dunha nova zona ver-

de ao final da rúa na que se situará a fonte pública; e o traslado do actual lavadouro, que se instalará máis abaixo do curso do río. O prazo previsto para a execución dos traballos é de 8 meses desde que comecen as obras.

O da Xunqueira é un barrio histórico situado en Viveiro que se viu moi afectado pola riada de novembro do 2018, na que faleceu unha persoa. Mediante este acordo, o Concello pretende dinamizar e poñer en valor esta zona que noutro tempo foi un motor económico para a cidade e axudar a fixar poboación a través da súa rehabilitación.

Revisan os nichos do Cemiterio de Altamira

A Tenencia de Alcaldía está a revisar as condicións dos preto de 2.000 nichos do cemiterio de Altamira, cuxos datos están desactualizados. O cemiterio contará en 2025 cun novo regulamento, polo que dende as áreas municipais responsables do mesmo estase a poñer ao día a información relativa ás concesións funerarias. A intención de cara ó ano que vén é recadar toda a información nun proceso de dixitalización, para ter controladas todas as concesións, e ter dixitalizado cando caducan para poder avisar ás persoas que o teñen en concesión para que procedan á renovación. O futuro regulamento do cemiterio fixará as condicións nas que se outorgan as concesións.

Destinan 13.000 euros á mellora do albergue xuvenil de Area

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude destinará preto de 13.000 euros a unha nova intervención no albergue xuvenil de Area, en Viveiro, co obxectivo de corrixir deficiencias detectadas nos baños das instalacións. Esta actuación súmase a outras que o Goberno autonómico executou nos últimos anos para a renovación integral do complexo e que supuxeron un investimento de preto de 650.000 euros. Os traballos incluíron a renovación completa do mobiliario, o cambio das ventás e das carpinterías ex-

teriores, ou o cambio da cuberta de lousa para mellorar a eficiencia enerxética e as condicións de confort interior, entre outros.

A adecuación do albergue xuvenil permite que a instalación desenvolva durante os meses de abril e maio actividades de lecer e aprendizaxe non formal dentro do programa Primavera Xove, e que durante o verán se acolla tamén á oferta de campamentos que pon en marcha a Xunta. O campamento de verán de Area é tradicionalmente un dos máis demandados.

Slipknot e Judas Priest estarán no cartel do Resurrection Fest 2025



Slipknot, a banda de metal máis grande do Século XXI, será un dos cabezas de cartel do vixésimo aniversario de Resurrection Fest Estrela Galicia. Corey Taylor e os seus son, ano tras ano, unha das tres bandas máis demandadas polo público do festival viveirense nas enquisas que a organización realiza entre os seus fans.

Por iso, trasladan desde a organización, polas súas históricas actuacións en pasadas edicións e porque son unha das bandas máis

emblemáticas historia do festival, Slipknot non podían faltar a esta edición única do “Resu”.

Ademais, ten unha segunda confirmación. Judas Priest celebrará os 35 anos de ‘Painkiller’ no Aniversario do Resurrection Fest. Tras o seu paso irresistible hai 3 anos no Resurrection Fest coa súa xira ‘50 Heavy metal years’, os británicos Judas Priest regresan á Viveiro para celebrar o aniversario e tamén o dun dos seus mellores discos.

Piden a licitación da variante entre Area e A Arredoadada

Bernardo Fraga Galdo e Manuel Galdo Dopico, concelleiros de Por Viveiro presentan unha moción para a activación da variante de Viveiro, referíndose ao tramo dende Area ata Landrove. Aseguran que é ben coñecido o déficit de infraestruturas por estrada que padece o concello, “déficit que, ademais de limitar a realización de desprazamentos por estrada con rapidez e seguridade, lastra e dificulta o desenvolvemento económico”. Despois da decisión do Goberno central de levar a autovía A8 ata Vilalba, a Xunta prometera a construción dunha vía de alta capacidade entre San Cibrao e Ferrol, para

compensar os efectos desta medida ós concellos da Mariña e Ortegá. 25 anos despois unicamente están en servizo dous tramos, as variantes de Xove e Ortigueira.

Esta vía de alta capacidade incluía o compromiso da construción da variante de Viveiro, un dos factores fundamentais do devandito déficit de infraestruturas e que implica que todo o tráfico de entrada e saída de Viveiro teña que circular pola ponte da Misericordia e pola Travesía da Mariña, feito que provoca importantes retencións nas épocas de moita afluencia ademais do constante deterioro do pavimento.

Quando necesitas energía limpia y accesible, él está aquí

Cree en el Sol

En EDP, creemos que elegir la Tierra conlleva mirar al Sol en busca de soluciones energéticas limpias y accesibles. Porque, cuando elegimos el Sol, elegimos lo mejor para todos.

Descubre cómo ahorrar en edpenergía.es

edp

A Deputación inviste 200.000 euros na mellora de estradas

A Xunta de Goberno da Deputación aproba a adxudicación das obras de mellora en tres estradas provinciais ao seu paso polos concellos de Barreiros e Pantón, cun investimento que ascende a preto 400.000 euros. Así o avanzou tras a reunión celebrada no Pazo de San Marcos o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, quen sinalou que estas novas obras “forman parte do esforzo inversor da institución por seguir mellorando no conxunto da provincia a rede viaria provincial”, a máis extensa de todas as Deputacións de España con máis de 4200 quilómetros, e tres veces maior ca da propia Xunta de Galicia en Lugo.

En concreto, na reunión saíu adiante a adxudicación á empresa Grupo Bascuas 2008 SL, por máis

de 200.000 euros, das obras para mellorar o firme de algo máis de dous quilómetros da vía LU-P-0611, que vai dende o Barrio Novo ata a Praia de Coto, no concello de Barreiros. Os traballos que se realizarán desde o inicio da estrada, teñen un prazo de execución de 2 meses, e consistirán na reapertura de cunetas, a limpeza da drenaxe, a pavimentación con aglomerado en quente e a sinalización horizontal e vertical.

“Esta estrada é moi importante porque parte da N-634, é dicir, da estrada xeral, ó pé do tanatorio, e remata na praia de Coto na vía que vertebra a costa. É unha das vías máis transitadas para acudir ás praias e que soporta un elevado número de tráfico, sobre todo nos meses de verán”, detallou Rivera Capón.

PSOE e BNG opóñense á subida do canon de Sogama

O pleno municipal debateu dúas mocións promovidas polo PSdG-PSOE e o BNG para rexeitar a suba do canon de Sogama que os concellos terán que asumir no ano 2025. O Partido Popular votou en contra de ambas. A alcaldesa, Ana Ermida, explicou que “o Concello pasará de pagar no 2023, 56 euros por tonelada (xa que se beneficiaba dunha bonificación sobre o prezo de 68 euros establecido pola entidade) a pagar no 2025,

no mellor dos escenarios, 95 euros por tonelada, cun prezo establecido de 108 euros por tonelada.” Ana Ermida fixo fincapé en que o problema de fondo é que o tratamento do lixo neste País responde a un modelo de negocio e obsoleto, no que se prima a incineración, porque con ela obtense enerxía que se vende no mercado, tendo en conta a participación dunha empresa eléctrica na propia Sogama.

CAMIÑO DO MAR



O Camiño Gastronómico do Mar, organizado pola Organización de Produtores Pesqueiros do Porto de Burela (OPP-7) e a Asociación Amigos do Camiño do Mar, arrincou coa súa primeira etapa, que conectou Ribadeo coa praia de Arealonga, en Barreiros, ao longo de 15 quilómetros. Este evento, que busca promover o consumo de peixe e dar visibilidade ao Camiño do Mar.

Barreiros estuda alternativas para a contorna da praia de San Bartolo

O Concello de Barreiros segue avanzando no estudo de alternativas para a contorna da praia de San Bartolo. Deste xeito, tivo lugar unha xuntanza da comisión creada polo Pleno, con representación dos tres grupos políticos, para recibir a información por parte do Servizo Provincial de Costas. Na sesión, que se prolongou por máis de dúas horas, o xefe provincial do servizo explicou a situación existente, fixo referencia a outras similares e abriu un abano de posibilidades de actuación en base á experiencia previa similar noutros puntos da costa.

A alcaldesa, Ana Ermida, facía un resumo das posibilidades en dúas: “Debemos avaliar se reabrir os accesos, cun mero arranxo dos mesmos, baseándonos nunha prohibición de achegarse aos cantís na ordenanza municipal ou solicitar un estudo xeotécnico completo e rigoroso da zona para ver a estabilidade do cantil e determinar as actuacións a levar a cabo que poden concluír no retranqueo do propio paseo marítimo.” A rexedora, incidiu na idea que leva trasladando desde o inicio desta situación. “O único xeito de garantir a seguridade na praia é non per-



mitindo o acceso á mesma, especialmente, en marea alta, cando o espazo que queda é unicamente o de debaixo dos cantís.”

Na reunión tamén quedaron descartadas tecnicamente outras posibilidades trasladadas polo portavoz da oposición, como o enchido dos buratos creados polo mar con formigón ou outros materiais. Coa información trasladada, os representantes municipais dos tres partidos volverán reunirse, a efectos de deliberar por se existe unha decisión consensuada. En calquera caso, a rexedora ofreceu á oposición a

posibilidade de propor o convite a persoas expertas que poidan aportar información ou coñecementos adicionais aos recibidos, co fin de “facernos unha composición da situación o máis real e obxectiva posible de cara a fundamentar as decisións que tomemos”. A comisión está conformada pola propia alcaldesa; o concelleiro de media ambiente, Dámaso Ratoeira Barranta; a concelleira do PSOE, Carmen Veiga Rodríguez, e os concelleiros populares, José Manuel Gómez Puente e María Ramona García de Gabriel.

Os postes de luz non se acenderán no enlace coa A-8 e nas rotondas da Cruz do Lobo

O Goberno non acenderá as luces do enlace de entrada e saída da A-8 ás glorietas da N-634 e N-642 na Cruz do Logo, agás que se produzan accidentes e que nos últimos dous anos máis do 50 % dos accidentes se produzan de noite. Así o asegura nunha resposta oficial do Goberno a unha pregunta formulada polos senadores lucenses José Manuel Barreiro, José Manuel Balseiro e Juan Serrano, a petición do Grupo Municipal Popular en Barreiros ante o apagón nunhas interseccións que consideran de especial risco polo elevado tránsito que soportan, tanto de vehículos particulares como pesados.

A contestación do Executivo, que Balseiro considera “unha barbaridade”, implica que unha zona tan concorrida como é o treito entre as dúas rotondas da Cruz do Lobo e o enlace coa Autovía do Cantábrico en Barreiros seguirá a escuras por non acender as luces, a pesar de ter luminarias instaladas. Balseiro considera

que en materia de seguridade viaria se deberían aplicar criterios “preventivos”. Así, indica que “supoñemos que no momento no que se instalaron os farois existentes era para previr accidentes” e, ademais, “as luces estiveron en funcionamento ata o ano 2022”.

Nese sentido, pide ao Goberno “non esperar a que se produza un problema”, senón “intentar evitar o problema que se pode facer acendendo as luces das que xa no seu día se colocaron para iso”.

O Goberno de España xustifica esta decisión “unilateral” na aplicación da Orde Circular 36/2015, de 24 de febreiro, na que indica que, con carácter xeral, os treitos de estradas convencionais non se iluminarán. A propia resposta inclúe unha excepción que xustificaría o acendido dos farois, en concreto, que sexa un tramo de concentración de accidentes e que nos últimos anos máis do 50 % dos sinistros se produzan en período nocturno.

O Concello amplía ata os 14 anos a idade para asistir á escola de Skate



O Concello de Barreiros amplía a idade para asistir á escola de Skate. En vista do interese por participar nesta actividade, o Goberno local modifica as bases das Escolas Deportivas Municipais para que a rapazada de 13 e 14 anos tamén se poida anotar en Skate.

O inicio da actividade está previsto para o xoves 7 de novembro e impartirase todos os xoves de 16:00 a 17:15 h. No pavillón do CEIP San Miguel de Reinante.

As persoas interesadas poden inscribirse nas oficinas do Concello onde se vos facilitará a folla de inscrición ou tamén través da sede electrónica municipal ata cubrir as prazas.

Crean unha rede de saneamento na Chousa de Motín e melloran outra

O Concello de Cervo deu un paso importante na súa última sesión plenaria ao aprobar unha modificación de crédito do orzamento, utilizando parte do remanente líquido de tesourería do ano 2023. Este cambio permitirá financiar diversas actuacións que buscan mellorar a calidade de vida dos veciños.

A modificación orzamentaria, que ascende a un total de 326.252,39 euros, destinarase a tres importantes proxectos. Un deles á creación da rede de saneamento en "A Chousa de Motín". Cun investimento de 108.724,48 euros, o proxecto inclúe a instalación de sumidoiros de augas residuais en PVC, a renovación das acometidas domiciliarias e a

mellora da pavimentación dos tramos afectados, garantindo así unha accesibilidade óptima.

Tamén se renovará a rede de saneamento en Figueirido. Esta actuación, cun custo de 48.176,71 euros, consistirá no acondicionamento das redes de saneamento existentes, substituíndo tramos de abastecemento de auga que están en mal estado e repondo o pavimento danado. E por outra banda, mellorarán as comunicacións no núcleo da Senra: Por un importe de 169.351,20 euros, esta obra incluírá a retirada da capa de rodadura existente e o fresado dos firmes asfaltados, así como a instalación de canlóns de formigón para a recollida de

pluviais.

A alcaldesa, Dolores García Caramés, destacou a importancia destas obras para o desenvolvemento das zonas rurais do concello e resaltou que a xestión responsable das arcas públicas permite agora investir en proxectos que beneficiarán a todos os cidadáns. "A xestión eficiente non só se mide en números, senón na capacidade de investir ese excedente en iniciativas que respondan ás necesidades da nosa veciñanza," afirmou. Este compromiso coas infraestruturas, tanto en áreas urbanas como rurais, reafirma o obxectivo do goberno local de proporcionar servizos de calidade a todos os cidadáns.

Melloran a rede viaria en Espiñeirido

O Goberno local acomete traballos de mellora de distintas arterias de comunicación do lugar de Espiñeirido. En concreto, actuouse nun tramo de 680 metros lineais cuxa superficie total ascende a 2.380,00m². A alcaldesa, Dolores García Caramés, e a concelleira de Obras, Mali Méndez, achegáronse ata a zona para ver in situ a actuación que supón unha mellora da rede viaria deste burgo e que está cofinanciada pola Xunta de Galicia, con fondos AGADER dentro do Plan Marco de Melloras de Camiños Municipais de Acceso a Parcelas Agrícolas. A actuación supuxo un investimento de preto de 30.000 euros.

Caramés explicou que a obra foi concibida co obxectivo de mellorar o firme destes camiños coa incorporación dunha nova capa de saburra compactada, máis axeitada ás características do tráfico rodado que soportan estas pistas e tamén está prevista a mellora da seguridade viaria coa instalación de elementos de sinalización vertical.

Presentan a axenda teatral de novembro

Cervo presentou a súa axenda teatral para este mes. Esta iniciouse o domingo 3 co Grupo de Teatro A Mariña e a obra *Teatro contra o bullying: eres único e Rosalía Café*. Xa o sábado 16 Pico do Castro presenta *Trato a Cegas* ás 19.00 horas. O domingo 17 verase *Marina Club* de A Adala ás 19.00 horas. Para rematar, o sábado 23 ás 18.30 horas, Argalleiras trae *Autopista*.



Abre unha residencia de saúde mental que atenderá a toda Galicia

Abriu en Cervo unha nova residencia de saúde mental, que conta con capacidade para atender a 20 persoas. O centro será xestionado polo colectivo Saúde Mental da Mariña, que recibe unha achega anual de 15.000 euros da Deputación para sufragar os gastos de funcionamento. Durante o acto de inauguración, Carmela López destacou o compromiso da institución provincial con este tipo de proxectos, subliñando que "a saúde mental debe ser unha prioridade real e efectiva".

Na inauguración, que tivo lugar na Praza do Souto de Cervo, participaron tamén o presidente de Saúde Mental A Mariña, Jorge Manchado; o presidente de Saúde Mental FEAFES Galicia, José Ramón Girón García; e a alcaldesa de Cervo, Dolores García Caramés, ademais da deputada provincial Carmela López.

A Asociación Saúde Mental A Mariña naceu no ano 1999 coa finalidade de ofrecer atención continuada

ás persoas con enfermidades mentais na comarca da Mariña e apoiar ás súas familias, proporcionándolles ferramentas para afrontar situacións difíciles. A nova residencia, situada no centro de Cervo, atenderá pacientes de toda Galicia con trastorno mental persistente, de entre 18 e 60 anos.

Cervo colabora economicamente coa asociación Saúde Mental A Mariña reservando unha partida anual no seu orzamento para apoiar a esta entidade. A rexedora mantivo un encontro coa directora Xeral Técnica da asociación Saúde Mental A Mariña, María José Nóvoa, e co seu presidente, Jorge Manchado, no que aproveitaron para asinar un convenio de colaboración que supón unha axuda nominativa de 20.000 euros co obxectivo de que poidan manter a calidade do servizo extraordinario que prestan desde a entidade tanto ás persoas usuarias como ás familias.

Invisten 40.000 euros na iluminación na parroquia de Castelo



Estanse á a acometer traballos de mellora da iluminación na parroquia de Castelo, en concreto nos lugares de Motín e Castro, e que supoñen a instalación de 37 luminarias novas. A alcaldesa Dolores García Caramés, supervisou os traballos acompañada da concelleira Mali Méndez e do edil Alfredo Fernández, unhas obras que supuxeron un investimento de 40.000 euros cofinanciados entre o Concello e o Fondo de Compensación Ambiental da Xunta.

Proxectouse unha reforma da instalación do alumeadado público en parte soterrado o que embelece tamén os nosos barrios, coa instalación de novas luminarias que responden ao criterio da eficiencia enerxética, que supoñen un aforro da potencia instalada do 44 %. A alcaldesa explicou que con esta actuación seguimos investindo na mellora dos servizos nas nosas zonas rurais incidindo tamén no aspecto da mellora da seguridade ao reforzar a iluminación con novos puntos de luz.

E esta actuación –apuntou– non só implica a instalación en si de novas luminarias senón tamén o uso dunha tecnoloxía máis eficiente, que nos permitirá aforrar enerxía e reducir custes, en consonancia tamén coa nosa aposta polo respecto ambiental. Cada pequeno paso que damos neste senso é un avance cara a un futuro máis sustentable, apuntou. A alcaldesa tamén incidiu noutra importante obra que se vai acometer nos próximos meses tamén na parroquia de Castelo e que implicará a creación da rede de saneamento no lugar de "A Chousa de Motín", por un valor de 108.724,48 euros.

O proxecto contempla a creación dunha rede de sumidoiros de augas residuais en tubos de PVC entre pozos de rexistro e executaranse as acometidas domiciliarias, tamén se renovará a pavimentación dos tramos de calzada afectados, mellorando tamén as condicións de accesibilidade. Esta actuación sufragarase con fondos do remanente líquido de tesourería.

CENTENARIA



A alcaldesa de Cervo, Dolores García Caramés, quixo felicitar polo seu aniversario número cen neste día festivo tan especial á veciña Evangelina Martínez. A rexedora compartiu uns intres con ela e coa súa familia no seu fogar no lugar do Penido, en Cuiña, e entregoulle un ramo de flores como mostra de agarimo.

“Para min a música é unha necesidade”

Sabela Ramil Rivera, coñecida artisticamente como Sabela, actuou na Sala Clavicémbalo de Lugo por primeira vez na súa traxectoria profesional

Por Jessica Fernández

Sabela Ramil Rivera, coñecida artisticamente como Sabela, actuou na Sala Clavicémbalo de Lugo por primeira vez na súa traxectoria na música. “Tiña moitas ganas, porque ao ser a primeira vez, apeteciame moito estar nunha cidade con tanta historia e cultura e nunha sala tan mítica como o Clavi”, destaca.

De Bravos, Ourol, é unha cantante e compositora que se fixo coñecida pola súa participación no concurso musical de televisión *Operación Triunfo* no ano 2018, aínda que leva toda a vida ligada á música, xa que comezou tocando a gaita con 6 anos e con no conservatorio con 7, cursando o grao medio de clarinete. Con 16 anos empezou no mundo artístico ao formar parte do música tradicional galega, Muxarega, e tamén colaborou co acordeonista Andrés Penabad.

Con respecto aos seus estudos, marchou a estudar á Coruña, onde fixo Terapia Ocupacional e, logo, decidiu especializarse cun máster en musicoterapia, que fixo en Vitoria, mentres ía a clases de canto impartidas por Rosa Cedrón.

Na súa traxectoria individual, formou o dúo Bahut xunto ao guitarrista Mateo Bruquetas, co que realizaba ac-

tuacións en pequenos locais, vodas e, mentres, preparaba o lanzamento dun disco antes da súa entrada en Operación Triunfo. Despois dese fito na súa carreira, en 2019 sacou o seu primeiro álbum “Despedida”, no que mestura cancións en galego con temas en castelán.

SABELA, NA INTIMIDADE. A cantante e música de Ourol, que agora vive entre Viveiro e Madrid, di que se sente moi orgullosa das súas orixes, xa que “nacín e crecín en Ourol e nas Pontes, así como gran parte da miña familia é de Viveiro, polo que crecín na Mariña lucense e rodeada de natureza e nunha comunidade na que había moita actividade cultural. Para min, o que lle dá sentido ás festas é a música. Ademais, na miña familia tamén hai artistas e iso lévoa comigo e influíume a ser quen son”, sostén.

Por outra banda, destaca que, para ela, a música non é unha afección, senón que é “unha necesidade. Dun xeito ou doutro, desde pequena estou ligada á música e aínda que non estivera na industria musical, sempre estaría involucrada na música, porque é parte da miña identidade e levareina comigo á tumba”, subliña. Agora, coa xira de concertos que



está a facer arredor de diferentes localizacións en Galicia, vemos que non hai ningunha parada na Mariña, polo que, ao ser preguntada por se lle gustaría facer algún concerto na súa zona, responde que lle encantaría. “Eu encantada de tocar ao lado da casa, supoño que é máis doado porque estás coa xente que te coñece. Porén, eu sempre me poño nerviosa nos concertos porque quero conseguir que a xente disfrute e marche cunha experiencia positiva. Cada concerto é unha experiencia única e ningún é igual. Pero si, oxalá poidamos ir algunha vez a actuar na Mariña”, sostén Sabela.

‘HI, MY LOVE’, A XIRA. En Lugo, Sabela presentará o seu novo tema ‘Eu Espero Aquí’, unha proposta ambiciosa de levar o seu xa característico pop electrónico a un son máis internacional, pero mantendo ben presentes as súas raíces. ‘Eu Espero Aquí’ é o segundo traballo en conxunto na produción entre Sabela

e Ed Is Dead. Ed é un recoñecido e prestixioso DJ e produtor de música electrónica a nivel internacional.

Nesta ocasión, ademais da produción xunto a Ed, Sabela traballou na composición xunto á súa compañeira de edición en Operación Triunfo, África. A artista de Ourol destaca a admiración pola forma de construír melodías da súa compañeira, coa que comezou a compoñer esta canción fai tempo, e que despois adaptou para levala ao galego e baixo ese toque electrónico tan característico de Ed Is Dead.

Este sinxelo é o segundo adianto, tras ‘Hi, My Love’, do seu novo Extended Play (EP), que é como se coñecen actualmente aos álbums musicais. Este espera ver a luz en medio a finais deste ano 2024.

Sabela cualifica dos concertos que formaron parte da xira ‘Hi, my love’ ata o de agora como “moi bos” e di estar “moi contenta con esta nova etapa, que é un pouco máis cañeira, aínda que quedan moitos temas

por saír”. E valora positivamente a acollida do público, xa que di que “á xente gústalle esta nova versión e estao desfrutando moito e fanmo chegar. Esta nova versión mantén a miña esencia, pero ten bastante máis enerxía a nivel de movemento e texturas musicais. Con esta inspiración de pop electrónico, ofrece e unha enerxía renovada e viva”, argumenta.

Con respecto aos proxectos futuros, di que agora está “moi centrada en sacar este álbum a finais de ano” e despois, a medio-longo prazo di que quere facer un tema musical para algunha serie ou película. “Gustaríame probar a poñerlle música, unha canción especial, a unha película. A música que fago dá bastante pé a utilízala en cine, xa que utilizo texturas e podería encaixar en calquera película; a música é arte. Sería bonito facer unha canción que forme parte da banda sonora ou da cabeceira dunha película, pero véxoo como unha idea de futuro”, conclúe Sabela.

Convocadas dúas charlas, sobre autoconhecimento e estafas con móbiles

O Concello de Ourol oferta un taller de arte e autoconhecimento, o día 22 de novembro, de 16.30 horas a 18.30 horas no edificio Multiusos de Ourol. Este taller de arte, segundo trasladan, ofrece un espazo creativo onde as persoas participantes poden expresarse libremente a través do arte.

No é necesario ter coñecementos nin habilidades para o debuxo. Mediante técnicas como o debuxo, a pintura, o barro ou o collage, as persoas poden expresar os seus sentimentos e vivencias.

Hai prazas limitadas e calquera persoa interesada deberá inscribirse a través do 982 559 019 ou 608 694 051.

Por outra banda, en colaboración coa Garda Civil, vaise a levar a cabo na localidade unha charla sobre as estafas a través dos teléfonos móbiles e outros problemas de seguridade nas persoas maiores.

Esta sesión está enmarcada dentro do Plan Maior de Seguridade posto en marcha polo Ministerio de Interior dirixido á prevención e mellora da seguridade das persoas maiores.

Terá lugar no Edificio Multiusos do Concello o xoves 14 de novembro ás 11.00 horas. Para máis información ou ben para anotarse poden dirixirse ó Departamento de Servizos Sociais do Concello de Ourol (982 559 109/677 489 457).

A Deputación anuncia o esperado investimento para abrir unha vía

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo vén de aprobar un investimento de máis de 400.000 euros para mellorar diferentes infraestruturas dos concellos de Ourol, Burela e A Fonsagrada. Así o avanzou a voceira socialista, Pilar García Porto, tras a reunión ordinaria do Executivo provincial.

En Ourol, a Deputación achegará preto de 180.000 euros en dúas anualidades para levar a cabo a apertura dun vial nunha parcela rústica que se sitúa ao lado da Casa do Concello e para acondicionar dúas beirarrúas da contorna. Segundo apuntou a deputada, nesta zona concéntrase a maioría dos servizos municipais, como o edificio multiusos, o punto limpo, a área de caravanas ou a piscina,



“polo que con este acordo non só melloraremos a accesibilidade dos veciños e veciñas a estes recursos, senón que tamén a súa seguridade e comodidade”. Explicou ademais que este investimento in-

clúe a humanización da contorna mediante a instalación de bancos, árbores e o correspondente alumeadado.

Trátase dunha obra demandada pola veciñanza.

A XVII Feira de Artesanía e Antigüidades regresa na ponte de decembro



A Pontenova celebrará a súa XVII Feira de Antigüidades e Artesanía, unha cita fixada xa no calendario para os días 6, 7 e 8 de decembro. Tamén terá lugar a VIII Xuntanza de vespas, motos e coches clásicos.

Unha oportunidade de gozar dos numerosos postos de artesanía de diferentes zonas xeográficas españolas, onde se expoñen artigos de cestería, carpintería, complementos en tea, xoiería ou coiro. Poderanse ver obradoiros artesáns en vivo sobre forxa de fe-

rro, torno de madeira ou cestería, entre outros.

Os horarios establecidos son de 11.00 horas a 14.00 horas de mañá e pola tarde de 16.00 horas a 21.00 horas, agás o domingo que será ata as 20.00 horas.

Desta forma, ano tras ano, a Feira de Antigüidades e Artesanía da Pontenova convértese nunha cita referente para os amantes da artesanía e as antigüidades. E non só de Galicia, senón de múltiples rexións de España e mesmo outros países como Francia ou Portugal.

A Ruta Ecuestre de Equus Norte será o 12 de abril

A 9ª Ruta Ecuestre organizada por Equus Norte celebrárase o vindeiro 12 de abril. O programa aínda non está publicado pero seguramente sexa como o de outras edicións anteriores. Trátase duna proposta que, convocatoria a convocatoria, xa se foi consolidando no calendario do municipio,

O colectivo adoita deixarse ver cos seus equinos por diante da Praza dos Fornos para percorrer con eles lugares próximos ao río e paisaxes naturais polas parroquias e rutas da localidade. Así mesmo participan en rutas noutros concellos e toman parte noutras xuntanzas. Ademais, a asociación ecuestre, consciente do

forte tirón dos eventos cabalares, foi encargada tamén de poñer en marcha no mes de xullo a primeira rapa das bestas na Pontenova, coa colaboración do Concello, da Vicepresidencia da Deputación de Lugo e de Puraga.

Con esta iniciativa, cuxa idea se remonta ao ano 2023, amósase non só o arraigo cultural e a tradición, senón que tamén serve para concienciar sobre o respecto cara ós animais, poñer en valor o cabalo de monte e a actividade gandeira. Segundo trasladaron, o obxectivo tamén é apostar por esta proposta coa que pretenden dinamizar a oferta de actividades no concello.

Amplían o programa municipal de actividades con pilates

O Concello, en colaboración co CIT A Pontenova, organiza novas clases de pilates para fomentar o benestar e a actividade física entre a comunidade. As sesións terán lugar na Casa do Salmón e estarán dispoñibles os luns e mércores en horario nocturno, de 22.30 a 23.30 horas, ideal para aqueles que precisan un momento de descanso despois do día laboral. As clases serán impartidas por Alba Fernández

Lodeiro, unha profesional cualificada en actividades físicas.

O custo será de 12 euros para os socios e socias do C.I.T., e de 14 euros para aqueles que non sexan socios. Para obter máis información ou inscribirse, pódese contactar con María José no teléfono 661 909 152. Esta é unha oportunidade excelente para mellorar a flexibilidade, reducir o estrés e manterse activo nun ambiente acolledor.

A Chocolateira organiza xornadas de baile tradicional foliadeiro

Na Pontenova deu comezo unha nova iniciativa que busca promover o folclore local e a cultura tradicional galega a través das clases de baile tradicional foliadeiro. As sesións serán impartidas por Adrián Méndez, membro do coñecido grupo Ninghures, e están abertas tanto a nenos e nenas a partir de tres anos como a adultos.

As clases terán lugar nas mañás dos sábados e ofrecerán unha oportunidade única para aprender e desfrutar das danzas populares galegas, promovendo a cultura e o entretemento en comunidade. A organización corre a cargo da asociación musical A Chocolateira, co apoio do Concello de A Pontenova. En canto aos prezos, os socios poderán asistir por 7 euros ao mes, mentres que para os non socios o custo será de 15 euros ao mes.

Para máis información, as persoas interesadas poden contactar nos números de teléfono 610 947 738 ou 653 434 712. Esta actividade busca crear un espazo de lecer e aprendizaxe interxeracional, onde grandes e pequenos poidan coñecer e gozar da rica tradición do baile galego.

A ANPA ofrece un curso de artes plásticas no centro

A ANPA do CEIP da Pontenova amplía a súa oferta de propostas cun curso extraescolar de artes plásticas creativas, proposta innovadora para nenos e nenas de entre 6 e 12 anos a través da que ofrecen actividades que fomentan a imaxinación e a expresión artística. Impartido por Rocio Fernández Paz, o curso busca estimular a creatividade a través de diversas técnicas plásticas, como estampación, collage, modelado e reciclaxe.

O programa, que se desenvolverá ao longo de todo o curso escolar, contará cunha sesión mensual dedicada a unha técnica específica, onde os participantes experimentarán con materiais variados, incluíndo papel, cartón, feltro e máis. Ademais, todos os materiais están incluídos no prezo de 20 euros por mes. Os obxectivos deste curso inclúen o desenvolvemento do pensamento abstracto, a motricidade fina, a expresión dos sentimentos e a planificación de proxectos.

Unha rapaza gaña o concurso da Federación de Automobilismo



No Concello de Outeiro de Rei, levoase a cabo a presentación oficial do deseño gañador do concurso de debuxo organizado pola Federación Galega de Automobilismo (FGA), unha iniciativa dirixida aos estudantes de primaria.

Nesta edición participaron máis de 700 nenos provenientes de 12 colexios da provincia. O primeiro premio foi outorgado a África García, unha nena de 10 anos do CEI da Pontenova, quen destacou pola súa

creatividade e orixinalidade na súa obra. Ese mesmo deseño foi o utilizado para o Renault Clio Rally5 de Álvaro Castro Laiño e Isidro Rey. O evento contou coa presenza de autoridades locais, representantes da FGA e docentes dos colexios participantes, que resaltaron a gran participación e o entusiasmo mostrado polos nenos nesta actividade. Este concurso ten como obxectivo promover o deporte e a creatividade nos máis pequenos a través da arte.

Correxirán as problemáticas na vivenda comunitaria

Desde hai máis dun ano, as usuarias e usuarios da vivenda comunitaria da Pontenova que pertence ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia veñen formulando queixas pola calidade da comida servida por unha empresa de catering. O BNG desde un primeiro momento estivo en contacto cos usuarios e usuarias deste servizo, que son nove agora mesmo. O concelleiro Xorxe Gómez Rico mantivo contactos durante todo este tempo cos maiores aloxados na vivenda facendo seguimento da situación da mesma.

Así mesmo o deputado mariño Daniel Castro reuniuse tamén con eles e Olalla Rodil que tamén recolleu as súas demandas rexistrou iniciativas ao respecto no Parlamento. Un representante da empresa reuniuse cos usuarios

e ante o portavoz dos mesmos, Manuel Pérez Vázquez e máis do edil nacionalista Xorxe Gómez Rico comprometeuse a corrixir as eivas e normalizar o servizo para que sexa ofrecido nas debidas condicións.

Desde o BNG congratúlase de que este problema entrara e vías de solución e recordan tamén que en materia de servizos sociais e atención ás persoas maiores hai que impulsar un modelo que supere a consideración das persoas usuarias dos servizos sociais en xeral e das maiores en particular, como mexas receptoras de servizos para ser consideradas suxeitos de dereitos, e promover a súa capacidade de decisión, plena e autónoma, a súa participación así como o desenvolvemento do seu proxecto de vida garantindo os medios e apoios para tal fin.

Entregan os premios da gran feira tradicional das San Lucas



O vicepresidente da Deputación de Lugo Efrén Castro achegouse a Mondoñedo para participar dos actos do día grande das San Lucas. Alí, visitou o campo da feira onde se xuntan as grellas de cabalos das ganderías e participou na entrega de premios aos mellores animais e aos maiores grupos de cabalos na feira e na baixada tradicional que se celebrou na véspera. O responsable provincial destacou “a vitalidade e dinamismo da feira cunha tradición secular, que é motivo de orgullo para Mondoñedo e para todo o país, porque reflicte o pouso cultural e social de séculos de traballo arredor do cabalo e do monte”.

Valorou tamén “o compromiso das ganderías que participan na baixada tradicional e da organización coa continuidade das San Lucas”. A Vicepresidencia da Deputación de Lugo colabora coa organización das feiras cunha achega de 20.000 euros. As ganderías con maior número de cabezas de gando cabalar

de monte na baixada tradicional foron Xan das Bouzas, Javier Ares de Abadin e Tania Pérez, mentres que as con grupo maior de 20 cabezas non baixadas ao xeito tradicional foron as de Abel Sánchez e Gasalla. Os premiados ao Mellor Cabalo de Pura Raza Galega foron Diego Terrón con Xunco e Adrián Mariño Domingo de Boimente e no caso de Mellor Cabalo de Pura Raza Arabe resultaron gañadores Noa Doce Romero e Francisco Arias.

Pola súa parte, o Mellor Cabalo de Pura Raza Española foi para Andrés Veiga con Chocolate e no caso de Mellor Cabalo de Silla premiaron a Kika Basila con Medlot e a Ana Acevedo Iglesias con Sera. Como Mellor Cabalo de Tiro gañaron Alfonso Ortega con Rayo e Carlos Fraga con Luna. O premio de mellor burro foi para Andrés Veiga con Platero e Juan Jamardo con Marina. Gabriel Rojo con Pichón e Fernando Rouco con Careto fixéronse co Mellor Poldro Nado en 2024.

Homenaxean a Andrea López Chao cunha viaxe a Cuba

Arrancou o día 8 a Expedición a Cuba, o programa da viaxe que se celebrará ata o 19 de novembro con visitas ás localidades de A Habana, Cienfuegos, Trinidad, Varadero e Pinar del Río.

Entre os actos máis destacados que se desenvolven na capital cubana, A Habana, está a colocación dunha placa conmemorativa no Colexio Concepción Arenal, onde Andrea foi directora. Tamén se visitará o antigo Centro Galego, o Balneario e o Hospital da Sociedade Hijas de Galicia, institución que Andrea impulsou como vicepresidenta, e ao que se doarán medicamentos

procedentes de Galicia. Ademais, está prevista unha ofrenda floral no Cemeterio Colón, onde se atopan as tumbas de moitos galegos patrocinadas polas Sociedades de Beneficencia, incluído o mausoleo de Andrea.

Outros eventos inclúen xornadas de confraternidade coa Agrupación de Sociedades galego-cubanas e unha xornada cultural sobre a mestra e xornalista Mercedes Vieito, organizada pola Cátedra de Cultura Galega da Universidade de A Habana, que terá lugar no Palacio do Segundo Cabo. O grupo expedicionario está composto por unhas 40 persoas.

Avanza na rehabilitación de dous inmobles na rúa Álvaro Cunqueiro

O Concello de Mondoñedo avanza no programa Rexurbe outorgando dúas licencias máis ao Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) para a rehabilitación de dous inmobles na rúa Álvaro Cunqueiro, que une o barrio dos Muíños coa praza da Catedral e que é unha zona “moi necesitada de intervención en rehabilitación”. O investimento para o proxecto de rehabilitación dos edificios para habilitar catro vivendas e un local para artistas supera os 725.000 euros. As dúas edificacións que serán obxecto de mellora están situadas nos números 12 e 34 da rúa Álvaro Cunqueiro, que se inclúe dentro do Conxunto Histórico de Mondoñedo e no trazado do Camiño Norte, declarado Ben de Interese Cultural.

Os inmobles foran adquiridos pola Xunta de Galicia no marco do programa Rexurbe, mediante o que merca inmobles en conxuntos históricos para a súa posterior rehabilitación como vivendas de réxime de alugueiro social. A proxecto contempla un investimento de preto de 400.000 euros (396.611,50 euros) na edificación da rúa Álva-



ro Cunqueiro número 12 para dar paso, unha vez reformado, a vivendas na planta primeira e segunda e residencial de categoría 2ª cun espazo común na planta baixa. A intervención na edificación do número 34 alcanza os 330.000 euros para habilitar dúas vivendas de dous dormitorios con accesos diferenciados: unha en catro niveis e con acceso dende a rúa Álvaro Cunqueiro e outra en dúas plantas e con acceso dende Camiño Pardiñas.

O goberno local amosa unha vez máis o seu “compromiso coa rehabilitación e a posta en valor do noso casco histórico”, unha das liñas de

traballo que recolle a segunda fase plan ‘Mondoñedo, Municipio para Investir’. Tamén destacan que “a través da Área Rexurbe, o Concello atrae investimento da Xunta de Galicia para poñer vivendas a disposición das familias e favorecer o asentamento de poboación”.

ÁREA REXURBE. O Concello de Mondoñedo foi o primeiro de Galicia, en febreiro do 2020, en ter declarada unha Área Rexurbe que comprende o conxunto histórico do municipio e unha zona contigua que, na súa totalidade, supón unha superficie de 0,45 km² na que se localizan 704 edificios e 915 vivendas.

Un concurso elixe as mellores imaxes da vila para o seu calendario

O Concello de Mondoñedo, a través da Concellería de Cultura, convoca o IX Concurso de Fotografía O Mellor Recuncho de Mondoñedo baixo o lema Elixo o lugar de Mondoñedo que máis che gusta que ten por finalidade a elaboración dun calendario para o vindeiro ano 2025 coas mellores fotografías de recunchos da localidade. O presente está destinado á elección de trece fotografías, unha para cada mes do ano, que ilustrarán o calendario municipal do ano 2025, máis unha para a portada do mesmo.

De entre todas as imaxes elixiránse ás tres mellores outorgándolles premio individual tal como se relata no punto correspondente. A proposta está aberta a todas as persoas físicas que desexen participar agás aquelas vencelladas de forma directa co Concello de Mondoñedo, así como a familiares de 1o e 2o grao ascendentes e descendentes das persoas que integren o xurado así como as súas



respectivas parellas.

Cada participante poderá presentar só unha foto ao concurso ata o 30 de novembro. As fotos presentaranse en soporte dixital no seguinte enderezo de correo electrónico: recunchosdemondonedo@gmail.com e deberase indicar no asunto “Concurso Fotografía 2024”. No corpo do correo incluírase o nome do participante e un número de teléfono de contacto. As imaxes non poderán levar marcas de auga de ningún tipo, nomes sobrepostos, marcas derivadas dos teléfonos móbiles, marcas en xeral, comentarios ou similares que puidesen permitir a identificación a autoría da imaxe.



O Motoclub N-634 anuncia a súa Papanoelada Moteira

Un ano máis, o Motoclub N-634 de Mondoñedo anuncia a súa Papanoelada Moteira. Será o 21 de decembro cando Papa Noel chegue á vila coas motos máis que presentes. “É unha xornada cos nenos e nenas como protagonistas e si se fai é con este motivo. Preferiblemente hai que vir vestido de Papa Noel, o 90% xa soe vir e podemos xuntarnos unhas 100 persoas, pero dependerá do tempo”, explica Miguel Arias, presidente do Motoclub.

Indica que o que máis hai son nenos e nenas porque montan inchables, vén Papa Noel para recibilos e darlles unhas lambetadas e pasan un día diferente. Tamén haberá chocolate quente, madalenas de balde ata esgotar existencias e un sorteo para o goce de quen se achegue nesta data de Nadal.

Mondoñedo

Esperanza González e Eloi Cabanas apostan por fixar poboación, promover a actividade agrícola e centrarse nas parroquias

Lucía Blanco

O control de Goberno é unha das tarefas que lle corresponde á oposición de cada concello, que tamén se encarga de detectar as necesidades da veciñanza. Esperanza González do PSOE e o nacionalista Eloi Cabanas exercen estas funcións no municipio de Mondoñedo e apostan por promover a actividade agrícola, gandeira e empresarial, fixar poboación e destinar máis investimentos para as distintas parroquias. “Nós entendemos a oposición como algo construtivo, estamos aquí para aportar solucións con outros puntos de vista que contribúan a mellorar a vida da nosa veciñanza”.

Baixo esa filosofía defende o seu labor a voceira socialista, partido no que milita dende hai máis de 25 anos, aínda que comezou a súa traxectoria como concelleira no 2014, substituíndo a Modesto Díaz no Goberno municipal. “Un representante municipal debe ser accesible aos seus veciños e veciñas e ser capaz de estar alí onde hai un problema para buscar solucións e trasladalas a quen ten responsabilidades de xestión”, defende pola súa parte



Cabanas, que se uniu á vida municipal hai xa nove anos despois de tempo participando nas asembleas locais do BNG, ao que se afiliou no 2007.

“Desde pequeno sempre me rodeou un ambiente no que se falaba moito de política municipal e autonómica, recordo ir con meus pais a principios dos anos 90 a Santiago ás manifestacións contra a Supertaxa”. En canto á remuneración económica que perciben os grupos municipais, Mondoñedo podería definirse como unha vila atípica. Na corporación, “agás catro membros do equipo de goberno que teñen cadansúa dedicación parcial o resto dos membros da corporación non temos ningunha relación salarial co concello”. Así que “non cobramos nin un só euro nin por asistir a plenos nin a comisións, nin o Goberno nin a oposición, algo que acontece dende fai moitos anos”, comenta Esperanza, á que o interese pola política lle vén de lonxe, concretamente dende a súa formación académica.

Para ela solucionar os problemas dos mindonienses é o principal obxectivo nunha vila na que quere poñer en valor “o inxente traballo que realiza o tecido das asociacións e colectivos, sen o seu traballo gran parte das actividades culturais, lúdicas e deportivas actualmente non serían posible”. Asegura que as persoas que conforman a candidatura socialista fano porque están convencidas de que “entre todos podemos mellorar o futuro de Mondoñedo”, polo a que a pesar das horas e o esforzo que esixe o seu labor paga a pena.

A dedicación de Eloi como representante na corporación está motivada por unha clara vocación de servizo público por iso “o tempo

que me ocupa fágoo con moitas gañas e humildade pero é certo que o tempo hai que quitalo dalgún lado e desgraciadamente sempre o acaban sufrindo as persoas que están máis preto na túa

BNG: “A política municipal é iso, facer que o concello avance, facelo máis habitable”

vida”. Traballar “convencido de que estás desempeñando un papel importante que pode beneficiar a vida da veciñanza e pensar nun Mondoñedo mellor para o futuro” danlle sentido ao seu rol. “A política municipal é iso, facer que o concello avance, facelo máis habitable, mudar dinámicas e aumentar o desenvolvemento e o benestar de todos e todas”.

No relativo ás relacións co equipo de Goberno, ambos defínenas como cordiais. “Moitas veces as críticas e o debate poden xerar por momentos algún tipo de rabia ou mal estar pero o certo é que nos levamos ben e sabemos diferenciar a confrontación política do trato persoal”, di o nacionalista. Para González, Mondoñedo “é un lugar grande na historia, pero un lugar pequeno onde todos nos coñecemos e sabemos de onde vivimos. A relación é cordial como non podía ser doutro xeito, porque todos somos veciños”.

CENTRO DE DÍA. O traballo de escoita, participación e ao mesmo tempo achegar as demandas que non son atendidas ao Goberno municipal marcan a súa liña de traballo, baseada nunha visión

progresista, feminista e ecoloxista e onde recolle propostas como impulsar a creación de comunidades enerxéticas, potenciar as Escolas Deportivas con máis persoal, a construción dunha instalación para o benestar animal ou axudas para o asentamento de empresas.

Os maiores son uns dos grupos nos que centran tamén as súas medidas que contemplan incentivos para o pago do recibo da luz, a través dunha nova ordenanza municipal, aos que teñan dificultades ou crear un centro de día público. Para Eloi o municipio precisa rachar “coa dinámica negativa actual de perda de poboación e é necesario un proxecto práctico orientado a impulsar o dinamismo socio-económico” con medidas de benestar social, fomento do emprego, ordenación do territorio e desenvolvemento rural entre outras.

“Segue pendente ese Plan de Recuperación de Emprego e da Actividade Económica prometido polo PP da Xunta no 2012 logo do ERE de Mobles Hermida e de que o Grupo FINSA, propietario da fábrica Aglomerados ECAR, cerrara as súas portas. A xente nova marcha e unha vez que rematan os seus estudos non atopan traballo na nosa localidade onde desenvolver as súas carreiras”. Unhas demandas que tamén comparte a voceira do grupo socialista.

ZONA RURAL. “Mondoñedo precisa, nestes intres, centrarse en priorizar a creación de emprego, promover a actividade agrícola, gandeira e empresarial, impulsar o comercio local, dinamizar o tecido asociativo, fomentar o turismo, pero sobre todo políticas activas para atraer e fixar poboación no noso Concello”. Sen esquecerse das parroquias, pois entende que precisan máis acción e investimento. Sobre a pola modernización da zona rural, Cabanas opta por asumir un papel activo “na promoción de alternativas contra a elevada fragmentación da propiedade para mellorar as condicións de produción na agricultura, na gandería e no sector forestal”, así como corrixir as deficiencias nos espazos públicos de todo o municipio.

“A cidade e a contorna deben presentar sempre unha boa imaxe a visitantes e turistas, isto non está a acontecer, temos queixas nese senso tódolos días”. A falta de vivenda completa as súas preocupacións. “Non se constrúe nada. En Mondoñedo temos 39 demandantes de vivenda pública que se poderían establecer aquí e non atopan solución e por riba o Plan Rexurbe avanza con moita lentitude”, conclúe.



PSOE: “A xente nova marcha e unha vez que rematan os seus estudos non atopan traballo na localidade onde desenvolver as súas carreiras”

Ampla participación na sexta edición do certame de teatro

Grupos das catro provincias galegas participarán na sexta edición do certame de teatro Concello de Lourenzá, que comezará o venres 1 de novembro, Día de Tódolos Santos. O grupo Pico do Castro, de Foz, coa obra Mal do miolo, será o encargado de abrir este certame que se desenvolverá ata o 8 de decembro.

Participan nesta edición tres grupos da provincia de Lugo (Pico do Castro, de Foz; Aturuxeiros, de Bravos (Ouro), e Ollomao, de Barreiros); dous das provincias de A Coruña (O Catre, de As Pontes, e Muiñeiras do vento, de Ferrol) e Pontevedra (Candelas, de Portas, e Aveláña) e unha de Ourense (AT Coles).

O concelleiro de Cultura, Manuel Arango Ron, explica que “as representacións serán todas ás 18 horas en domingos e festivos no multiusos Ponte de Cuñas. As entradas terán un custo de 4 euros. A gala de entrega de premios será o día 21 de decembro ás 20 horas cunha actuación aínda por determinar, neste caso a entrada será de balde”.

Senadores populares piden a rehabilitación do mosteiro de San Salvador



Os senadores do PP lucense -José Manuel Barreiro, José Manuel Balteiro e Juan Serrano- instan ao Goberno de España a liderar e financiar con cargo a fondos estatais a obra de rehabilitación integral do mosteiro de San Salvador de Vilanova de Lourenzá. Os representantes do PP lucense na Cámara Alta explicaron a iniciativa durante unha visita ao templo acompañados por representantes da Asociación Patrimonio Laurentino e concelleiros do Grupo Municipal Popular.

Concretamente, dirixíronse ao Executivo central para que elabore e

execute un proxecto de intervención, en solitario ou en concorrencia con outras administracións, co fin de “preservar, protexer e poñer en valor esta xoia patrimonial, arquitectónica e relixiosa”.

Os senadores do PP explican que “desafortunadamente hoxe algunhas das súas estancias presentan gran deterioro o que non só está a impedir que sexan obxecto de visitas, senón que compromete a súa preservación de cara ao futuro, a pesar do seu importante valor como xoia do patrimonio histórico, cultural e relixioso”, aseguran.

A Deputación financiará na vila as actividades de dinamización infantil

A Xunta de Goberno da Deputación aproba un acordo co municipio de Lourenzá para financiar o programa Actividades de Dinamización Infantil Tempo de Lecer. A institución provincial destinará 25.000 euros á entidade local para desenvolver durante os meses de xuño, xullo e agosto un amplo e variado programa cultural e de lecer, co obxectivo “de facilitar a conciliación familiar durante as vacacións escolares, pois permitirá ao concello laurentino ofrecer 258 prazas para os máis pequenos da casa”, explicou Pablo Rivera.

Ademais, na Xunta de Goberno aprobouse unha addenda de modificación no convenio de colaboración co concello da Pontenova para a compra dun camión recolector compactador de residuos, que inclúe un anticipo do 10 % sobre un orzamento total



de 160.000 euros para axilizar o proceso.

Tamén, saíu adiante a licitación do contrato de subministro de papel de fibra virxe, necesario para os distintos departamentos provinciais, cun orzamento de 13.000 euros, e un ano de duración sen posibilidade de prórroga.

Traballan nos ríos Baos e Batán para mellorar o fluxo das augas



A Xunta de Galicia, a través de Augas de Galicia e a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, iniciou labores de conservación e limpeza nos tramos interurbanos dos ríos Baos e Batán no concello de Lourenzá. Estas actuacións teñen como obxectivo mellorar a circulación das augas e evitar obstrucións nos leitos fluviais.

Segundo explicou o delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, as intervencións no río Baos comezaron o 24 de outubro e continuarán ata o día 29. Pola súa parte, os traballos no

río Batán comezarán o 30 de outubro e finalizarán o 5 de novembro. As labores consisten na retirada de árbores caídas e na limpeza das canles para facilitar o paso fluído das augas. Estas actuacións forman parte dun programa de mantemento e conservación das bacías fluviais de Galicia-Costa, promovido por Augas de Galicia. O obxectivo é garantir a preservación dos ecosistemas naturais nas zonas onde a Xunta ten competencias, fóra dos tramos urbanos que son responsabilidade dos concellos.

O PP demanda medidas urxentes pola praga de pombas da localidade

O PP de Lourenzá pide ao goberno municipal que “tome medidas de forma urxente” ante o malestar que xera entre os veciños e veciñas de Vilanova “a invasión de pombas que viven e anían en casas abandonadas da contorna Linares Rivas coma a Casa de Cándido e mesmo na igrexa e no mosteiro”.

Os populares instan ao Concello a estudar medidas para o control de pragas deste tipo de forma efectiva e respectuosa co medio ambiente e desenvolver o método que se considere máis axeitado como poden ser repelentes naturais ou inhibidores ultrasónicos, entre outros.

Os concelleiros do PP explican que “os veciños están fartos” porque os excrementos da gran cantidade destas aves causa danos nos tellados, arruína a aparencia dos edificios, provoca acumulación de sucidade nas rúas da zona e obstrúe canlóns e outros sistemas de drenaxe.

Hai que lembrar, indican, ademais, que “a incontrolada proliferación destas aves poden portar enfermidades que poden ser transferidas a humanos”.

Os populares convidan ao goberno local “a tomar en serio este problema” que se pode incrementar e ter importantes consecuencias.

Tamén convidan aos responsables municipais a atender as súas competencias por lei como é a de ordenar a execución das obras necesarias para conservar as edificacións en condicións de seguridade, salubridade e ornato público no caso de que non as manteñan os seus propietarios.

“É importante tomar certas medidas para previr que as pombas aníen como poden ser o selado de portas, fiestras e gretas en edificacións abandonadas”, así coma “evitar o estancamento de augas”; ademais de “evitar alimentar a estas aves”, segundo indican.

A asociación Osorio Gutiérrez fomenta a tradición con clases de baile e pandeirata

A Asociación Cultural Osorio Gutiérrez inaugura este curso 2024-2025 con actividades dirixidas tanto a nenos como a adultos a partir dos 3 anos. A proposta inclúe un mes de proba gratuíto, co obxectivo de chegar a música e a danza tradicional galega á comunidade. As clases impártese ao longo da semana en diferentes horarios.

Os martes é a quenda das clases de pandeirata para adultos a cargo de Elena para o nivel de iniciación. Os xoves de 18.00 a 19.30 horas terán baile e pandeirata Infantil, con opción de iniciación a cargo de Elena e perfeccionamento con Pedro Brañas. De 20.30 a 22.30 horas é a quenda do baile e pandeirata para Adultos, centrado no perfeccionamento, tamén con Pedro Brañas. Os venres se 19.00 a 20.30, haberá clases de gaita e percusión impartidas por Pablo Peláez.

A asociación invita a todas as persoas interesadas a obter máis información chamando ao teléfono 616 636 320. A oferta abrangue diferentes niveis e disciplinas, sempre coa intención de promover a cultura tradicional galega mediante o baile, a pandeirata, a gaita e a percusión.

A ANPA denuncia “a continua falta de interese da administración”

Despois de semanas de mobilizacións e presión por parte das familias, os nenos do CEIP Plurilingüe Castro de Ouro volveron ás aulas por responsabilidade dos pais. Porén, este regreso produciuse baixo a ameaza de expedientes de absentismo, “unha medida que a administración empregou para debilitar a loita das familias, en lugar de buscar solucións reais aos problemas educativos que afectan ao centro”, indican as familias.

O que resulta aínda máis “preocupante e indignante” para as familias foi o sucedido o pasado mércores, cando as familias decidiron que os seus fillos volvesen ás aulas. A inspectora de educación, que leva o control deste colexio, visitou o centro cunha única e clara intención: contar o número de nenos presentes nas aulas.

“Este feito parécenos denigrante e unha auténtica falta de respecto ás familias”, indican desde a ANPA e engaden, “no canto de acudir para dialogar ou para avaliar as necesidades educativas do centro, que levan máis dun mes sendo ignoradas, limitouse a verificar se as familias enviaran os seus fillos ao colexio”,



sen preocuparse polos verdadeiros problemas, “unha razón máis para afirmar que para a Xunta os nosos fillos e fillas son simples números”, conclúen.

As familias denuncian que “non só non se reuniu coa dirección do centro, senón que tamén evitou calquera contacto coa orientadora”, que ese día estaba no colexio, e, o que resulta aínda máis grave, non quixo falar coas familias, “nin sequera houbo un aviso da súa visita”, subliñan. Este comportamento demostra “a falta de interese real por parte da administración nas dificultades edu-

cativas que levan semanas sendo denunciadas”. As peticións da ANPA son claras e sostidas, “esiximos a incorporación inmediata dunha especialista en Pedagogía Terapéutica (PT) para atender adecuadamente ao alumnado con necesidades educativas especiais”.

Ademais, “pedimos que se realice unha avaliación das necesidades do centro por parte da administración, de maneira transparente e colaborativa”, e que se establezan os recursos necesarios para garantir unha educación de calidade para todos os alumnos e alumnas.

Alfoz abre a súa pista de pádel coa nova cuberta



O Concello de Alfoz informa que recentemente foi certificada a obra da cuberta da pista de pádel municipal, cun investimento de 96.899,15 euros. Esta actuación levouse a cabo grazas ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Alfoz, dentro do marco das actuacións previstas para a anualidade de 2023, que inclúen a cuberta da pista de pádel (con honorarios) e mobiliario da vivenda social en Lagoa.

Deste xeito, a pista de pádel municipal queda aberta para todos os usuarios que desexen facer uso dela. Con esta mellora, seguen a traballar para ofrecer instalacións

deportivas de calidade, fomentando o deporte e o lecer no municipio. Dende a Concellería de Deportes destacan a importancia desta actuación para o fomento do deporte en Alfoz. “Esta mellora na infraestrutura permitirá aos veciños e veciñas gozar dun deporte en auxe como é o pádel, nunhas condicións óptimas durante todo o ano. A prioridade do Concello de Alfoz é mellorar as instalacións deportivas e seguir apostando por actividades que promovan un estilo de vida saudable. O noso compromiso é seguir traballando para ofrecer á veciñanza espazos modernos e adaptados ás súas necesidades”.

A Escola Infantil de Alfoz marca a diferenza

CARTA ABERTA

Fátima Pumares Vivero

Nun mundo onde a educación é fundamental para o desenvolvemento dos nosos pequenos, é un verdadeiro pracer recoñecer o labor excepcional da Escola Infantil de Alfoz. Quero expresar o meu máis sincero agradecemento a todo o equipo pola súa gran vocación e dedicación, que marcan a diferenza na vida dos nosos fillos e na das súas familias.

O que realmente destaca deste centro son os pequenos detalles que ofrecen aos pais e as actividades creativas que realizan cos cativos. Estas iniciativas, que van máis aló das súas responsabilidades laborais, demostran un compromiso xenuíno co benestar e o desenvolvemento integral de cada neno. Desde manualidades ata xogos educativos, cada actividade está deseñada para fomentar a curiosidade e a

aprendizaxe nun ambiente cálido e acolledor.

Como nai dun neno matriculado nesta escola, podó afirmo con confianza que a experiencia está a ser marabillosa. A atención personalizada e o agarimo que brindan a cada pequeno son evidentes, e iso tradúcese nun crecemento emocional e social significativo para eles.

Quero felicitar e agradecer especialmente ás profesionais que forman parte deste gran equipo: Lorena García Cao, Cristina Castro Méndez e Sonia Señor López. A súa dedicación e paixón pola educación son inspiradoras e fan da escola infantil de Alfoz un lugar excepcional para as crianzas. Recomendo o centro sen dubidalo, e estou segura de que calquera familia que elixa este camiño atopará un espazo onde os seus fillos non só aprenderán, senón que tamén se sentirán amados e valorados. Inmensamente agradecida por todo o que fan!

Rematan as melloras do campo de fútbol local



O Concello de Alfoz continúa a súa aposta pola mellora das infraestruturas deportivas locais. Recentemente, foi certificada a obra de revestimento interior do campo de fútbol municipal, cun investimento total de 28.859 euros. Esta actuación foi realizada tras a concesión dunha subvención de 20.000 euros outorgada pola Xunta de Galicia a través do programa de corrección de impactos paisaxísticos destinado a concellos galegos.

O importe restante foi asumido polo propio concello. Ademais, dentro do

compromiso por un mantemento eficiente das instalacións, instalouse un robot cortacésped no campo municipal, cun valor de 5 068 €. Esta adquisición foi financiada a través do Plan Deputación Cooperación cos Concellos.

“Estas accións demostran o firme compromiso do Concello de Alfoz coa mellora das súas instalacións deportivas, buscando optimizar tanto a estética e funcionalidade das fachadas como o mantemento e conservación das infraestruturas”, apuntan dende o Concello.

Arranca o Mes do Teatro con representacións os sábados de novembro

Comezou o Mes do Teatro de Alfoz, co inicio de novembro, no Salón de Actos da Casa da Cultura de Alfoz ás 20.00 horas. Desta volta con diferentes propostas de comedia para todos os públicos e para todos os gustos. A entrada é de balde e xa se celebraron sesións os sábados 2 e 9, e quedan por celebrarse os días 16, 23 e 30 de novembro.

Comezaron cunha proposta, segundo indican desde a organización, un tanto diferente, unha comedia representando unha farsa de títeres a catro mans. Titulada *Coa música a outra parte* da compañía do concello de Pol, Trécola producións.

O sábado 9 tivo lugar *Rosalía Café*, da compañía de Foz, A Adala Futura; o sábado 16 verase *Era boa se colara!!!* do Grupo os Pícaros de Lagoa; o sábado 23 é tempo de *Aire fresco* de Ardora de Cervo; e para rematar o ciclo, o sábado 30, *Saindo do cerco*, da compañía Teatro do Miolo (Lugo).

AXENDA DE ACTIVIDADES

CURSO. A Asociación de Veciños San Julián de Sante organiza un curso de primeiros auxilios. Desenvólvese en dúas xornadas, da que queda por celebrar a do 14. En cada unha destas xornadas participarán 18 veciños de Trabada e “queremos dar resposta a unha petición dos veciños, moi preocupados por aprender estas técnicas de axuda en momentos de emerxencia”, din os organizadores.

MAGOSTO. A Asociación Cultural O Picato e o Concello de Trabada

celebran a tradicional festa deste tempo, o magosto. Será o próximo 15 de novembro, na Praza do Concello e contarán con carpa polas previsións meteorolóxicas. Haberá servizo de barra, mesas e cadeiras para a gran cea dende ás 21.00 horas. Poderán degustar callos, pastelón de bonito e lacón asado. E non faltará a música que correrá a cargo de El PUMA nin as castañas asadas de balde. Os tickets para a comida estarán á venda no Mesón Camiño Norte e no Spar Express Trabada.

Os ciclos de teatro terán 8 obras na programación

Arte, de Hipócrata Teatro, serviu para dar comezo o 2 de novembro aos Ciclos Teatrais 2024/2025 do Concello de Trabada.

O salón de actos da Casa da Cultura acollerá unha obra de teatro mensual, con entrada gratuíta e todas o primeiro sábado de cada mes ás 21.00 horas. En decembro, chegará a quenda de *Rosalía Café*, do grupo A Adala Futura, o sábado 7.

“Unha nova edición dos nosos ciclos de teatro, que cada vez teñen unha

mellor aceptación entre os nosos veciños e veciñas, enchendo nalgunha ocasión o salón de actos da Casa da Cultura”, asegura o alcalde de Trabada, Rubén García. “Desta forma, damos continuidade a esta actividade, dentro dunha programación cultural ao longo do ano con propostas para todas as idades”, engade.

O programa continúa no mes de xaneiro. Colectivo Cultural Ollomaio traerá a obra *Pan con chocolate* o día 4 e o 1 de febreiro é a quenda de O



centiño que presenta *A morte morri-da*. O sábado 1 de marzo poderase desfrutar de *A Adala* de Fazouro coa peza *Unha morta moi viva* e o 5 de abril Trípede leva ao escenario *A presa*. O 3 de maio Ardora representará *Aire fresco* e o 7 de xuño O Batán pechará o ciclo con *Promesas de galos*.

riotorto

A asociación de veciños Santa Comba da Órrea muda a xunta directiva

A xunta directiva da Asociación de Veciños e Veciñas de Santa Comba da Órrea concluíu o seu mandato o pasado 13 de outubro. A presidenta saínte quixo expresar o seu máis sincero agradecemento a toda a veciñanza pola colaboración e apoio recibidos durante os anos que estiveron á fronte da asociación. Durante o seu mandato realizáronse moitas melloras para a parroquia, pero tamén recoñeceu que aínda quedan moitos proxectos por levar a cabo para seguir mellorando as condicións de vida en Santa Comba da Órrea.

A nova xunta directiva, encabezada por Gervasio Murado da Casa de Xan como presidente, toma o relevo con entusiasmo e compromiso.

Xunto a el estarán José Graña (Casa de Graña) como vicepresidente, Ángela Fernández (Casa de Fleire da Casanova) como secretaria, e Manuel Rodríguez (Casa de Xan) como tesoureiro. O equipo complétase cos vogais: Karina García (Casa do Zarelo), Jesús Fernández (Casa de Albertín), Fina Graña (Casa de Graña), M^{ra} Luz Fernández (Lugar do Fleire) e Isabel Sobrado (Casa de Jaime).

Gervasio Murado destacou a importancia de dar continuidade ao gran labor realizado polas anteriores directivas, eloxiando especialmente o traballo de Bina e o seu equipo, que foron fundamentais para manter unha asociación forte, escoitada e respectada.

A CHC traballa no río Órrea

A Confederación Hidrográfica do Cantábrico iniciou os traballos de mantemento, conservación e mellora no leito do río dá Órrea nas inmediacións desta localidade, no municipio de Riotorto.

Estas actuacións contan cun orzamento inicial duns 11 000 euros e execútanse ao longo de 670 m de leito. Os labores principais consisten na retirada de árbores caídas ou en risco de caída e na adecuación da vexetación de ribeira, co obxectivo de evitar a formación taponos e manter a capacidade de desaugadoiro do leito.

Estes traballos realízanse a través da empresa pública Tragsa dentro



do Programa de mantemento e conservación de leitos que desenvolve a Confederación Hidrográfica do Cantábrico fóra das zonas urbanas, xa que nas zonas urbanas os labores de conservación e mante-

mento de leitos son competencia dos concellos.

Durante o pasado ano 2023 investíronse en Lugo 380.117 euros repartidos en 34 actuacións en 9 municipios.

As unidades didácticas sobre os segadores e os ferreiros reciben o premio Educompostela

As unidades didácticas sobre os segadores da Órrea e sobre os ferreiros acaban de recibir un dos galardóns dos XV Premios Educacompostela de recursos educativos en prol da innovación, da calidade educativa e da renovación pedagóxica, que convocan o Concello de Santiago e o Movemento de Renovación Pedagóxica Nova Escola Galega.

Trátase de propostas para o tratamento das aulas, tanto do traballo dos ferreiros como do fenómeno sociolóxico, cultural e económico dos segadores da Órrea en Castela. A idea da elaboración das unidades didácticas forma parte do proxecto global sobre os segadores da Órrea desenvolvido ao longo dos anos pola Asociación de Veciños e Veciñas

desta parroquia mirandesa, e culminado coa produción dun exitoso documental no que participaron 31 persoas que viviron o fenómeno da sega en Castela en primeira persoa, documental que foi visto ata o momento por máis de 2.000 persoas.

A unidade didáctica sobre os ferreiros é da autoría da profesora riotortense Paz López Teijo, mentres que a dos segadores da Órrea foi elaborada polo colectivo Os da tiza, formado por 14 profesores e profesoras nativos/as de Santa Comba da Órrea e que se reuniron para a ocasión.

O xurado destacou no seu veredicto que “estes materiais didácticos, elaborados en clave comunitaria, afondan na recuperación da memoria e da tradición.

Celebran este mes unha excursión a Ávila e Toledo

O Concello organiza unha excursión a Ávila e Toledo os días 9 e 10 de novembro. A actividade inclúe un completo itinerario con visitas guiadas, pensión completa e aloxamento en hotel de catro estrelas en Toledo.

A saída será o sábado ás 7:00 horas desde a gasolinera. Durante a xornada, está prevista unha parada para almorzar en Vega de Valcarce, seguida da visita a Ávila e xantar nun restaurante local. Pola tarde, os participantes trasladaranse a Toledo, onde se aloxarán no Hotel Eurostar Ciudad de Toledo. A cea será ás 21:00 horas no propio hotel. O domingo comezará cun almorzo no hotel, seguido dunha visita guiada por Toledo. O xantar terá lugar ás 14:00 horas no hotel, deixando a tarde libre para os asistentes. Ás 17:50 horas, está prevista a saída de regreso.

OS BOLECHAS



Alumnas e alumnos do CEIP de Riotorto gozaron dun encontro cos Bolechas no marco do programa Da Escola á Granxa, organizado pola área de Rural da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, que financia visitas de escolares de infantil e primaria a granxas, pequenas producións agrarias e obradoiros alimentarios do rural para achegar ás novas xeracións ao sector primario.

Invisten 302.000 euros en varias infraestruturas públicas

A Xunta de Galicia achegou nos últimos meses ao Concello de Trabada máis de 302.000 euros para levar a cabo proxectos de mellora de infraestruturas públicas de titularidade municipal. O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, desprazouse ao municipio para comprobar as obras recentemente iniciadas nun parque infantil, co propósito de cubri-lo parcialmente para que poida ser utilizado con independencia das condicións climatolóxicas. O investimento autonómico ascende a 35.800 euros. Arias lembrou que o Goberno galego tamén aportou 60.000 euros para a renovación da cuberta principal do pavillón polideportivo e de elementos auxiliares como baixantes e canlóns. Igualmente, destinou 20.000 euros para arranxar a cuberta do centro social de Sante e 30.000 euros para habilitar a área recreativa de Vilapena. Por outra banda, grazas a unha achega do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) de 46.300



euros, o Concello rehabilitou a antiga escola unitaria de Vidal para destinala a vivenda pública en réxime de alugueiro social.

A Consellería do Medio Rural suma un investimento de 110.590 euros para o acondicionamento de camiños municipais nas dúas edicións do Plan Marco que están en marcha. Así, logo de rematar as actuacións definidas para o bienio 2023-2024, comezan a desenvolverse as actua-

cións previstas no plan para o 2024-2025. En concreto, vanse mellorar os accesos a Val das Eguas, na parroquia de Vidal, e A Penela, na de Santa María de Trabada. No primeiro caso a actuación ten unha lonxitude de algo máis dun quilómetro, e no segundo de 290 metros. En ambos casos vaise reformar o pavimento, limparanse as cunetas para facilitar a circulación das augas de escorrentía e instalárase sinalización onde proceda.

O Concello pon en marcha un programa de viaxes para a veciñanza

O Concello de Trabada pon en marcha un programa de viaxes para posibilitar que os veciños e veciñas poidan coñecer Galicia en saídas conxuntas e que están organizadas polo propio Concello. A primeira excursión de Viaxa co Concello de Trabada, para veciñanza a partir de 50 anos, será ás termas de Outariz e Allariz o próximo sábado 23 de novembro. Cun prezo de 30 euros, inclúe o desprazamento en autobús, entrada ás termas de Outariz, comida en Allariz e entrada ao museo de coiro.

“O que queremos é ampliar a oferta de actividades e lecer para a veciñanza, neste caso con saídas organizadas polo concello e a prezos moi asequibles para coñecer Galicia de forma conxunta e pasar unha boa xornada”, asegura o alcalde, Rubén



García. O número de prazas para a primeira saída é limitado e o prazo de inscrición remata o 15 de novembro nas oficinas municipais. “Durante o ano haberá saídas e viaxes de diferente tipo e para todas as idades que iremos dando a coñecer”, engade o alcalde de Trabada.

“Empezamos facendo o Camiño pero fomos creando un vínculo”

A asociación Trabada Paso a Paso fundouse no 2018 e suma xa 36 socios

Lucía Blanco

No 2018 a afección polo sendeirismo foi o berce para que un grupo de amantes das camiñatas, da natureza e da cultura dera o paso para constituírse como asociación. Trabada Paso a Paso suma xa 36 socios, tanto da vila como doutros concellos próximos como Barreiros, Vegadeo e Castropol, que comparten non só o gusto de andar, senón tamén por seguir tecendo lazos entre o colectivo. “Cando empezamos non sabiamos o que íamos durar. Pero pouco a pouco vas vendo como vai medrando e que a xente está a gusto e créase un vínculo entre todos moi especial”, conta Amparo, a presidenta.

Estreáronse como asociación facendo o Camiño de Santiago por etapas. Como foron eses comezos?

Empezamos a raíz dunhas rutas que fixeran os concellos de Trabada e Vegadeo para promocionar o Camiño. As rutas acabáronse, quedamos un grupiño que íamos collendo trato e pensamos en facer algo e seguir promovendo rutas. Foi de xeito totalmente informal, xuntámonos uns poucos e fundamos asociación. Ao comezo non sabiamos si ía saír adiante, pero empezamos forte co Camiño de Santiago por etapas. To-

dos traballabamos e sempre había formas de facelo, pero eran os sábados ou días pola semana entón decidimos organizalas os domingos. Despois fomos ampliando con rutas pola zona, case sempre por Asturias e a zona de León que nos quedan máis preto.

Confirman que o sendeirismo non entende de idades.

A media dos socios igual son os 50 anos, pero pillamos todas as xeracións. Practicamente temos dende adolescentes, que son os menos, pero despois temos xente de ata os 75 anos. Faiche ilusión que os novos tamén participen porque na adolescencia é moi complicado ter xente, pero van cos pais e pásano ben e volven.

Van todos os membros ás rutas?

Non, hai xente que é socia e non vai a ningunha, senón que procura que a asociación siga en pé e outros que van a case todas.

Pódese dicir que hai lista de espera para formar parte do colectivo. Que significa para vostedes recibir tan boa acollida?

Ata agora eramos poucos, pero xa cara o 2025 temos xente esperando, porque non collemos máis socios ata comezos do vindeiro ano. A raíz das

rutas do Concello de Trabada si que nos coñeceu máis xente. Préstache e economicamente tamén inflúe pois nós autofinanciámonos. Págate o bus e a comida polo que canta máis xente sexamos máis barato sae o transporte e as rutas serán máis económicas.

Unha das últimas visitas foi ao Hayedo de Montegrande. Como se presenta o calendario para os próximos meses?

Nos meses de decembro e xaneiro paramos, os días son moi pequenos e a climatoloxía tampouco axuda e é unha época de festas e de estar coa familia. Retomamos a actividade desde febreiro ata xuño. Intentamos facer como mínimo 2 rutas ao mes e sempre os domingos, porque hai moitas cousas pero para a xente que traballamos os sábados non hai tanto.

Como é o traballo de planificación?

Normalmente facemos un listado porque agora en decembro temos unha comida con todos os socios e sempre lles digo que me traian ideas, que me digan a onde queren ir. Collemos as propostas e imos repartindo, mirando tamén a proximidade.

Este ano compaxinan as súas rutas coas que organiza o Concello e nas



que tamén colaboran.

Tamén lles queremos dar promoción e imos facendo unha mestura. Unha das últimas que fixo o Concello foi a Ruta da Fraga da Becerreira, tamén se organizou unha comida e houbo sorteos. Nas anteriores íamos selando as rutas e demos rifas en función das que fixeran. É unha maneira de incentivar á xente.

Máis aló de promover itinerarios, apostan por viaxes de tipo cultural. Anima esta mestura a atraer máis público?

Exactamente. Facemos rutas de sendeirismo pero tamén culturais. De feito, este ano tiñamos unha socia que levaba 50 anos sen viaxar nun tren, entón fixemos a ruta en tren de Ribadeo a Ferrol. Cando fomos a Teverga, fomos ver unha cascada e un museo da prehistoria, que é algo que se non estás alí a propósito igual non vas. Dependendo tamén do que duren as rutas, aproveitamos sempre a ver algo da zona á que imos. Así a xente a que lle gusta andar pois vai a iso e a xente que lle interesa a parte da cultural tamén lle interesa.

Ás veces tamén ata que non probas tampouco sabes realmente o que che gusta.

Asociacións a súa axudan a fomentar unións entre os seus membros. Como son eses vínculos?

Un punto importante é esa relación que ten o propio grupo dentro da asociación. Foise creando un vínculo moi bonito. Como non somos moitos, fíxose un grupo familiar. Encántalles comer nun restaurante da zona e sentarse a falar sen présa. E tamén axuda a coñecer xente dos concellos limítrofes. Non é só Trabada, vén xente tamén de Vegadeo, Castropol ou Barreiros.

Que balance fan destes 6 anos de traballo?

A verdade é que estamos moi contentos e dache ganas de facer cousas cando ves que a xente participa e se interesa, dá forzas para seguir adiante. Se che gusta sacas tempo, aínda que sexa pola noite e dedicaste a buscar propostas e a mirar as ideas da xente que tes anotadas. Pero o que gusta non é traballo, é algo que che apetece facer

vegadeo

Vegadeo acolle a XIX Exposición Internacional de Avicultura ‘La Pipina’

A asociación de avicultura *La Pipina* organiza a XIX Exposición Internacional de Avicultura os días 16 e 17 de novembro en Vegadeo. Concretamente no pavillón do recinto feiral de Vegadeo, onde se reunirán criadores do sector de toda España.

“Haberá pombas, galiñas grandes e ananas, gansos, patos domésticos e salvaxes, galiñas de Guinea, pavos reais, perdices, coellos xigantes e ananas ou cobiñas”, expresa Claudio Fano, presidente da asociación La Pipina. Explica que son razas puras que se expoñen nun concurso onde haberá 110 premios a repartir e un xurado para valorar.

“Os máis destacados son a mellor animal da exposición, mellor criador, mellor pomba, mellor galiña, mellor pato doméstico, pato salva-



xe, ganso, coello e mellor cobaia”, expón. Anima a que toda persoa que non coñece sobre diferentes razas no ámbito da avicultura se pase pola exposición. “Para que vexan que hai distintas razas de galiñas, máis aló da poñedora”, comenta.

As emprendedoras do rural reúnen na vila

O Concello de Vegadeo organiza a segunda das xornadas do ‘Reto demográfico rural’ que terá lugar o día 22 de novembro de 11.00 a 13.00 horas no hotel Casona Trabadelo (Miou).

Unha actividade de balde dedicada ao encontro de mulleres rurais emprendedoras ou que estean pensando en selo. Nesta reunión poderán compartir opinións e experiencias, crear ou ampliar a súa rede de contactos e desfrutar dun estupendo al-



morzo.

As prazas son limitadas e para poder acudir hai que inscribirse nun formulario, dispoñible na web do Concello.

O Concello completa o Programa Saúde e Benestar +60

O Concello de Vegadeo acolle o Programa Saúde e Benestar +60, dirixido prioritariamente a maiores de 60 anos e persoas con discapacidade.

As actividades de novembro continuarán ata o día 14. A primeira actividade *Somos movemento*. *Sesión práctica* foi impartida por Lorena Arruñada Rico, fisioterapeuta. Para o día 14 está previsto, *O mundo emocional: Como xestionamos as emocións?*, que imparte Vanesa Pernas Martínez,

psicóloga sanitaria.

Estas actividades están abertas a toda a poboación. No caso de que a participación supere o número de prazas terán prioridade as persoas maiores de máis de 60 anos ou as persoas con discapacidade.

Para máis información pódese contactar e inscribirse no Plan de Promoción de Saúde do Concello de Vegadeo nos teléfonos 985 634 022 ou 697 163 640 en horario de mañá.

o vicedo

Presenta unha actividade en torno á Intelixencia Artificial



A Aula CeMIT na Casa da Cultura do Vicedo presenta unha nova actividade sobre a Intelixencia Artificial para o día 22 de novembro de 16.30 horas a 18.00 horas.

A través deste curso gratuito farase unha introdución a conceptos básicos da Intelixencia Artificial mediante exemplos prácticos, e algunhas aplicacións da IA no día a día, co obxectivo de tratar as seguintes cuestións: Que é a Intelixencia Artificial?, introdución ao concepto de IA e presentación de exemplos prácticos; O día a día coas tecnoloxías intelixentes, presentación de aplicacións cotiás que empregan IA, vantaxes do empre-

go de IA no día a día, e a súa contribución á sociedade; A Intelixencia Artificial próxima, revisión de exemplos prácticos (predición de texto, tradutor instantáneo etc.); O futuro da Intelixencia Artificial, posibles aplicacións futuras, principios éticos e revisión dos avances na regulación.

As inscricións están abertas e hai prazas limitadas. Para máis información contactar ca Aula CeMIT na Casa da Cultura do Vicedo en cemit.ovicedo@gmail.com ou cemit.ovicedo@xunta.es ou no teléfono 982 590 195 ou de forma privada nas distintas redes sociais.

A veciñanza volveu manifestarse polas rúas ante a falta de médicos



A veciñanza do Concello do Vicedo volveu manifestarse este domingo ante a falta de médicos no centro de saúde do concello e reclaman a cobertura das prazas con carácter fixo. Contaron esta vez coa Plataforma na Defensa da Sanidade Pública da Mariña, que afirma “que xa vai camiño dun ano que esta vila está en loita para demandar un

dereito básico como é a sanidade pública”. Sostén que levan un “ano xa sen profesional médico, salvo algún día á semana”. Levan saíndo xa á rúa todos os meses e desde a Plataforma apoian cada acto, cada concentración e cada loita en defensa “dunha sanidade pública digna” e en contra do “desmantelamento da Atención Primaria”.

O Valadouro acolle a obra de teatro ‘O auto do Castromil’

O Valadouro acolle a obra de teatro *O auto do Castromil*, o sábado 23 de novembro de ás 19.00 horas no salón de actos do Centro Sociocultural, xuvenil e da Terceira Idade Manuel Lourenzo. A entrada será de balde.

O espectáculo está protagonizado por un luxoso elenco: Rocío González, Víctor Mosqueira, Marcos Orsi e Patricia Vázquez, que xa teñen conformado compañía en anteriores proxectos de Excéntricas. Precisamente, con este proxecto Excéntricas gaña o III concurso de proxectos que convoca a fundación Manuel María e que recibe o apoio de mais de corenta concellos e institucións de Galicia.

A obra acontece nunha viaxe onírica abordo dun coche de liña. Os viaxeiros dormen e tal vez o condutor. As maletas e demais bagaxes amotínanse, cobran vida e repasan unha curiosa historia de Galicia, combaten a nosa amnesia conxénita usando autos populares e farsas do autor chairego. Nelas aparece a historia alucinada dun pobo que loita, é derrotado, volve levantar a cabeza e rebelarse de novo. Unha rebelión na que, ás veces, non temos mais armas que o humor e o espírito antroidesco.

O auto do Castromil é unha viaxe en transporte público pola Galicia inconsciente. Está feita con anacos das obras de Manuel María *A rebelión dos baús*, *O Auto dos semulados da Caravilla*, *Unha vez foi o trebón*, *Abril de Lume e Ferro* e *o Entremés da OTAN*.

Foi un espectáculo gañador de dous Premios de Teatro María Casares: Mellor Dirección (Quico Cadaval) e Mellor Vestiario (Carlos Alonso) e finalista en 3 categorías máis: Mellor Espectáculo, Mellor Actor Protagonista (Víctor Mosqueira) e Mellor Espazo Sonoro (Piti Sanz).

O ximnasio municipal cambia o seu horario

O ximnasio municipal do concello do Valadouro cambia o seu horario e incorpora así o de inverno, que se manterá ata o vindeiro día 30 de xuño. Deste xeito, os veciños e veciñas poderán facer uso das instalacións situadas na avenida Deputación fronte ao pavillón polideportivo municipal os luns, mércores e venres de 10.00 horas a 13.00 horas. Polas tardes, o ximnasio permanecerá aberto de luns a venres de 18.00 horas a 22.00 horas.

O Concello oferta actividades para as persoas adultas

O Concello do Valadouro propón actividades para as persoas adultas. A duración prevista é dende novembro de 2024 ata maio de 2025.

Ofrecen actividades como ximnasia de mantemento, de luns a mércores de 10.00 horas a 11.00 horas (Ferreira) e o venres de 17.30 a 18.30 horas (O Cadramón); ioga, os xoves de 20.45 a 21.45 horas; e pilates, o martes de 20.45 a 21.45 horas.

Máis aló do deporte, actividades de novas tecnoloxías, os martes, dende febreiro ata maio con horario pendente de confirmar. Tamén un taller de memoria, os luns de 17.15 a 18.15 horas (Ferreira) e o venres de 18.30 a 19.30 horas (O Cadramón). Para rematar coa proposta unha actividade de envellecemento activo, os mércores de 19.00 a 20.00 horas.

As solicitudes serán cursadas polas persoas participantes e remata o prazo este xoves ás 14.00 horas.

O localidade acollerá unha comida con baile o día 1 de decembro

A Asociación Cultural Amado Lar organiza unha comida-baile para o domingo 1 de decembro ás 14.00 horas no Bar Asturias. O menú para degustar será de callos, codillo, bebida, sobremesa e café. Tamén haberá prato alternativo ós callos.

O prezo presenta variación: socios e alumnado pagaría 20 euros por persoa e os socios poderán levar unha persoa acompañante; os que non son socios pagarían 25 euros por persoa e as crianzas de ata 10 anos (incluídos os alumnos), 15 euros por cabeza.

O baile estará amenizado por Juan de Celsa. Unha proposta con prazas limitadas e con data límite para anotarse ata o 26



de novembro. Poden contactar con Rosa ao 649 593 139 ou Cris ao 680 766 568 ou José M. Ao 653 175 778.

María José Gómez enxalza a importancia das feiras como a do mel



A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, asistiu á XXXVII Feira do Mel da localidade lucense do Valadouro. Alí, enxalza a importancia deste tipo de eventos, que poñen de relevo o sector apícola galego, que actúa como elemento dinamizador de moitas contornas rurais e que supón a base económica de moitas familias.

Ademais, lembrou que a nosa comunidade conta cun distintivo de calidade diferenciada propio para este produto, a Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Mel de Galicia, que pode complementarse tamén co selo de Artesanía Alimentaria, achegándolle unha dimensión dobre ao mel producido en Galicia, poñendo o foco na súa produción tradicional.

O Pleno aproba a suba do imposto de bens inmobles a Alcoa

No último pleno ordinario celebrado, o Concello de Xove aprobou o incremento do imposto de bens e inmobles (IBI) a proposta do PP e que supón un incremento considerable a todos aqueles propietarios que o valor catastral supere os 350.000 euros. Isto afecta en exclusiva a Alcoa con un incremento que ronda os 200.000 euros anual, xa que o coeficiente a aplicar pasa do 0,6 % actual o 1,16 % aplicable os bens inmobles de natureza urbana e uso industrial. E tamén se aproba un índice de 1,3 % para bens inmobles características especiais.

A proposta saíu adiante cos votos a favor do PP e BNG de Xove e o voto en contra da concelleira socialista Rogelia Mariña. O grupo socialista de Xove votou en contra por entender que non están os tempos para subir impostos, e en concreto isto que afecta directamente a Alcoa, "que todos sabemos que esta nun momento difícil indicando que ten perdas, e estase discutindo si retoma a produción ou se vende e incluso coa posibilidade de pechar". Non entenden esta decisión do Goberno Local, "que parece que non lle chegan os

cartos, sendo a súa política de estes últimos 16 anos practicamente e de nulas inversións malia ter uns ingresos moi superiores os del calquera concello destas características".

Ademais, destacan que a mensaxe que se transmite a posibles empresas que poidan estar estudando instalarse en Xove é "totalmente negativa, polo que a sensación é que no goberno de Xove "todo son improvisacións, xa que cada dous meses hai que aprobar expedientes de crédito para imprevistos con cargo o remanente que en dous anos baixou de 19 millóns de euros a 13 millóns". Rogelia Mariña destacou tamén no pleno o impacto negativo que esta decisión pode ter no futuro de Alcoa, e no futuro da implantación de novas empresas en Xove. Tamén preguntaron pola proxecto das melloras da calidade da auga que din que está en proceso segundo o rexedor.

"Interesámonos por ese anuncio da mellora do Portiño de Moras e vai para longo, ao mesmo tempo que propuxemos retomar un vello proxecto dunha vía de acceso a este porto dende o polígono industrial de Camba pasando por Xove e cun



enlace a vía rápida, algo que parece non interesarlle a este Goberno local". Lembran tamén que os camiños que veñen a Insua Mar fan "miragres para acceder cas pontes de carro do século pasado sobre a vía de Feve, así pouco ou nada pode avanzar Xove". Tamén preguntaron sobre a mellora e ampliación do Polígono Industrial de Camba, que se está redactando.

NACIONALISTAS. Os nacionalistas mostraron a súa conformidade coa suba do IBI que afecta unicamente á multinacional americana Alcoa. Isto implica unha suba dende o 0,6 ao 1,6 que permitirá recadar ao Concello uns 190.000 euros. Dende o grupo nacionalista defenden que unha empresa, por moi multinacional que sexa, "ten que pagar os impostos que lle corresponden ao igual que os pagamos os veciños e veciñas de

Xove". Posicionarse en contra desta suba dun punto que permitiría recadar uns 190.000 euros neste momento de incertidume económica parécenos temerario xa que permitiría seguir garantindo uns servizos de calidade.

"Esta suba dun punto non nos parece algo desorbitado para unha multinacional que factura millóns de euros anuais e tampouco, dende logo, afectaría á instalación de novas empresas de darse o caso", din. Igualmente advirten de que o Concello de Cervo leva varios mandatos "aplicando esta porcentaxe e non entendemos o porque de renunciar a este ingreso durante todos estes anos". Uns ingresos que beneficiarían ao total da veciñanza de Xove e que de multiplicalo polos anos que non se aplicou, "poderíamos botar as mans á cabeza".



Xove proxectará o documental 'En deuda con todas'

O Concello de Xove proxectará o día 21 novembro ás 20.30 horas o documental *En deuda con todas* na Aula de Formación. Trátase dun documental social onde se aborda a vulneración dos dereitos sexuais e reprodutivos no Salvador por parte do Estado. Así como a loita de colectivos feministas para esixir unha lexislación que non vulnere os Dereitos Humanos da metade da poboación e que sexa garante do acceso a unha saúde sexual e reprodutiva libre de prexuízos ideolóxicos.

As propias protagonistas relatan a súa experiencia lembrándolle ao mundo que despenalizar o aborto cando a saúde dunha nai corre perigo é tamén unha loita pola vida.

COLABORACIÓNS

Educar desde a alegría e o bo humor

O PUPITRE



Julio Díaz

Se algo me satisfai é atoparme cun exalumno e recorde que bota en falta aquelas agradables e divertidas horas de clase que compartiamos.

Os estudos demostran que as nenas e nenos que se rin en clase, desenvolven con maior facilidade habilidades de comunicación e pensamento crítico, son capaces de tourear facilmente co estrés e presentan niveis máis altos de entusiasmo, confianza, autonomía e interese por aprender.

“É máis fácil obter o que se desexa cun sorriso que coa punta dunha espada” dicía William Shakespeare.

Reflexionando sobre a miña práctica educativa, analizando os momentos nos que os meus alumnos foron verdadeiramente felices e participativos, cando a aprendizaxe fluía con máis facilidade, coincide ademais da metodoloxía empregada cun clima de bo humor dentro da aula.

Demóstrase que o humor baseado no respecto é unha poderosa ferramenta para construír un ambiente agradable e integrador nas aulas e ademais senta as bases dunha relación positiva dentro do grupo, polo que se reduce en grande medida a posibilidade de conflitos nas aulas.

O que resulta complicado é calibrar os límites dese humor nas nosas aulas, o que a unha persoa lle parece divertido, a outra pódelle molestar debido a súa situación persoal ou á forma de percibilas. Debemos

ser moi coidadosos cos comentarios e cos actos evitando que degraden ou avergoñen a quen nos diriximos, debemos evitar o uso de alcumes e de etiquetas, escapar de bromas que violenten ás persoas que o reciben e ter moito coidado con aquel sarcasmo que leva unha reprimenda disfrazada de humor. Introducendo unha dose de humor nas nosas clases conseguimos un ambiente máis relaxado e de confianza, axuda a diminuír o estrés do alumnado e a ver a realidade de forma menos dramática. Mellórase moito a relación alumno-profesor creando un clima máis participativo, tendo menos medo a equivocarse vendo ao seu “profe” moito máis próximo. Olo que utilizar este recurso non pode supor que os alumnos e alumnas che perdan o respecto!

É de destacar que o humor vincula-

do a aprendizaxe mellora a retentiva dos nosos estudantes, recordando conceptos ou ideas durante máis tempo. Quen non recorda anécdotas divertidas co seu profesor que axudaron a comprender determinados contidos! Cando impartes unha clase e inclúes un comentario divertido, unha anécdota ou un chiste, rompes a dinámica do

mesmo e das un respiro captando de novo a atención daqueles que xa desconectaron.


O humor é un elemento cotián, está presente nos medios de comunicación, nas reunións cos amigos, no entorno familiar, no traballo... é un elemento inherente á nosa condición de seres humanos. Non a desbotemos no ámbito educativo.

O RECUNCHO DE CANELINA



Liberdade de bufete

CULTURA



Rebeca Maseda

A palabra “liberdade” foi un estandarte na loita polos dereitos humanos, a xustiza social e o progreso das sociedades democráticas. Con todo, nas últimas décadas, a extrema dereita converteu este concepto nunha ferramenta discursiva baleira, especialmente no contexto dun liberalismo económico extremo. Este fenómeno consiste en reducir o significado da liberdade a unha noción de independencia individual absoluta e en empregalo para xustificar políticas económicas que benefician a uns poucos, mentres o resto da sociedade experimenta o enfraquecemento dos seus dereitos e seguridade económica.

A liberdade, no seu sentido orixinal, implica un equilibrio entre os dereitos individuais e a responsabilidade colectiva. Con todo, o discurso da extrema dereita tende a reducir a liberdade a un concepto individualista, entendida como a acción de facer o que un desexe sen importar as consecuencias para os demais. Esta distorsión utilízase para xustificar políticas de liberalización económica, promovendo a idea de que



o individuo debe estar libre de toda restrición estatal e que o mercado debe regularse a si mesmo.

Neste contexto, a liberdade preséntase como a eliminación de impostos, a redución de regulacións laborais e ambientais e a diminución da intervención do Estado na economía. Aínda que a eliminación de barreiras burocráticas pode ser beneficiosa, a falta de controis pode derivar en abusos, como condicións laborais inxustas ou prácticas monopolistas. No canto de liberar, este tipo de “liberdade” expón aos individuos a un mercado sen límites nin proteccións, onde só aqueles con capital suficiente poden realmente beneficiarse.

A extrema dereita utiliza o concepto de liberdade para gañar simpatía en amplos sectores da sociedade. Baixo un discurso de “liberación” das ataduras do Estado, promete un acceso ilimitado a oportunidades, unha promesa que non se cumpre para a maioría. Este discurso populista diríxese a quen experimenta frustración co sistema económico ou están cansados da burocracia estatal, e ofrécelles unha visión simplista: a liberdade lograríase eliminando as restricións, sen ter en conta que moitas destas limitacións existen precisamente para protexer aos máis vulnerables.

Co lema de “defender a liberdade”,

estes sectores xustifican a redución de políticas sociais, limitando os servizos públicos en nome dunha “eficiencia económica” que na práctica só beneficia a grandes corporacións e intereses privados. Así, o discurso de liberdade convértese nunha escusa para dismantelar o sistema de protección social, deixando á maior parte da sociedade desprotexida en materia de saúde, educación e dereitos laborais básicos.

A banalización da palabra liberdade nun contexto de liberalismo económico extremo trae consigo varias consecuencias. Primeiro, debilítase o sistema democrático, xa que o discurso populista de extrema dereita desconfía das institucións e propón solucións simplistas. A confianza no Estado e nos sistemas de regulación diminúe, deixando un baleiro que só beneficia ás elites económicas que teñen a liberdade de actuar sen restricións, pero sen ningunha responsabilidade social. En segundo lugar, este uso terxiversado da liberdade acentúa a desigualdade social. A redución das proteccións

sociais e a apertura dos mercados de traballo sen control xeran unha clase traballadora exposta a condicións de explotación. Mentres tanto, os máis ricos, amparados nese liberalismo económico extremo, atopan cada vez menos barreiras para acumular poder e riqueza, perpetuando así unha estrutura desigual.

Para contrarrestar esta manipulación do concepto de liberdade, é esencial lembrar o seu verdadeiro significado: unha liberdade que integre a xustiza social e o respecto aos dereitos colectivos. A liberdade real non é só a ausencia de regulación ou intervención estatal, senón a garantía de dereitos fundamentais e a posibilidade de vivir con dignidade. Nun sistema que valore a verdadeira liberdade, o Estado cumpre un rol fundamental para equilibrar os intereses individuais e o benestar colectivo, protexendo ás persoas do abuso económico e asegurando condicións xustas para todxs. Este enfoque permite que a liberdade non sexa só un privilexio para algúns, senón unha posibilidade para TODXS.

DEPUTACIÓN

O orzamento da Deputación crecerá ata os 130 millóns euros, asegura Tomé

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, presentou no Parlamento galego as liñas estratéxicas dos Orzamentos da entidade para o 2025, uns presupostos “realistas e útiles para os concellos e para o tecido social e económico da provincia” que ascenderán a 130 millóns de euros, o que representa un 12% máis ca neste ano, gracias á aportación do Estado que se incrementa en 14 millóns.

“Continuaremos desenvolvendo o noso proxecto ben definido para a provincia, con partidas realistas, e que se asenta en catro grandes piares: A mellora da mobilidade, a cooperación cos concellos, o apoio aos sectores produtivos, e as políticas sociais”, subliñou o mandatario provincial subliñou ante a Comisión 3ª de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento.

Como “factor clave para o equilibrio territorial e, polo tanto, para fixar poboación”, José Tomé expuxo que a mobilidade é outras das liñas estratéxicas dos Orzamentos 2025 da Deputación. Dedicalle o 30% dos recursos, entre as actuacións na rede viaria provincial e a cooperación cos concellos para a mellora das estradas municipais.

Avanzou que a investimentos de mellora de estradas a institución provincial dedicará no 2025 máis de 12 millóns de euros, “cun incremento do 100% con respecto ao presente ano” 2024, e á conservación, 5,5 millóns, “o que supón un 10% máis que neste ano”. Un esforzo investidor e un reto dunha dimensión que para explicala “basta lembrar que a Deputación de



Lugo ten a rede de estradas provincial máis extensa de toda España, con 4.217 quilómetros, e tres veces maior que a da Xunta na provincia de Lugo”.

PROTECCIÓN SOCIAL. O Goberno provincial, expuxo o presidente, dedica un terzo do Orzamento ás políticas sociais, “o que nos converte nunha das poucas deputacións de toda España que conta cunha rede de protección social tan ampla e eficaz”. Unha rede que ten como piares o servizo de teleasistencia domiciliaria – que atende a 2.000 persoas da provincia, o servizo de axuda no fogar e a rede de centros de atención a maiores.

A Deputación conta con 9 residencias en funcionamento en concellos rurais da provincia, que ofrecen 300 prazas asistenciais e crean en torno a 225 postos de traballo directos. E puxo en valor os seus compromisos en materia de residencias: “Nestes momentos temos en construción outros 4 centros de atención maio-

res e 5 en trámite, cos que se completaría a rede de 18 residencias na provincia”.

COOPERAACIÓN. Destacou que a Deputación transfere cada ano o 20% do seu orzamento aos 67 concellos da provincia, “segundo criterios públicos e obxectivos, e cun respecto máximo á autonomía municipal, pois son os propios concellos os que deciden libremente a que fins destinan os recursos económicos que reciben”. E que este ano subimos 250.000 euros, transferíndolles un total de 22 millóns.

Xunto aos recursos económicos, a Deputación de Lugo ofrece asistencia técnica a todos os concellos que así o requiren en materia xurídica, urbanística, en xestión e cobro de impostos municipais, en recursos humanos ou en formación, entre outras cuestións, co que aforran miles de euros e gañan eficacia.

Ademais, “como reforzo de todo ese apoio e asistencia permanente”, explicou José Tomé, desenvolve

o proxecto Impulsa TIC, co que proporciona de maneira totalmente gratuíta aos 52 concellos que decidiron adherirse servizos e equipamentos tecnolóxicos para avanzar na modernización e na transformación dixital da administración, e mellorar así o servizo que prestan aos veciños. Para iso, a Deputación conta con 4,5 millóns de euros que conseguiu do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que o Goberno de España ten en marcha gracias ós fondos que logrou da Unión Europea.

Polo que respecta aos sectores produtivos, o Presidente subliñou que a Deputación de Lugo “é hoxe un referente en iniciativas públicas en apoio do sector primario, un motor económico fundamental para a provincia”, destacando de cara ao 2025 a aposta por reforzar as liñas de actividade da Granxa Gayoso Castro, onde funciona o primeiro centro público de recría de gando vacún de leite de España e onde “impulsaremos un proxecto estrela para o rural lucense coa construción dunha granxa de porco celta, cun investimento superior ao millón de euros para recuperar esta raza autóctona e para a transferencia do coñecemento como axuda ao sector”.

No eido turístico, o Presidente destacou que, “unha vez que non temos atrancos vinculados co Partido Popular”, xa están en marcha as obras que restan do Parque Central de Galicia, “un proxecto que contribuirá decididamente ao dinamismo social e económico da Ulloa e do conxunto da provincia”.

Lanzan unha nova edición das axudas ‘O que non arde’

A área do Rural da Vicepresidencia pon en marcha a quinta edición do programa de axudas ao silvopastoreo e á gandería extensiva *O que non arde*, cun investimento de 120.000 euros, un 50 % máis que na última anualidade.

A convocatoria dirixese a ganderías de ovino, cabrún e porcino en extensivo. Así, as achegas teñen como obxectivo financiar gastos de instalación e mantemento de elementos de manexo do gando, desde pastores eléctricos e valados fixos ou móbiles ata accesorios para a alimentación ou módulos para a xestión dos partos do gando no monte. Ademais, por primeira vez, incorpórase como gasto subvencionable (ata un 20 % do importe solicitado) os gastos de roza previos á instalación destes sistemas de protección.

As achegas, que se outorgarán en réxime de concorrencia competitiva, oscilarán entre os 300 e os 6.000 euros por beneficiaria ou beneficiario. A convocatoria publicarase o xoves 17 de outubro no Boletín Oficial da Provincia, establecendo 15 días hábiles -ata o 8 de novembro – para tramitar as solicitudes.

O que non arde é o primeiro programa impulsado pola Deputación en relación coa prevención de incendios e a xestión do monte. Na súa primeira edición, en 2020, o programa implementouse a través da colaboración cos concellos, que puideron solicitar axudas de Medio Rural para a roza e limpeza das faixas laterais da rede viaria municipal, así como para o mantemento da rede de faixas de xestión de biomasa coa plantación de especies arbóreas autóctonas.

Os residentes dos CAM participan en actividades medioambientais

Os residentes dos Centros de Atención a Maiores da Deputación participan en diferentes actividades deseñadas pola institución provincial para mellorar o seu benestar físico e mental. Un herbario de plantas autóctonas, a creación dun pequeno horto con fins terapéuticos, decoración floral ou un taller de plantas aromáticas son algunhas das iniciativas postas en marcha pola Deputación ata o mes de xuño nas 9 residencias da provincia que xestiona. Mellorar a calidade de vida, fomentar a socialización e promover hábitos saudables e sostibles son algúns

dos obxectivos da Deputación con esta iniciativa na que participan as persoas usuarias dos centros de Castroverde, A Fonsagrada, Meira, Navia de Suarna, Pedrafita, Pol, Ribadeo, Ribas de Sil e Trabada. O calendario de actividades medioambientais comezou cun herbario de plantas autóctonas e continuará este mes cun taller de decoración de nadal, que se prolongará ata decembro.

Entre xaneiro e marzo, están previstas dúas actividades: a creación dun pequeno horto terapéutico en maceta e hortoterapia. Nos meses de abril a xuño haberá un taller de

decoración floral e outro de plantas aromáticas e aplicación sensorial.

A Deputación coordina así aos seus servizos de Medio Ambiente e de Benestar para impulsar unha iniciativa con múltiples beneficios no benestar físico e mental, como a redución do estrés e da ansiedade ou a estimulación cognitiva. Ademais, estas actividades fomentan a socialización, porque se realizan en grupo e fan que as persoas que participan formen parte dun proxecto cun propósito e promoven os hábitos sostibles en cuestións como a reciclaxe, o aforro de auga ou a compostaxe.

FADEMUR



Tomé Roca, vén de asinar coa presidenta da Federación de Asociación de Mulleres Rurais de Galicia (Fademur), Verónica Marcos Arrojo, un acordo co que a institución provincial achega 50.000 euros, mentres que o colectivo achega aproximadamente os 3.000 euros restantes para o desenvolvemento dun programa que ten por obxectivo empoderar a muller do rural.

MAR

As XXVIII Xornadas Técnicas de Difusión do Sector Pesqueiro comezan o 21

As XXVIII Xornadas Técnicas de Difusión do Sector Pesqueiro de Celeiro celebraranse do 21 ao 23 de novembro en Celeiro, consolidándose como un evento clave para o sector pesqueiro en España. Este simposio anual reúne a profesionais, expertos e autoridades para debater e analizar a problemática sectorial e as últimas tendencias, desafíos e oportunidades na pesca.

O programa das xornadas inclúe unha ampla variedade de relatorios e talleres, abordando temas como cambios, tendencias e transformación tecnolóxica no sector pesqueiro. Entre os relatores destacados atópanse expertos nacionais e internacionais que compartirán os seus coñecementos e experiencias en áreas como a pesca sostible, a tecnoloxía pesqueira e a xestión de recursos mariños.

En Celeiro estarán acreditados 25 especialistas e céntranse na innovación e sostibilidade no sector pesqueiro, promovendo prácticas que reduzan o impacto ambiental e aseguren a viabilidade a longo prazo das pesqueiras. Búscase fomentar o intercambio de coñecementos e experiencias entre os



participantes, creando un espazo de networking e colaboración para o desenvolvemento do sector. Temas de gran atractivo como investigación agroalimentaria (anísakis), formación, mercados-consumo; tacs e cotas, eólica mariña, PPC, substitución xeracional, análise do futuro sectorial, descarbonización, control, normativa, neutralidade climática, ciencia, xestión pesqueira, economía azul.... etc.

O congreso é gratuito e de carácter híbrido: presencial e telemático on-line (streaming). Os interesados en participar nas xornadas poden rexistrarse a través da páxina web oficial das Xornadas Técnicas de Difusión do Sector Pesqueiro de Celeiro. O rexistro inclúe acceso a todas as actividades programadas.

Avanza a reserva de espazos da feira Expomar para 2025

O conselleiro de Mar da Xunta de Galicia, Alfonso Villares, e a xefa territorial da Consellería do Mar, Mariña Gueimunde, recibiron na delegación da consellería en Celeiro ao xerente da Fundación Expomar, José Manuel González Brais, e ao concelleiro de Mar do Concello de Burela, Ramiro Fernández. Na reunión, xa acordada con vista á vixésima edición da feira monográfica náutico-pesqueira, que terá lugar no porto de Burela en maio de 2025, os representantes da Fundación Expomar tamén detallaron á Consellería as súas próximas actividades previstas.

A acción máis próxima será a segunda edición do *Día do Orgullo Mariñeiro*, que se iniciou con grande éxito o ano pasado e que a mediados de decembro de novo combinará a divulgación nas escolas, a exaltación da cultura mariñeira e a gastronomía do mar para chegar a todos os públicos. Nesta segunda cita seguirase promocionando o consumo de "Pescada de Burela" nos comedores escolares da comarca, este ano con degustación especial dunha hamburguesa de pescada do petisco.

E, como novidade este ano, organizaranse tamén unhas xornadas gastronómicas de peixe coa hostalería local de Burela. Xa no mes de xaneiro, a Fundación Expomar viaxará a



Madrid para facer alí, por segunda vez consecutiva, a presentación oficial da súa XX Feira Expomar, que se celebrará do 7 ao 10 de maio na nave de redes do porto de Burela. Aproveitando o marco da Feira Internacional de Turismo Fitur 2025, o xoves 23 de xaneiro a Casa de Galicia en Madrid acollerá esta presentación, que contará coa presenza do propio conselleiro de Mar, Alfonso Villares; ademais doutras moitas autoridades autonómicas e representantes do sector pesqueiro nacional.

A Consellería confirmou a súa colaboración con esta iniciativa, que se pechará cunha degustación de produtos pesqueiros locais. O xerente da Fundación Expomar, José Manuel González, tamén estivo presente na Feira Conxemar levando a cabo unha

misión comercial, onde mantivo contactos con diferentes representantes da propia Consellería e outras administracións e entidades vinculadas ao sector pesqueiro. Así mesmo, tivo a oportunidade de relacionarse con moitos dos expositores habituais da feira Expomar e establecer contactos con novas empresas como potenciais participantes na vixésima edición do certame.

Tamén en colaboración coa Consellería de Mar, a Fundación Expomar desprazarase a principios de novembro ata Cabo Verde para promocionar o sector pesqueiro galego na Feira Expomar de Cabo Verde. Con respecto á próxima feira monográfica náutico-pesqueira, desde a Fundación Expomar aseguran que a reserva de espazos avanza a bo ritmo.

Ábrese o periodo de alegacións aos proxectos do porto de Viveiro

Abriu o trámite de información pública do documento de Delimitación de Espazos e Usos Portuarios (DEUP) do porto de Viveiro. Así llo comunicou o presidente de Portos de Galicia, José Antonio Álvarez, á alcaldesa de Viveiro nunha reunión de traballo para avaliar os proxectos do ente público para os portos viveirenses. Co anuncio do DOG ábrese un prazo de dous meses para a presentación de alegacións por parte dos afectados por esta proposta que permite planificar a distribución do solo portuario en función da súa actividade, de cara a un crecemento ordenado.

Ademais, Portos de Galicia solicitou informes sectoriais ás distintas administracións competentes, entre elas a Capitanía Marítima, Costas do Estado Concello e a Secretaría Xeral para o Deporte. Tal como informou o presidente de Portos de Galicia á

alcaldesa, a DEUP recolle a exclusión da zona portuaria da Ponte da Misericordia e a rampla anexa, tal como se deriva da propia transferencia de competencias sobre os portos do Estado á Xunta de Galicia dos anos 80. Deste xeito queda documentado tamén a través desta ferramenta que dita zona non pertence ao dominio público portuario.

Durante o encontro de traballo, o presidente de Portos trasladou á alcaldesa tamén as próximas actuacións previstas para os peiraos de Celeiro e Viveiro. Así, informou de que o ente público ten prevista a próxima substitución das luminarias de ambos portos por tecnoloxía LED con control telemático a través dun investimento de 120.000 euros. Así mesmo renovaranse os firmes e pavimentos de varios viais e a explanada portuaria cunha actuación

orxamentada en 95.000 euros. Finalmente, en relación aos terreos do Casino, o mandatario autonómico informou de que se están a explorar alternativas que permitan manterneles o uso portuario, de xeito que se manteñan e melloren as actividades.

Xunto co anterior, durante a xuntanza o presidente de Portos de Galicia deu conta de que os Orzamentos da Xunta de cara ao 2025 recollen un investimento plurianual de 1,2 millóns de euros para o reforzo do dique de abrigo do porto de Celeiro. Porén, esta actuación atópase á espera, desde hai máis de dous anos, dos informes preceptivos de Costas do Estado para formalizar a adscrición, que permitirá o cambio de titularidade do terreo no que se executará a obra do Estado á comunidade autónoma.

A Confraría de Celeiro celebra os 100 anos

A Confraría de Pescadores de Celeiro celebra o Centenario da entidade e inaugura o mércores día 20 de novembro ás 11.00 horas o proxecto *CELEIRO: 100 anos de tradición Pesqueira: Confraría de Pescadores de Celeiro*.

Trátase dun proxecto enfocado na promoción do patrimonio cultural Pesqueiro de Celeiro, a súa tradición e identidade. Isto supón a realización de actividades para a conmemoración dos 100 anos de traballo da confraría: Exposición permanente de maquetas de barcos pesqueiros emblemáticos do Porto de Celeiro, exposición de testemuñas en paneis e vídeos, exposición fotográfica, pinturas de patróns maiores, elementos únicos como a acta de Constitución da entidade, a medalla de ouro centenaria, máquinas antigas, e instalación

dun reloxo de mareas (mareógrafo) practicamente único e deseñado con pezas da cerámica de Sargadelos...

Este acto previsto con motivo da efeméride comezará ás 11.00 horas coa apertura institucional e o discurso inaugural a cargo do Conselleiro do Mar, Alfonso Villares Bermúdez. A continuación, terá lugar a inauguración do mareógrafo na praza do monumento ao naufrago (peza exclusiva elaborada en cerámica de Sargadelos), e a inauguración de exposicións diversas (fotografía, maquetas de barcos, audiovisual...), relativas a 100 anos de historia e tradición pesqueira. Xa ás 12.00 horas actuará o grupo musical Sons de Celeiro, e a continuación viño e aperitivos a base de petiscos nun día de homenaxe ao sector Pesqueiro de Celeiro.

Burela reuniu ás Federacións de Confrarías do Cantábrico

Clausurouse en Burela unha nova edición da "Interfederativa de Confrarías de Pescadores do Cantábrico-Noroeste", un evento que impulsa desde hai anos a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo para reflexionar sobre temas de interese das frotas artesanais, analizar a súa situación actual e os principais retos de futuro. A secretaria xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, Isabel Artime; o concelleiro de Mar do Concello de Burela, Ramiro Fernández; e o presidente da Federación Provincial de Confrarías de Lugo e da Federación Nacional de Confrarías, José Basilio Otero, presidiron o acto de clausura do Congreso de Pesca Artesanal do Cantábrico-Noroeste, no que presentaron un resumo das conclusións e acordos acadados entre o sector pesqueiro e as administracións.



Previamente, levouse a cabo unha reunión de traballo conxunta entre representantes das confrarías e das administracións pesqueiras, tanto de España como das comunidades autónomas do Cantábrico. Durante máis de tres horas os representantes do sector expuxeron ás administracións as principais conclusións derivadas da primeira xornada da Interfederativa, na que participaron

representantes das Federacións de Confrarías de Guipúzkoa, Bizkaia, Cantabria, Asturias, Lugo, A Coruña e Pontevedra, así como a Federación Galega de Confrarías. O presidente da Federación Provincial de Confrarías de Lugo, José Basilio Otero, compartiu as conclusións que se acababan de presentar ás representantes da administración.

A principal reclamación dos depósitos é tratar con urxencia coas diferentes administracións os puntos que xa se acordaron hai un ano, e nos que apenas se avanzou. De feito, moitos dos temas tratados nesta edición repiten con respecto ás problemáticas do pasado, como os espazos vulnerables mariños e a eólica mariña, o atún vermello, o novo RD de Mariña Mercante, o novo Regulamento de ordenación

de navegación marítima, a potencia dos motores ou o equilibrio e desequilibrio da frota.

Ademais daqueles, tratáronse outros como o relevo xeracional; o ante proxecto de lei de control, inspección e réxime sancionador da pesca marítima; o RD sobre recoñecementos médicos das persoas embarcadas; as posibles melloras no funcionamento das anotacións de saída, entrada, desembarques, descartes...nos barcos de artes menores; as novas obrigacións das envasadoras tras a probación do RD de envases; os anzois palangrillo e número de redes; ou a revisión da PPC.

O peche de clausura correu a cargo de Isabel Artime, en representación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

O dragaxe do porto de Foz inclúese nos orzamentos da Xunta



A Consellería do Mar subliña que o proxecto de dragaxe do porto de Foz conta con partida económica asignada nos orzamentos da Xunta para o 2025 á espera de que o Ministerio de Transición Ecolóxica emita os informes preceptivos para poder avanzar na súa tramitación.

En concreto, Portos de Galicia solicitou, seguindo a normativa vixente, un informe de avaliación ambiental e de compatibilidade coas estratexias mariñas, ambos imprescindibles para superar a tramitación ambiental e poder licitar as obras, sen ter recibido ningún dos dous a día de hoxe.

Á espera de que o Goberno central desbloquee o proxecto, Portos de Galicia consignou nos orzamentos para o vindeiro exercicio

unha partida plurianual de 4,5 millóns para a remodelación das instalacións portuarias de Foz, cuxa primeira actuación é a dragaxe do porto, cun investimento estimado de 1,1 millóns de euros.

Esta actuación prevé a recuperación de calado na canle de acceso e interior da dársena á cotas entre -2,5 e -1,5 e posteriores dragaxes de mantemento nos vindeiros anos. Polo que respecta ao material extraído, os áridos da canle de acceso serán empregados na recuperación da praia de Altar e os do interior da dársena depositaríanse en alta mal. Ata o momento o gasto na tramitación deste proxecto ascende a 70.000 euros que se unen aos 1.100.000 euros investidos xa en anteriores obras de dragaxe executadas en Foz.

TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ
Concello: 982 55 80 01
Garda Civil: 982 57 40 30
Centro de Saúde: 982 55 86 97

BARREIROS
Concello: 982 12 40 02
Garda Civil: 982 12 41 94
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

BURELA
Concello: 982 58 60 00
Policía Local: 982 58 62 11
Garda Civil: 982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29
Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00
Capitanía Marítima: 982 57 51 53

CERVO
Concello: 982 55 77 77
Policía Local: 615 52 10 52
Garda Civil: 982 58 57 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

FOZ
Concello: 982 14 00 27
Policía Local: 982 13 36 40
Garda Civil: 982 14 04 44
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85
Agencia Tributaria: 982 13 35 12

LOURENZÁ
Concello: 982 12 10 06
Garda Civil: 982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

MONDOÑEDO
Concello: 982 52 40 03
Policía Local: 982 50 70 40
Garda Civil: 982 52 19 05
Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

OUIROL
Concello: 982 55 91 09
Garda Civil: 982 56 10 39
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

PONTENOVA, A
Concello: 982 34 22 77
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

RIBADEO
Concello: 982 12 86 50
Policía Local: 982 12 86 50
Garda Civil: 982 12 80 48
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

RIORTORTO
Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

TRABADA
Concello: 982 13 50 11
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

VALADOURO, O
Concello: 982 57 40 00
Garda Civil: 982 57 40 30
Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

VICEDO, O
Concello: 982 59 00 02
Garda Civil: 982 59 01 81
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

VIVEIRO
Concello: 982 56 01 28
Policía Local: 982 56 29 22
Policía Nacional: 982 56 17 11
Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62
Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

XOVE
Concello: 982 59 20 01
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112

Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085

Garda Civil: 062

www.amariñaxa.com

DEPORTES

Os bolos triunfan entre os máis pequenos



O alumnado de Educación Primaria do centro do CEIP Plurilingüe Pedro Caselles Rollán de Xove participou nunhas xornadas para coñecer esta modalidade de bolos propia do Concello de Xove así como tamén os bolos celtas que se practican en diferentes puntos xeográficos de Galicia.

Desde Bolos Xoves recoñecen

que foi “ilusionante ver a máis dun cento de nenos e nenas atendendo as explicacións técnicas básicas do noso deporte, que practicaron por primeira vez na súa maior parte”.

O presente e futuro a curto prazo do deporte esta asegurado, pero, consideran, que nos máis pequenos atópase a esperanza de que sobreviva no tempo.

O filial feminino do Burela gaña ao Ribeira a Copa Deputación

Despois de cinco xornadas, a Copa Deputación de Fútbol sala sénior chegou ao seu final, unha competición non oficial que patrocina a Vicepresidencia da Deputación de Lugo e na que participaron 40 equipos de 3ª División Nacional Masculina, Preferente Masculina, 1ª e 2ª Autonómica Masculina, Preferente Feminina e 1ª Autonómica Feminina.

Despois das fases anteriores, o pavillón Jonathan Carro de Guitiriz foi o escenario das tres finais, dous na masculina e unha na feminina.

Na feminina, o Burela B derrotou ao Ribeira por 2-5. O equipo mariñao foi o último en clasificarse, logo de vencer esta semana ao Praias de Barreiros. Anteriormente goleou ao Meigallos. Foron as luguesas as que abriron a caixa dos goles xa no 4', aínda que ao minuto seguinte as laranxas xa tiñan empatado e lograron abrir fenda ata o 1-4 antes da pausa. Na segunda metade, o Burela B volveu marcar e achegouse pouco despois o Ribeira de novo.

Na Primeira División, o Korreo Guitiriz



gañou con moita solvencia ao Insuas do Miño Galical Rábade (8-0). O guitiricense xa vencera ao Lugo Sala, Meigallos e Praias de Barreiros nas fases anteriores.

Na Segunda División Masculina o FSF Castro superou por un axustado 6-5 ao equipo sarriao Luisitalia. O primeiro venceu ao Punto de Encuentro na semifinal e anteriormente ao Cubelas e Samos Fútbol. A primeira parte foi un monólogo do chairego que ampliou o marcador ata o 4-0. Na segunda, o visitante recuperou terreo ata chegar a estar empatados

4-4 e despois 5-5. O gol da vitoria entrou sobre a bucina.

O vicepresidente da Deputación de Lugo Efrén Castro entregou os premios aos equipos campións e subcampións, aos que felicitou polo xogo e a emoción coa que disputaron as finais e destacou o interese e a expectación que despertaron nos partidos, que encheron de público o pavillón guitiricense.

A Vicepresidencia da Deputación financia a Copa cunha achega de 22.200 euros (un dez por cento máis que na última edición).

“Esprememos o equipo e planificamos ben a tempada”

O Club Altrúan de Ribadeo forma piragüistas dende o ano 1982

Lucía Blanco

Levan formando piragüistas dende o 1982 e poñendo en valor este deporte en Ribadeo e en toda a provincia. “Botou a andar como parte dunha iniciativa máis extensa de facer un club municipal de deportes que ía ser multidisciplinar. Finalmente, só cristalizou o baloncesto e a sección de piragüismo que se chamou club Altrúan”, lembra o José Ángel Fernández, o presidente. Entre os seus membros, contan con deportistas recoñecidos, exemplo de traballo e constancia, en liña coa filosofía da entidade que fomenta valores como o esforzo e a dedicación e que aumenta o seu medallero con resultados como os da Copa Deputación 2024, onde lograron 7 ouros, 1 prata, 7 bronzes e un terceiro posto por clubs.

Son un clásico desta disciplina na Mariña. Cantas licenzas suman?

Andamos nuns 70 socios, dos cales licenzas deben ser entre 20 e 50. No que é na sección de kayak de mar son adultos, da trintena para arriba e na de competición son menores

de idade entre prebenxamíns e xuvenís.

Contan con dúas seccións puxantes. Temos dúas seccións e cada unha delas ten unha vida máis ou menos independentemente e o seu propio adestrador. No de competición ata agora había dous, pero hoxe en día contamos cun só, con Ramón Cabo de Vila que leva todos os grupos de adestramento. Da de kayak de mar encárgase Ito.

Campións galegos no de K2-1500m prebenxamín/benxamín e alevín, unha prata no Campionato Galego de infantís K2-3000m e unha prata e un ouro no de K1 prebenxamín, benxamín e alevín. Os vos resultados acompañanos regata a regata. Cal é o segredo?

Esprememos o equipo coma un limón. Eu creo que planificamos ben a tempada, exprémense todos os recursos que temos, porque temos escolas deportivas moi curtas respecto doutros equipos. A cada rapaz sacámoslle o máximo rendimento que se pode falando en termos de economía deportiva.

Nese novo curso os obxectivos seguen as liñas anteriores?

Apostamos pola consolidación, seguir na mesma pauta que estamos seguindo. É unha fórmula ensaiada que mantemos dende fai uns 8-9 anos e está dando os seus froitos. Todos os anos fas algunha corrección, sexa circunstancial ou por criterio de que debemos replantear cousas. Intentamos aplicar a experiencia adquirida na planificación deportiva.

Que condicións precisa un bo piragüista?

Basicamente hai tres tipos de cualidades. As temperamentais son absolutamente definitorias porque o piragüismo é un deporte de perfil atlético, a priori moi esixente fisicamente e tamén a nivel mental e temperamental. Despois están as cualidades aptitudinais e as físicas que é algo inevitable ao final, xa que non nacemos todos igual.

Entón non hai bo padexeiro sen boa xenética?

A xenética é fundamental, pero sen cabeciña non hai campións de España. Nós temos varias nenas



campioas de España e teñen a xenética, as cualidades aptitudinais, pero despois teñen cabeza, porque sen ela é imposible gañar os campionatos.

Se se compara con outras prácticas deportivas estaríamos a falar dun deporte minoritario. Dáselle a visibilidade que merece?

O que é o deporte de base ten unha relativa vantaxe e é que hoxe en día o piragüismo é o deporte olímpico máis laureado. Na última Olimpíada superamos a vela e iso queiras que non danos unha proxección mediática moi grande e sobre todo os rapaces teñen uns modelos de comportamento moi bos.

Os deportistas que se inician nesta modalidade atopan grandes exemplos de esforzo, traballo e dedicación. Como inflúe contar con eses referentes?

En xeral nos deportes de corte atlé-

tico a xente que destaca a alto nivel son grandes exemplos. Igual que son necesarias as aptitudes temperamentais, non é como noutros deportes nos que o que destaca non é o mellor modelo a seguir. Os que están no equipo nacional son persoas modélicas. Entón que lle ofrece o piragüismo ao rapaz? Pois un modelo de vida e é unha dobre proxección. E iso permite desenvolver moitas sinerxias, polo que aínda que sexa un deporte minoritario e minorizado, temos a vantaxe de que non outras modalidades deportivas son capaces de mobilizar esa sinerxia social que nós si podemos.

Axuda tamén a que pouco a pouco se vaia consolidando a afección?

É un deporte que sendo minoritario atrae a un limitado número de xente, pero tamén que se fideliza moito. Unha vez que engancha de aí non saes case.

O atleta Jesús López Ares, correr como modo de vida

Este deportista forma parte do Club de Atletismo de Ribadeo e vén de participar no Frankfurt Marathon 2024, o seu 38º maratón



Por Amanda Fernández

“O maratón para min é un modo de vida, vivo para a familia e para o maratón, toda a miña vida xira en torno a isto”, reconece sen dubidalo Jesús López Ares, atleta do Club de Atletismo Ribadeo, máis coñecido como Kavarkés. Proba desta paixón é que vén de correr o seu 38º maratón con 55 anos no Frankfurt Marathon 2024. Ía cun obxectivo claro e a vista posta no maratón de Boston 2026: “Neste caso o de Frankfurt era un dos maratóns máis planos e precisaba facer unha marca de tres horas e media cos meus anos para así entrar no maratón de Bostón 2026. Decidín intentalo”.

Recoñece que adestrou como nunca na súa vida e que xa perdeu a conta dos anos que levaba correndo, pero máis de vinte. O maratón prevíase en boas condicións climatolóxicas, sen choiva, con fresco e sendo un dos máis planos. Porén, as cousas non saíron todo o vén que Jesús quería. “Os maratóns son complicados e as pernas non ían ese día como tiñan que ir”, lamenta, pero indica que fixo unha marca de 03:46 sendo “a oitava mellor marca dos 38 maratóns e a mellor que fixo desde hai seis anos e medio”.

CON NOVA YORK COMEZOU TODO.

De onde lle vén esta paixón polo maratón? Todo comezou cunha viaxe a Nova York a finais dos 90. Era a primeira vez que visitaba a cidade e coincidiulle que viaxara en outubro e o maratón era en novembro e había bandeiras a modo de anuncio. Nese intre, algo se lle meteu na cabeza: “Quedei impresionado coa cidade e pensei como sería cortar esas rúas para que ti e o resto poidan correr”. Este non foi un simple pensamento condicionado polo momento, xa que cinco anos despois, Jesús mar-

chou para Vigo por traballo e xunto a un compañeiro comezou a adestrar. “Comezamos a correr xuntos e a miña maior ilusión era correr o maratón de Nova York, así comezou todo e ata hoxe”, expresa.

O soño fíxose realidade en 2012 cando Kavarkés correu en Nova York ese soñado maratón, pero de novo xurdiu na súa cabeza unha pregunta: “E agora que? Vou intentar facer as seis Major, as seis principais carreiras do mundo: Nova York, Chicago, Boston, Tokio, Berlín e Londres”. A día de hoxe reconece que resulta moi difícil entrar nalgúns maratóns, que son por sorteo ou conseguindo fondos para asociacións benéficas. Aínda así desas seis Major xa realizou catro: “Nova York, Chicago, onde fixen a miña mellor marca de 3 horas e 23 minutos, Tokio e Berlín”. Destas o obxectivo a curto prazo é facer esa marca de menos de 3 horas e 30 minutos para acceder ao maratón de Bostón.

UN NOVO OBXECTIVO. Jesús podería definirse como unha persoa de retos. Despois de vivir en Vigo trasladouse tamén por traballo a Cataluña onde progresou como corredor “ao ter máis carreiras”. Aló viu que un home estaba correndo os maratóns en todas as cidades que foron olímpicas e botou contas de novo: “Eu tiña París e Roma, son 23 cidades olímpicas diferentes,... “. Pois a día de hoxe xa vai en 19 das 23 cidades e quedalle: Pekín, Melbourne, Sídney e Londres. Destas cidades olímpicas destaca Atenas “onde comezou o maratón con Filípedes”. Explica isto: “O maratón de Atenas, vai desde o pobo de Maratón, onde foi a batalla entre os gregos e os persas, e Atenas, percorrido que fixo Filípedes para anunciar a vitoria”.

Actualmente, tras as súas experiencias laborais en Vigo e Barcelona, tra-

balla en remoto desde a súa casa en Ribadeo. Corre coas cores do Club de Atletismo de Ribadeo en todas as carreiras, salvo nos maratóns. Isto ten historia: “Desde Nova York comecei a correr cunha camiseta de Celta, e desde entón levo a mesma en todos os maratóns”. Porén, Jesús reconece estar moi orgulloso de lucir as cores do Club durante o momento previo de recollida de dorsais e no resto de modalidades como corredor. Sinala que fan un labor increíble e que hai rapaces e rapazas que “son impresionantes”.

Que consello lles daría aos máis novos? “Que fagan o que lles gusta, a min gustábame o deporte e viaxar e puiden combinalo. Hai que ter disciplina, manterse lonxe das lesións e desfrutar do camiño para acadar eses soños”. Jesús conta que o deporte lle vén de familia porque o seu pai foi o presidente e inaugurou aló polos 80 o Club de Piragüismo Altruán de Ribadeo. Aínda con tantos maratóns, destaca que os que veñen de atrás xa se subiron a podiums e gañaron medallas: “Eu só me subín a un antes dunha carreira para facer a foto”.

O último resultado acadado en Frankfurt non lle chegou para o obxectivo de Boston 2026, pero ten outras opcións. “Ou facía esa marca de menos de tres horas e media ou hai un sorteo para os que temos catro ou cinco Major, así que vou participar”, apunta. No caso de que lle toque ese sorteo, o 27 de novembro saberá se pode ir a Boston en abril do 2025. Se finalmente a sorte non está do seu lado, Kavarkés fará por que as súas pernas respondan da mellor maneira en febreiro en Malta: “Preciso acadar esta marca mínima que non conseguín en Frankfurt e así chegar ao maratón de Boston 2026”. Todos os camiños conducen a Boston!



Markytos lévase a navalla no Aberto do Ferro de billarda da Pontenova

Por Daniel Rodríguez Saavedra

Fermosa mañá de domingo, aínda que ventosa, no campo da mina da Pontenova, onde nos xuntamos 81 paladores (56 homes, 15 donas e 10 cativos) para disputar o XIII Aberto do Ferro.

O gañador absoluto da navalla foi Markytos, quen comentou que lle tiña moitas ganas e que finalmente a conseguira. Segundo, o seu compañeiro Basilio e terceiro Collazo, do equipo Foucellas da Coruña.

Alba foi a mellor das donas (nas

tres xornadas foi terceira, segunda e hoxe, primeira), e Geni e Pamela acompañárona no podio feminino.

En infantís, Mateu, Diego e Mateo foron os mellores, aínda que tódolos cativos levaron un fermoso agasallo. En equipos os Billardeiros Musicais gañaron a xornada acortando a só tres puntos a diferenza cos líderes da tempada. Segundo posto para Troitas Bravas e terceiro para Carabullo.

Rematamos a xornada cun inmoltable xantar de irmandade.



Remata en Ribadeo o primeiro Torneo de Baloncesto de Veteranas

Coa entrega de trofeos e libros conmemorativos rematou en Ribadeo o Nordeo, o I Torneo de Baloncesto Interautonómico de Veteranas, que reuniu durante a oito clubs, cinco galegos e tres asturianos.

O concelleiro de Deportes, Francisco José Silvent, fai un balance moi positivo deste evento deportivo: “As Federacións Galega e Asturiana, organizadoras do Nordeo, apostaron polo baloncesto, polos seus valores e polas implicacións na vida deportiva máis aló dos 35 anos. Queremos felicitar a todas as participantes, aos organizadores e tamén ao CB Ría de Ribadeo

por colaborar xunto ao Concello para que esta cita fose unha realidade”.

O edil engadiu: “Agardamos repetir esta experiencia en anos sucesivos”. No acto de entrega de trofeos e libros conmemorativos participaron o concelleiro de Deportes de Ribadeo, así como representantes do Gijón Baskete e da Federación Asturiana de Baloncesto. Esta primeira edición do Nordeo contou tamén coa colaboración de Gestión Gratelu, que achegou o seu compromiso con este torneo, a través da acción de respaldo á Asociación Española Contra o Cancro.

DE RUTA EN RUTA

Alfoz: Ruta da Pena Abaladoira

O camiño, que comeza no Castro de Ouro, permite achegarse á natureza, á historia e ao patrimonio da vila

A Ruta da Pena Abaladoira ofrece historia, arte e natureza por partes iguais, permitindo aos camiñantes gozar da riqueza artístico-cultural da vila e dunha paisaxe dominada polas parroquias, as terras de labor ou os muros de pedra. Constitúe a mostra perfecta da sincronía entre os alfoceses e a natureza. O percorrido comeza no Castro de Ouro, verdadeiro emblema do concello de Alfoz, que tivo a súa orixe nun asentamento castrexo. Desta construción, só se conserva as estruturas exteriores da torre homenaxe da primitiva fortaleza, xa que ao redor do século IX unha familia da meseta, apoiada pola monarquía asturiana, funda o mosteiro familiar no século XI baixo o poder da diocese de San Martiño de Mondoñedo que o fortifica. A ruta tamén pasa polo Pazo de Carrocode, xoia da enxeñería civil do barroco galego local que data de decembro de 1686 e conserva dous portalóns de entrada en forma de arco de medio punto, e tamén polo Pazo de Rizal, mara-



DATOS



4h.30'



18 quilómetros

Dificultade
Baixa

biloso exemplo da arquitectura local adaptada ao medio natural. Data do XVIII e está composto por un único núcleo central de planta rectangular, con dúas plantas, realizada en boa cantería. Na fachada principal presenta unha fermosa balconada de ferro forxado.

O conxunto complétase pola par-

te posterior dun muro de perfecta cantería sobre o que repousan catro escudos de armas e tamén hai un portalón adintelado co escudo de armas da familia e inscrición relativa á súa liñaxe: Vega, Varela, Partierra e Marrube. Leva ao viaxeiro por dous paraxes naturais como son a serra do Xistral e a Fervenxa do Escouridal, para

terminar nunha xoia megalítica como é a Pedra Abaladoira. O destino final deste é esta máxica pena, empregada desde tempos inmemoriais con fins máxicos e relixiosos, ligados á fertilidade, e tamén para decidir a culpabilidade dos acusados nos xuízos.

Trátase dun gran óvalo granítico que funciona como exemplo do

que é a pedra de abalar, aquelas que, situadas en equilibrio, podíanse mover a través dun certo impulso. En xeral, é un camiño que convida a percorrer a práctica totalidade da extensión municipal de Alfoz. Todo o percorrido, agás o tramo de acceso da estrada á Pena, discorre por estradas asfaltadas.



CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA



INNOVACION, COMPROMISO Y GARANTIA



EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL



CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³



ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!



RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

NOVEDAD

www.corbarsll.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com